

xermade

Abriu o Centro Internacional da Torneiría na remodelada antiga reitoral. **Páx. 11**

guitiriz

Guitiriz convertirá o fenómeno do eclipse do día 12 nunha romaría. **Páx. 12**

pol

O novo PAI de Mosteiro podería estar operativo no mes de novembro. **Páx. 18**

castro de rei

Deron comezo as obras de mellora do conxunto histórico da vila. **Páx. 23**

deportes

Este mes celebraranse a carreira de Meira e a nocturna de Vilalba. **Páx. 29**

As Pontes cambia a cara tras demoler as torres



Completa visita de Jordi Hereu a Vilalba

O ministro de Industria supervisou as obras do Concello e o Parador e visitou Entrepinares. **Páx. 2**

Agosto trae festas e festivais á comarca

Castro Ribeiras de Lea, Meira e Xermade teñen patronais, ademais das citas musicais do Pozomouro e o 27373.

Francisco Narla



Entrevista ao escritor friolés, cautivado polas viaxes. **Páx. 10**

Obradoiro de Soños



A asociación de Parga prepara un cros logo do éxito da Feira de Nadal. **Páx. 13**

Deporte en feminino



18 deportistas da provincia protagonizan a axenda da Deputación. **Páx 30**

Galicia fai fronte ás altas temperaturas

As vagas de calor e os incendios falan de cambio climático real na comunidade. **Páx. 26-27**

¡REBAIXAS!

MESMA CALIDADE CON PREZOS ESPECIAIS

@novalux_aspontes_vilalba

Nº R.S. E-27-000053 / E-27-000053 - Nº R.S. E-15-000024 / E-15-001170

NOVALUX

óptica & centro auditivo



Patrimonio dos Ancares quere protexer unha histórica fonte de Tardade

O Colectivo Patrimonio dos Ancares solicitará ao Concello de Vilalba e á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia a protección e posta en valor da fonte de Portomedroso, situada xunto á capela da Anunciación, na parroquia de Tardade. A entidade considera que este enclave reúne un destacado valor histórico, etnográfico e patrimonial, ao conservar unha singular fonte tradicional vinculada á memoria popular e á posible existencia dun antigo mosteiro medieval.

A fonte está construída con sillares de granito de boa factura e presenta un arco lixeiramente apuntado, un elemento arquitectónico característico do gótico que comezou a empregarse na Baixa Idade Media, aínda que tamén perdurou posteriormente na arquitectura popular. Na parede do fondo consérvase unha peaña onde, segundo todo indica, estivo colocada unha imaxe relixiosa.

Segundo a tradición oral recollida polo colectivo, a fonte foi durante décadas un lugar moi concorrido polas propiedades curativas que se

lle atribúen ás súas augas, especialmente para eliminar as verrugas. O costume indicaba que o remedio só era efectivo se a persoa se lavaba coa auga durante nove días consecutivos. Ademais, o manancial tamén era empregado antigamente como lavadoiro, función da que aínda quedan testemuñas nas tres grandes laxes inclinadas situadas sobre o rego que nace da propia fonte.

A relevancia histórica do lugar podería ir máis alá. O Colectivo Patrimonio dos Ancares lembra que existen referencias á posible existencia dun mosteiro nas inmediacións. A primeira delas procede do escritor e historiador vilalbés Manuel Mato Vizoso, membro da Real Academia Galega, quen antes da súa morte, en 1909, realizou un debuxo dunhas pedras no que anotou a lenda “Tardade. Ruínas del monasterio de San Juan”. Posteriormente, os investigadores Francisco González Peteira e José Manuel Abel Expósito tamén recolleron información sobre a existencia dese antigo edificio monacal.

O ministro de Industria visita o concello, Entrepinares e o Parador

Vilalba recibiu a visita do ministro de Industria e Turismo, Jordi Hereu Boher, que continuou así a súa rolda de encontros e visitas institucionais por Galicia. Ao longo da mañá percorreu tres puntos destacados do municipio: a Casa do Concello, a planta de produción do Grupo Entrepinares e o Parador de Turismo.

A finalidade da visita foi comprobar sobre o terreo o avance de diferentes actuacións impulsadas con financiamento do Executivo central, especialmente as obras de rehabilitación executadas tanto no edificio consistorial como no Parador.

A primeira parada tivo lugar na Casa do Concello, onde Hereu foi recibido pola alcaldesa, Marta Rouco, xunto a membros do goberno municipal. A intervención realizada no inmovible municipal permitiu modernizar as instalacións e mellorar tanto a súa eficiencia enerxética como as condicións de accesibilidade. Os traballos concentráronse principalmente na renovación da cuberta e da fachada, aínda que tamén se acometeron actuacións no interior para adaptar os espazos ás necesidades actuais da administración local.

O investimento total ascendeu a 1,1 millóns de euros, dos que 943.000 foron achegados polo Goberno central a través do Programa de Impulso á Rehabilitación de Edificios Públicos (PIREP).

Tras asinar no Libro de Honra do Concello, o ministro percorreu as dependencias municipais para coñecer o resultado das actuacións realizadas. Un dos espazos que máis atención concentrou foi a planta su-



perior, transformada nun amplo salón destinado ás sesións plenarias e complementado cunha nova terraza exterior, actualmente nos seus últimos traballos de execución.

VISITA ENTREPINARES. Unha vez rematada a visita á Casa do Concello, a comitiva desprazouse ata as instalacións do Grupo Entrepinares, unha das compañías con maior peso económico e industrial da comarca, que actualmente afronta un ambicioso proceso de crecemento.

A empresa anunciou o pasado mes de xuño un investimento de 20 millóns de euros na súa planta de Vilalba para poñer en marcha unha nova liña de produción de queixo cottage, que traerá consigo a creación de 60 novos postos de traballo en distintas áreas da empresa.

Durante a visita, Jordi Hereu puxo en valor esta aposta industrial, que definiu como unha iniciativa de gran relevancia pola súa capacidade para

xerar innovación, impulsar as exportacións e fortalecer o sector primario. Neste sentido, destacou que a industria agroalimentaria afronta importantes desafíos, entre eles a necesidade de incrementar o valor engadido dos seus produtos, e sinalou a Entrepinares como un exemplo de referencia neste ámbito.

A última parada da xornada tivo lugar no Parador de Vilalba, situado na emblemática Torre da Homenaxe, un dos símbolos patrimoniais máis recoñecibles da localidade. Como recordo da súa visita, o ministro recibiu do Concello unha reprodución en cerámica de Sargadelos deste histórico monumento.

Nas instalacións do establecemento, Hereu percorreu os distintos espazos da torre e interesouse polas actuacións levadas a cabo nos últimos dous anos. Tamén visitou a súa azotea, que foi obxecto dunha recente rehabilitación financiada con fondos europeos Next Generation.

PELUQUERÍA

UNISEX

CON SERVICIO A DOMICILIO

Avenida Terra Cha, 125 Baixo

659 093 512

TA

TECNOAGRI

Maquinaria Agrícola, Técnica e S.L.

DeLaval

Avenida de Outeiro de Rei, 57 - Castro Ribeiras de Lea

Teléfono: 982 330 465

A Xira dos Maiores volverá abrir as festas patronais o día 26

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, e a concelleira Paula Vigo presentaron a programación da Xira dos Maiores 2026, unha cita que volverá converterse no acto encargado de abrir as festas de San Ramón e Santa María co obxectivo de seguir desgranando o programa festivo.

A xornada celebrarase o mércores 26 de agosto na explanada da área recreativa da Madalena, cun programa pensado para favorecer a convivencia, o reencontro e o desfrute das persoas maiores do municipio.

As actividades darán comezo ás 12:30 horas cunha misa cantada pola Coral Luar, á que seguirá unha sesión vermú amenizada polo Dúo Venus.

Ás 14:30 horas terá lugar o tradicional xantar popular, cun menú composto por xamón cocido, polbo, churrasco e criollo, sobremesa, pan, bebida e café, cun prezo de 20 euros por persoa.

O Concello de Vilalba, a través da Concellería de Servizos Sociais, asu-



mirá unha parte importante do custo do menú co obxectivo de que o prezo non supoña un impedimento para a participación de ningunha persoa maior que queira asistir á xornada.

Será imprescindible anotarse previamente, podendo facelo no punto de información da Casa do Concello ou chamando ao teléfono 982 51 03 05, sendo o 21 de agosto a data límite

para formalizar as inscricións.

Ao remate do xantar, a celebración continuará cunha tarde de baile que volverá estar amenizada polo Dúo Venus. A iniciativa está organizada pola Alcaldía e pola Concellería de Servizos Sociais, dentro da liña de traballo que vén desenvolvendo para promover espazos de encontro, convivencia e participación para as persoas maiores do municipio.



Destacan o labor de Forma-T pola conexión co tecido empresarial

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, acompañado pola directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, Zeltia Lado, reuniuse recentemente con representantes do Grupo Forma-T para analizar as vías de colaboración no ámbito da formación axustada ás necesidades do tecido empresarial co fin de optimizalas. Neste encontro tamén se puxo de relevo a aposta do Goberno galego por un modelo formativo flexible e que atenda ás demandas de man de obra das empresas.

Alí, o conselleiro puxo de manifesto o labor de entidades como o Grupo Forma-T neste ámbito e salientou o potencial das instalacións e equipos desta empresa especializada na formación en sectores como o eólico, marítimo ou forestal e con sede en Vilalba. Unhas dotacións que facilitan a práctica de distintas tarefas e a simulación de situacións que se poden dar no ámbito laboral co fin de fortalecer a cualificación do alumnado en conexión co que precisa o tecido produtivo. Ademais, González salientou a importancia de reunións de escoita

coma esta para a mellora continua das políticas activas de emprego e a prol dun modelo formativo máis áxil e orientado á inserción laboral. Con ese fin, a Xunta conta con distintos apoios tanto de persoas ocupadas como desempregadas.

Entre eles, os destinados a accións formativas para persoas desempregadas (AFD), unha iniciativa que foi redeseñada para reforzar a súa eficacia e do que a edición deste ano está aberta cun orzamento total de 60 millóns de euros tras ser ampliado en 20 millóns debido á súa alta demanda. Outra iniciativa neste ámbito, tamén con convocatoria de axudas aberta, é Galicia Suma Talento: Plan de formación empresas, destinada as empresas ou centros acreditados para impartir formación profesional en Galicia, como Forma-T. A ela destínanse 8,5 millóns para o período 2026-2027 e permitirá cualificar persoas desempregadas con accións formativas directamente demandadas polo tecido produtivo e cun compromiso de contratación de entre o 40 % e o 60 % do alumnado participante.

Lanzós e Árbol celebrarán o 8 as festas

Lanzós celebrará o 8 de agosto a súa festa na honra a San Salvador. A xornada dará comezo ás 13.30 horas coa misa solemne e a posterior procesión na honra ao patrón. Ao remate dos actos litúrxicos celebrarase a sesión vermú, que estará amenizada polo dúo Carlos e Javi.

A continuación terá lugar a tradicional comida campestre no campo da festa. O menú estará composto por xamón cocido, polbo, costela asada, milfollas de sobremesa, viño tinto e godello, café e chupito, cun prezo de 37 euros. Ademais, haberá un menú infantil por 20 euros para nenos e

nenas de entre 6 e 10 anos, mentres que os menores de 5 anos poderán asistir de balde. Pola tarde continuará a festa cunha sesión de baile amenizada de novo por Carlos e Javi, aos que se sumará Puzzle Animación para completar unha proposta musical pensada para todos os públicos.

ÁRBOL. A parroquia de San Lourenzo de Árbol tamén celebrará esa fin de semana as súas patronais.

A programación comezará o sábado 8 de agosto coa misa solemne ás 13.30 horas, seguida da procesión, que estará amenizada polo grupo

Cerna de Árbol. A continuación terá lugar a sesión vermú coa actuación de JB Son. Pola noite, a celebración continuará cunha gran verbena protagonizada por JB Son e o grupo París de Noia, unha das formacións máis recoñecidas do panorama musical galego.

O domingo 9 de agosto volverá celebrarse a misa solemne ás 13.30 horas, seguida da procesión, tamén acompañada musicalmente por Cerna de Árbol. A sesión vermú dará paso á última xornada festiva, que rematará pola noite cunha verbena amenizada pola Orquestra Stereo.



CLÍNICA DENTAL TEST
CENTRO DE ODONTOLOGÍA
E IMPLANTOLOGÍA

Camiño Real, 36-38 Entlo

982 228 428 • 608 938 993

A campaña de verán dos empresarios supera as 5.400 persoas e ten xa os primeiros gañadores

A campaña de verán *Marcho que teño que marchar* volveu demostrar o compromiso da veciñanza co comercio local. A iniciativa, organizada pola Asociación de Empresarios de Vilalba entre o 22 de xuño e o 5 de xullo, pechou cunha das mellores cifras de participación de todas as campañas promovidas pola entidade, acadando un total de 5.449 participacións.

Durante dúas semanas, centos de clientes apostaron por realizar as súas compras nos establecementos asociados, apoiando o comercio de proximidade e entrando no sorteo de 1.000 euros en vales de compra, repartidos en dous premios de 500 euros cada un.

Unha vez realizado o sorteo, as persoas agraciadas foron Dolores Carballeira e Ana Ferreiro Lozano, que poderán gozar dos seus premios efectuando compras nos comercios asociados á Asociación de Empresarios de Vilalba, contribuíndo así a que estes 1.000 euros continúen xerando actividade económica na vila.

Desde a Asociación de Empresarios de Vilalba queren agradecer a extraordinaria resposta da clientela e tamén a implicación dos establecementos participantes, que volveron facer posible o éxito dunha campaña deseñada para dinamizar o comercio local durante o inicio da tempada estival.

Ademais, formar parte deste grupo ten premio, xa que todos os meses a Asociación realiza sorteos de vales de compra para gastar no comercio de Vilalba entre as persoas integrantes. Desde a entidade animan á veciñanza a sumarse a esta canle para non perder ningunha das próximas campañas e oportunidades.

Disquetera e DJ Mr. Fishman pechan o ciclo musical ‘Seráns con son’

O Concello de Vilalba continúa coa nova proposta para este verán baixo o nome de *Seráns con son*, un ciclo musical que levará á alameda Basanta Olano un total de 7 actuacións ao aire libre entre os meses de xullo e agosto.

As actuacións celébranse todos os xoves do mes de xullo e o primeiro de agosto ás 20:30 horas, ademais dunha última cita especial o martes 11 de agosto, coincidindo coa xornada previa ao eclipse solar, arredor do que o Concello está a preparar tamén unha programación específica que será presentada nas próximas semanas.

A programación de *Seráns con son*, que conta coa colaboración de A Pravia, Esmorga, Xanela e Momentos, estará formada por propostas musicais variadas e en formatos próximos e adaptados ao espazo

da alameda. Aí xa pasaron: The Swinging Flamingos, Terrae & Nastasia Zürcher, César de Centi, Silvia Penide e Bela & Charlo.

A seguinte actuación será o 6 de agosto con o galego Disquetera, que ofrecerá versións pop e rock. O día 11 será o final do ciclo con DJ Mr. Fishman, que ofrecerá unha selección especial previa ao eclipse.

Durante a presentación, desde o Concello explicouse que este novo ciclo non se entende como unha programación illada, senón como parte dunha estratexia máis ampla para reforzar a actividade social en Vilalba ao longo de todo o ano.

Desde o Concello animan á veciñanza a participar nesta primeira edición de *Seráns con son* e a incorporar estas citas musicais á programación estival do municipio.

O PP esixe ao goberno vilalbés “liderar” a ampliación do polígono

O PP de Vilalba esixiulle ao Concello que o goberno local “lidere” as actuacións precisas para “facer realidade unha nova ampliación do polígono Sete Pontes”. Os populares aseguran que “a dispoñibilidade de solo industrial competitivo é un factor determinante para atraer actividade económica, favorecer o emprendemento e fixar poboación” e afean que “o goberno de PSOE e Vilalba Aberta non avanzaran nada nunha cuestión que é prioritaria para o municipio. Moito se leva falando, pero nada se materializa”, apuntan.

Así, esixen “avanzar” na redacción dos estudos técnicos e urbanísticos precisos, analizar alternativas dispoñibles, definir o ámbito da futura ampliación e elaborar unha proposta de ordenación “que permita incrementar a oferta de solo industrial e responder ás necesidades actuais e futuras das empresas”.

Tamén esixen avanzar na ordenación e “iniciar a instalación e revisión dos hidrantes, bocas de incendio e bocas de rego, aumentando en caso necesario tanto caudal como presión naquelas zonas tanto do casco urbano como do polígono industrial”.

Os populares sempre defenderon a ampliación do polígono industrial como “prioritaria” para Vilalba polo que tamén piden ao goberno municipal “informar trimestralmente á Corporación sobre o estado de tramitación dos traballos realizados e das xestións efectuadas ante as distintas administracións”.

O polígono industrial é un dos principais motores económicos do Concello de Vilalba e da comarca da Terra Chá. E a elevada ocupación das parcelas dispoñibles nos últimos anos evidencia a necesidade de planificar

unha nova ampliación do solo industrial. “A falta de espazo limita tanto a chegada de novos investimentos como a posibilidade de que empresas xa implantadas poidan ampliar as súas instalacións, o que supón unha perda de oportunidades para Vilalba”, segundo consideran dende o Partido Popular.

O Grupo Municipal Popular de Vilalba tamén pediu que se adopten as medidas necesarias para a retirada e correcta xestión dos residuos e contedores fóra de uso depositados nunha parcela xunto á vía pública.

Por outra banda, reclaman ao goberno local “a mellora da seguridade, accesibilidade e funcionalidade da área para autocaravanas” que constitúe un importante servizo para a promoción turística do municipio, pero que presenta deficiencias.

Os concelleiros explican que o sistema de abastecemento de auga non funciona correctamente impedindo o acceso dos usuarios a este servizo básico e indispensable que pode supoñer unha mala valoración tanto da instalación como do destino turístico. Ademais, a localización en Google Maps e noutras plataformas dixitais é imprecisa polo que pode dificultar que os usuarios a atopen.

Os concelleiros do PP tamén esixen explicacións ao goberno do Concello sobre o estado das vías municipais das parroquias, a renuncia á contratación da brigada municipal contra incendios, as actuacións que previstas para dar solución ás altas temperaturas que se rexistran na Biblioteca Municipal de Vilalba e a regulación do tráfico na rúa Basanta Silva a través do bolardo que durante os fins de semana permanece baixado en horario de mañá.

CENTRO SOCIOCOMUNITARIO



Un total de 630 persoas participaron nas actividades ofrecidas no primeiro semestre do ano no Centro Sociocomunitario da Xunta en Vilalba. Neste período impartíronse máis dunha trintena de actividades formativas, como cursos de informática, de estimulación cognitiva ou de ximnasia, e tamén se desenvolven ao longo do ano obradoiros sobre distintas materias e xornadas de lecer. Ademais, a Xunta oferta os servizos de podoloxía e fisioterapia, que foron utilizados por case 500 usuarios.

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com

DESEÑAMOS PROXECTOS MODULARES PERSONALIZADOS

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

Prolavi, 20 anos medrando como referente da protección laboral

A empresa creada por Carlos Pita e Rosa Lozano pasou dun pequeno local a unha firma con 18 traballadores e presenza en Galicia e Asturias

O que comezou en setembro de 2006 como unha aposta persoal de Carlos Pita e Rosa Lozano nun pequeno local de apenas 60 metros cadrados en Vilalba converteuse, dúas décadas despois, nunha das empresas galegas de referencia no ámbito da protección laboral. Protección Laboral Vilalba (Prolavi) conseguiu medrar de forma constante ata superar os tres millóns de euros de facturación anual, cun equipo formado por 18 persoas e unha estrutura que lle permite prestar servizo en toda España.

Os primeiros anos non foron doados. Despois de traballar durante varios anos como técnico de prevención no sector industrial, Carlos Pita decidiu emprender xunto á súa muller un proxecto propio. Arrincaron practicamente desde cero, compaxinando a actividade da empresa con outros empregos para poder reinvestir todos os ingresos no negocio.

Ao principio atopáronse con importantes dificultades. Moitos provedores desconfiaban dunha empresa tan pequena e algunhas das princi-

pais marcas do sector tardaron anos en concederlles representación. Sen persoal contratado durante os dous ou tres primeiros anos, foron asentando as bases dun proxecto empresarial que foi medrando paso a paso. Ese crecemento produciuse de maneira sostida. Co paso do tempo incorporaron novos traballadores, ampliaron a carteira de provedores e abriron novas instalacións. Na actualidade contan con tendas físicas en Vilalba e Viveiro, unha delegación en Oviedo e un centro loxístico situado no polígono industrial vilalbés, desde onde distribúen pedidos a clientes de toda España.

PROVEEDORES. Un dos piares dese desenvolvemento foi o apoio dunha ampla rede de provedores, que supera xa as 300 empresas, e, sobre todo, o equipo humano que integra Prolavi. A compañía considera que o seu principal valor son as 18 persoas que forman parte do cadro de persoal, responsables de facer posible a participación en grandes proxectos industriais e en licitacións de ámbito

nacional. A evolución da empresa tamén se aprecia nos servizos que ofrece. Se nun primeiro momento estaba centrada no subministro de vestiario laboral e equipos de protección individual, hoxe preséntase como un proveedor integral para empresas de múltiples sectores.

Entre os seus servizos destaca o taller propio de personalización téxtil, ao que se suma o renting e lavado industrial de roupa de traballo para clientes de Galicia, Asturias e León.

Outro dos ámbitos nos que Prolavi logrou unha importante especialización é o da instalación de proteccións colectivas, como liñas de vida, redes de seguridade ou varandas perimetrais. A empresa executa estes traballos con persoal propio, encargándose tanto do deseño como da montaxe, certificación e inspección das instalacións.

Como novidade máis recente, a compañía obtivo a representación de Biosafety para distribuír exoesqueletos industriais no noroeste peninsular. Trátase dunha tecnoloxía orientada a reducir o esforzo físico



dos traballadores e previr lesións musculoesqueléticas, unha solución que, segundo explican desde a empresa, está a ter unha boa acollida nas presentacións realizadas en distintas industrias.

A innovación continúa marcando a folla de ruta da compañía. Nestes momentos está inmersa na implantación dun novo sistema de xestión baseado en intelixencia artificial e na

renovación integral da súa tenda en liña, que prevé poñer en funcionamento a comezos de 2027.

Con máis de 5.000 referencias no seu catálogo e un equipo de técnicos especialistas en prevención de riscos laborais, Prolavi mantén o mesmo obxectivo co que naceu hai vinte anos: ofrecer asesoramento técnico e solucións adaptadas ás necesidades de cada empresa.

ROMARÍA DA ECLIPSE

12 de agosto de 2026 - Dende as 19:00 h - Santa Mariña

PROGRAMACIÓN:

19:00 h Actuación musical de "Soul&Roll" na zona Campo da Festa

19:30 h Observación da Eclipse Solar na zona Monólito "Irmáns da lexía" e reparto de lentes protectoras até esgotar existencias

20:45 h Actuación musical de "Soul&Roll"

ORGANIZA:



COLABORA:



XUNTA
DE GALICIA

O BNG critica o atraso do parque canino da Canle IV e reclama melloras na execución

O BNG denunciou a situación do parque canino da Canle IV, que considera un exemplo da “conduta propagandística do goberno local e da falta de planificación”. A formación sinala que a actuación foi anunciada en abril de 2023 xunto coa creación dun segundo parque no lago, pero asegura que, tres anos despois, o primeiro continúa inacabado e o segundo segue sen executarse. Segundo lembra, o goberno presentara hai tres anos o proxecto dos dous parques caninos: un na Canle IV, dotado de peche perimetral e pérgola de madeira, e outro no lago, que incluíría unha zona de baño adaptada. O BNG indica que a previsión inicial era que o parque da Canle IV estivese operativo en xuño de 2023, pero afirma que as obras aínda non remataron e que o peche continúa incompleto. En canto ao parque para o Lago, lembra que foi reclamado por máis de 1.500 veciños desde 2016 e pero que hoxe non está en marcha ningunha actuación. A formación asegura que a actuación realizada ata o momento consiste nunha explanada de grava equipada con distintos elementos de *agility*, pero sen bancos e cun peche que, ao seu xuízo, non cumpre a súa función.

A chegada dos primeiros barcos de SAIC marca o inicio do proxecto

A chegada do buque portavehículos Anji Forever ao porto de Ferrol marcou un fito para a economía galega e o inicio visible do desembarco da multinacional chinesa SAIC en Galicia. O barco descargou arredor de 700 vehículos da marca MG nunha operación que supón o primeiro paso dun proxecto industrial que aspira a converter Ferrolterra e As Pontes nun novo polo estratéxico da automoción europea.

O acto institucional celebrado nas instalacións portuarias reuniu a representantes das principais administracións e do tecido empresarial. Máis alá da chegada dos vehículos, a operación simboliza o comezo dun investimento estratéxico que contempla a construción da primeira fábrica de coches eléctricos de SAIC en Europa no porto exterior de Ferrol e a creación dun centro loxístico nas Pontes. O proxecto prevé unha inversión inicial de 200 millóns de euros, a creación de arredor de 2.300 empregos directos e indirectos e unha capacidade produtiva de ata 120.000 vehículos anuais, coa previsión de que as instalacións estean operativas antes de finalizar o ano 2028. O vicepresidente de SAIC, Wu Bing, cualificou a xornada como un mo-



mento histórico para Ferrol e destacou que a chegada do primeiro barco representa un “arranque exitoso” da compañía en Galicia. Segundo explicou, a actividade xa está a xerar emprego a través das operacións de descarga, almacenamento e loxística, e asegurou que o crecemento do proxecto permitirá crear máis postos de traballo estables e de calidade. Tamén avanzou que a empresa apostará pola colaboración coas compañías galegas e pola integración no tecido económico da comunidade. Valentín González Formoso puxo o acento no impacto que terá a implantación de SAIC. O presidente da Deputación destacou a importancia da colaboración entre administra-

cións para facer realidade un proxecto que, segundo indicou, contribuirá a reforzar a industria auxiliar, a actividade loxística e a creación de emprego nun territorio que afronta desde hai anos o reto da transición industrial e enerxética. A relevancia das Pontes dentro da iniciativa é especialmente significativa, xa que albergará o centro loxístico da compañía, converténdose nun nodo clave para a distribución dos vehículos e para a futura actividade industrial asociada ao proxecto. A implantación de SAIC supón así unha oportunidade para impulsar a reindustrialización da comarca e abrir novas expectativas económicas tras o peche da central térmica.

Terá lugar o aniversario do lago cunha nova sesión de Mar de Lecer

As Pontes celebrará o 7 de agosto unha nova edición do Mar de Lecer, un evento para conmemorar un novo aniversario do lago, símbolo da transformación ambiental.

A festa dará comezo ás 18:00 horas coa actuación de Fredy Circanelo, que achegará ao público un espectáculo de circo contemporáneo e teatro de rúa. Ás 20:00 horas, Troula Animación presentará *Psicodelia*, un espectacular pasarrúas inspirado na estética psicodélica, no que a cor, a música e a fantasía invadirán o lago. A música tomará o relevo ás 21:30 horas coa actuación de Galifunk Brass, que chega ás Pontes coa súa Xira 26. A formación galega ofrece un directo cheo de forza e enerxía, no que mestura a potencia das *brass bands* cos ritmos do funk, o rock, o ska, o jazz e outros estilos actuais. Ás 23:00 horas, o lago volverá ser o escenario dun espectáculo pirotécnico, un dos momentos máis agardados da xornada.

A celebración rematará a partir das 23:15 horas coa sesión de DJ Chiña, que será a encargada de poñer o broche final á noite cunha proposta musical dinámica e festiva, combinando temas actuais e éxitos de diferentes estilos para manter o ambiente e despedir a xornada bailando.

Rematan as obras da avenida da Habana e da estación náutica

O Concello das Pontes vén de finalizar as obras de mellora de servizos e pavimentos na Avenida da Habana, no tramo comprendido entre o número 99 e o cruce coa rúa Cabanas, no centro urbano da vila, unha actuación orientada a mellorar a accesibilidade, a seguridade viaria e a calidade dos espazos públicos. O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, visitou a zona tras a finalización dos traballos para comprobar o resultado da intervención, destacando a importancia desta actuación para a modernización das infraestruturas urbanas e para ofrecer á veciñanza unha contorna máis cómoda, segura e accesible. As obras, adxudicadas á empresa Cholo S.L., contaron cun orzamento de 166.538,11 euros, financiados con fondos da Deputación. Entre os traballos executados destaca a creación dunha nova rede separativa de pluviais e a renovación da iluminación pública coa instalación de tecnoloxía LED. Sumouse a reconstrución completa das beirarrúas

con materiais accesibles e acordes coa estética da contorna, así como a creación dunha plataforma única para favorecer a accesibilidade universal e facilitar os desprazamentos peonís. Ademais, a calzada foi renovada. Dentro da actuación tamén se instalou novo mobiliario urbano, como papeleiras e xardineiras de madeira tratada, e executouse a sinalización horizontal necesaria, incluíndo pasos de peóns e prazas accesibles.

ESTACIÓN NAÚTICA. González Formoso, acompañado do vicepresidente provincial e responsable da área de Turismo, Xosé Regueira, e a concelleira de Turismo, Deportes e Promoción Económica, Elena López, supervisaron o remate das obras de acondicionamento do terreo e acceso á auga para a nova estación náutica do lago.

A actuación supuxo un investimento de 340.536,35 euros e foi financiada con fondos europeos Next Generation, no marco do Plan de Susta-

bilidade Turística en Destino (PSTD) Fragas do Eume, integrado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

As obras permitiron crear unha explanada de máis de 3.800 metros cadrados destinada á práctica de actividades náuticas e deportivas. O novo espazo conta cunha zona de gradas, escaleiras e plataformas que facilitan o acceso á auga de embarcacións de remo, como caíacs, e cunha rampla de ata 14 metros de ancho para embarcacións de vela lixeira e lanchas pneumáticas de apoio.

O proxecto inclúe unha zona de 50 metros cadrados para a limpeza e desinfección obrigatoria das embarcacións antes da súa entrada no lago. Este espazo dispón de abastecemento de auga e dun sistema específico de recollida e bombeo que conduce as augas empregadas ata a rede de saneamento, evitando calquera vertedura ao lago.

ESTRADAS. O Concello licitou as obras do proxecto de recuperación



de espazos degradados ambientalmente asociados ás infraestruturas viarias municipais, principalmente no ámbito rural, cun orzamento de 119.053,16 euros, financiado con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental.

A intervención desenvolverase en diferentes puntos da rede viaria das parroquias de San Pedro de Eume, A Faeira, Bermui, O Apparral, O Freixo e As Pontes, e permitirá renovar e optimizar os sistemas de drenaxe.

Derruban as torres de refrixeración da central ante centos de curiosos

As Pontes deu un novo paso adiante cara á desaparición da central térmica de Endesa coa voadura controlada das catro torres de refrixeración. A poboación dixo adeus a un dos símbolos máis emblemáticos da vila tras a desaparición, hai poucas semanas, do Parque dos Carbóns. A demolición destas estruturas supón un dos fitos máis importantes do proceso de desmantelamento da antiga planta de carbón, que continúa avanzando segundo o calendario previsto pola compañía.

Nesta ocasión, a voadura fíxose en dous tempos. As dúas primeiras torres, concretamente a 3 e a 4, caeron cando xa pasaban dous minutos da hora prevista, as 16.00 horas. As outras dúas foron derrubadas quince minutos despois debido a un problema no retardo das telecomunicacións, sen que iso afectase á seguridade do operativo.

Centos de persoas achegáronse aos distintos puntos habilitados para presenciar a caída dos catro xigantes de formigón, que se derrubaron en apenas 1,2 segundos acompañados do estrondo dos explosivos, un son similar ao dun espectáculo de fogos artificiais. A desaparición das torres provocou aplausos entre os asistentes, pero tamén emoción e algunha bágoa entre quen durante décadas convivió coa silueta destas estruturas, convertidas nun dos principais sinais de identidade das Pontes.

A operación contou cun importante dispositivo de seguridade que incluíu zonas de exclusión, cortes de tráfico e restricións de acceso para garantir a protección da cidadanía. Estableceuse un amplo perímetro arredor das instalacións, diferenciando unha área de exclusión, na que estivo totalmente prohibido o acceso, e unha área de seguridade destinada a asegurar que a operación se desenvol-



vese sen riscos.

Para facer posible esta actuación deseñouse un exhaustivo procedemento técnico no que se analizaron previamente a estrutura das torres, a dinámica da voadura, a secuencia das detonacións, as direccións de caída e as medidas necesarias para minimizar vibracións e posibles afeccións ao contorno. O operativo contou coa colaboración da Garda Civil das Pontes e da Coruña, da Garda Civil de Tráfico, da Policía Local, Protección Civil, os Bombeiros das Pontes, o Concello, a Deputación da Coruña, a Axencia Galega de Infraestruturas e o equipo Pegaso da Garda Civil, encargado do control de drons na zona. Así mesmo, toda a actuación foi coordinada con Redeia debido á proximidade da súa subestación eléctrica.

As torres de refrixeración eran catro estruturas idénticas de formigón armado con forma de hiperboloide de revolución. Cada unha delas medía 99 metros de altura, tiña un diámetro de 84 metros na base e de 57 metros na parte superior. O volume de formigón e ferro empregado na súa construción era duns 4.165 me-

tros cúbicos por torre e o seu peso aproximado alcanzaba as 11.245 toneladas, sumando entre as catro arredor de 45.000 toneladas.

Co obxectivo de reducir ao máximo o impacto ambiental da demolición instaláronse doce canóns nebulizadores de auga arredor das torres, destinados a minimizar a nube de po xerada durante a caída das estruturas, en cumprimento das condicións ambientais establecidas para o desmantelamento da central.

Tras a voadura xeráronse aproximadamente 45.000 toneladas de residuos, compostos fundamentalmente por formigón e ferro. Endesa prevé valorizar máis do 90 % destes materiais, reutilizando o ferro para novos usos industriais e empregando o formigón como material de recheo, nun proceso orientado cara ao obxectivo de "residuo cero".

Polo momento permanecerá en pé a gran cheminea da central, de 356 metros de altura, a máis alta de España, xa que se estuda a súa posible declaración como Ben de Interese Cultural (BIC) de Galicia para preservar a memoria do pasado industrial da vila.

Indra instalará unha planta de produción de vehículos militares

Indra anunciou a posta en marcha dunha nova fábrica de vehículos militares nas Pontes, unha instalación que suporá un novo impulso industrial para o municipio e que se enmarca na estratexia da compañía para converter o corredor norte de España nun dos maiores polos industriais de plataformas terrestres de Europa.

Para desenvolver este proxecto, a empresa adquiriu uns terreos de máis de 50.000 metros cadrados, cunha superficie construída de preto de 15.000 metros cadrados, nos que realizará un investimento de arredor de 18 millóns de euros.

A nova planta permitirá crear entre 70 e 120 empregos directos de alta cualificación en Galicia, aos que haberá que sumar os numerosos postos de traballo indirectos xerados na cadea de subministración, entre

provedores e empresas de servizos asociadas á actividade industrial.

A fábrica das Pontes integrárase na división Indra Land Vehicles e sumárase ao centro de produción aberto o pasado ano en Xixón, elevando a superficie industrial construída desta área ata os 40.000 metros cadrados. A compañía prevé ampliar esta capacidade coa incorporación dunha terceira planta, aínda en proceso de selección, que permitirá alcanzar un total de 55.000 metros cadrados de instalacións industriais no corredor norte. Segundo explicou a empresa, o centro das Pontes especializarase na integración de vehículos anfíbios de combate, vehículos lanzaponte e sistemas de artillaría sobre rodas destinados ás Forzas Armadas españolas. O complexo dispoñerá tamén dunha pista de probas.

ERTE EN ARTEIXO TELECOM



A representación dos traballadoras de Arteixo Telecom expresou o seu rexeitamento ao ERTE presentado pola empresa, que prevé afectar á totalidade do cadro de persoal durante un período de 318 días. Os representantes sindicais consideran que a dirección está a trasladar ás traballadoras e traballadores o peso dunha decisión de gran impacto sen asumir compromisos que garantan o futuro do emprego.

EXCLUSIVIDAD para la SALUD de tu SONRISA

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Problemas de Oclusión y Función
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es

Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo
(Pza. de Augas Ferreas, esq. R/ Cántigas e Frores)

¡Ortodoncia
todos los días!

Lunes, miércoles y jueves:
12:00 a 20:00 h
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

if
figueiras
ORTODONCIA

Impartirán cursos de natación en agosto nas piscinas da vila

O Concello de Friol impartirá cursos de iniciación e perfeccionamento de natación nas piscinas municipais a partir de agosto como todos os anos. Estes cursos, que estarán subvencionados impartiranse do 3 ao 28 deste mes de luns a venres pola mañá e o número de prazas é limitado polo que é importante facer a reserva na piscina antes do 24 de xullo. Esta debe facerse nas propias piscinas. Haberá dúas quendas. A primeira será do 3 ao 14 de agosto e a segunda do 17 ao 28. O prezo será de 20 euros para socios e 30 para non socios.

Haberá bus nocturno de ida e volta a Melide nas festas

O Concello de Friol porá un autobús nocturno durante as festas de Melide desde a localidade ata a vila de ida e volta. Esta acción ten como obxectivo ter maior seguridade vial nestas noites de festa. Así, o autobús sairá os días 14, 15 e 17 de agosto ás 0.00 horas e terá a volta ás 6.30. Recollerá aos veciños entre a gasoleira e o Club Fluvial facendo parada en todos os bares. Os que desexen usar este servizo de bus deberán inscribirse antes do martes 11 no correo xuventude@concellodefriol.es ou no teléfono 637 064 024. O prezo será de 3 euros para empadroados e de 10 para non empadroados.



Arrancaron as obras de mellora da estrada entre Friol e Lousado

A Deputación de Lugo iniciou esta semana as obras de rehabilitación da estrada provincial LU-P-2106, que une Friol (LU-934) con Lousado (LU-P-2303) por Cimadevila, unha actuación que supón un investimento de 275.638€ e que permitirá mellorar o estado desta vía ao seu paso polos concellos de Friol e Begonte. Os traballos comezaron coa limpeza das gabias, unha actuación previa imprescindible para asegurar a correcta drenaxe da estrada e favorecer a conservación do firme antes de executar o resto das intervencións previstas no proxecto. A actuación abrangue o treito comprendido entre os puntos quilométricos 0,685 e 10,937. As obras foron adxudicadas á empresa ECOASFALT S.A. por un importe de 275.638 euros. O proxecto contempla unha actuación integral para mellorar as condicións de circulación e seguridade desta estrada provincial. Ademais da

reapertura e limpeza das gabias e da execución de obras de drenaxe, realizaranse traballos de saneo da explanada e do firme nas zonas deterioradas, reparación de fochancas e afundimentos, pavimentación e reposición da sinalización vertical. O obxectivo é prolongar a vida útil da vía e ofrecer unha circulación máis cómoda e segura para os usuarios. Dende a Deputación destacan que esta actuación “forma parte do compromiso da institución provincial por manter en boas condicións a rede de estradas máis extensa de España, unha infraestrutura fundamental para garantir a mobilidade da veciñanza, facilitar a actividade económica e contribuír a fixar poboación no rural”. As obras teñen un prazo de execución de catro meses, durante os que se poderán producir restricións puntuais ao tráfico para garantir a seguridade tanto dos traballadores como dos usuarios da vía.



Firmado o convenio para o abastecemento de auga en San Paio de Seixón

A Xunta de Galicia mobiliza investimentos por case 19 millóns de euros a través da planificación, impulso e execución de aquí a 2029 dun paquete de actuacións hidráulicas destinadas a ampliar o servizo público de abastecemento, renovar redes e conducións deterioradas ou moi antigas, reducir avarías e posibles fugas e reforzar a seguridade dos sistemas. Segundo explicou hoxe en Friol a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, as actuacións previstas beneficiarán a un total de 23 concellos e a unha poboación estimada de 410.000 habitantes. Máis polo miúdo, a conselleira sinalou que máis da metade dese orzamento (10,1 millóns de euros) son para financiar proxectos na provincia de Lugo. De feito, a conselleira asinou co alcalde de Friol, José Ángel Santos, o convenio de colaboración para dotar de abastecemento de auga potable á parroquia de San Paio de Seixón. En concreto, tal e como dixo Ángeles Vázquez, destinaranse máis de

620.000 euros, que financiará nun 80% a Xunta mentres que o 20% restante aportarao o Concello, a unha actuación que beneficiará a máis de 70 vivendas, a diversas explotacións gandeiras, así como a varios negocios hostaleiros e de turismo. As obras consistirán na construción dun novo depósito na Abelaira de 105 metros cúbicos e da canalización de captación. Tal e como dixo Ángeles Vázquez, esta actuación, que será cofinanciada a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) garantirá que a auga que se consuma reúna as condicións necesarias de calidade e seguridade e, ao mesmo tempo, contribuirá a reforzar a resiliencia do sistema municipal fronte a períodos de seca. Durante a súa intervención, a conselleira puxo en valor que “a colaboración é clave para seguir prestando os mellores servizos públicos á cidadanía” e sinalou que o apoio de Augas de Galicia aos concellos é proba de cooperación entre administracións.

R.S. C-27-001184

Carballo & Otero

CLINICA DEL PIE

DRA. YESICA OTERO ESTALOTE

DR. JUAN L. CARBALLO DÍAZ

• **PODOLOGÍA**

DEPORTIVA - INFANTIL

CIRUGÍA - DIABÉTICA

GERIÁTRICA - PLANTILLAS

• **TRATAMIENTOS CON LASER**

• **ESTUDIO INFORMATIZADO DE LA MARCHA**

• **ÚLCERAS**

ARTERIALES - VENOSAS

Carballo & Otero

CLINICA DEL PIE

ATENCIÓN A DOMICILIO

HORARIO DE VERANO

Lunes, miércoles y viernes

de 9:00 a 15:00h.

Martes y jueves de 9:00 a 20:00h.

Campo de Puente, 20 Bj.

Vilalba - Lugo

Telf: 982 88 75 65

Urgencias: 609 72 97 12

f

constru fer

Saneamientos, construcción

y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 • VILALBA (LUGO)

Telf: 982 511 200

SISTALLO - COSPEITO

Telf: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:

www.construfervilalba.com

A Xunta avalía como Proxecto Estratéxico unha planta de incubación de ovos

O Consello da Xunta avaliou a declaración como Proxecto Industrial Estratéxico (PIE) da construción dun centro industrial de incubación de ovos en Friol, promovido pola empresa Avícola de Galicia SAU (Avigal). A iniciativa prevé un investimento superior aos 28 millóns de euros e a creación de máis de trinta postos de traballo entre directos e indirectos, coa previsión de que entre en funcionamento ao longo do vindeiro ano.

As novas instalacións ocuparán unha superficie de 12.605 metros cadrados e estarán deseñadas para operar como unha planta piloto de alta tecnoloxía. O centro terá capacidade para producir máis de 62 millóns de pitos ao ano, o equivalente a arredor de 1,5 millóns de ovos semanais. Unha vez completado o proceso de incubación, os animais serán trasladados a outras instalacións para continuar coa cadea produtiva. O complexo contará tamén cunha estación depuradora de augas residuais.

Segundo destacou a Xunta, a planta incorporará avanzadas solucións tecnolóxicas en materia de dixitalización, automatización e bioseguridade.

Executan obras de abastecemento de auga en A Noite e Os Castelos

O Concello continúa avanzando na mellora das infraestruturas e dos servizos básicos no rural coa execución dos traballos de ampliación da rede de abastecemento de auga pública nos barrios de Casas da Noite e Os Castelos.

Esta actuación permitirá dotar deste servizo esencial a un total de 19 vivendas, dando resposta a unha demanda da veciñanza e contribuíndo a mellorar a súa calidade de vida, ao garantir un subministro de auga potable seguro, estable e de calidade.

As obras consisten na instalación das conducións necesarias para conectar as vivendas á rede municipal de abastecemento, reforzando as infraestruturas hidráulicas do municipio e favorecendo a igualdade no acceso aos servizos públicos entre os distintos núcleos de poboación.

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, destacou que este proxecto “é un exemplo do compromiso firme do Goberno municipal coa mellora dos servizos básicos no rural. O acceso á auga potable é un dereito fundamental e unha infraestrutura imprescindible para garantir a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas. Cada investimento que realizamos neste ámbito é un investimento en



benestar, en saúde e tamén en futuro”.

O rexedor engadiu que “desde o Concello seguimos traballando para que vivir no rural non supoña renunciar a ningún servizo esencial. Queremos que todas as familias, independentemente do núcleo no que residan, conten coas mesmas oportunidades e coas mesmas prestacións. Ese é o modelo de concello polo que apostamos: un municipio cohesionado, con servizos públicos de calidade e no que se poida vivir con todas as garantías”.

José Ángel Santos tamén puxo en valor o esforzo investidor realizado nos últimos anos para ampliar as redes municipais de abastecemento: “So-

mos conscientes de que aínda quedan actuacións por executar, pero seguimos planificando novas obras para chegar progresivamente a máis núcleos de poboación. O noso compromiso é continuar modernizando as infraestruturas municipais e atender as necesidades reais da veciñanza, porque cada obra deste tipo supón unha mellora directa na vida das persoas e contribúe tamén a fixar poboación no noso territorio”. Esta actuación enmárcase na estratexia de mellora continua das infraestruturas, consolidando o compromiso do Concello co desenvolvemento sostible do municipio, a modernización dos servizos públicos e a mellora da calidade de vida.

Aprobado o plan para unha nova biblioteca e o Museo do Queixo

A Xunta destinará 300.000 euros ao proxecto dun edificio dotacional en Friol para albergar a biblioteca municipal e o museo do queixo e do pan. O Consello autorizou un convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Goberno local, por un valor total de 343.000€, para que o municipio conte cun espazo que funcione como dinamizador cultural e centro de cohesión social.

A actuación recolle a demolición do actual inmovible que acolle o xulgado de paz e que presenta deficiencias importantes, polo que se pretende o seu derrubamento para realizar unha construción adecuada ás novas funcións enfocadas en combinar a actividade bibliotecaria coa preservación da identidade local.

Deste xeito, para este 2026 están asignados 29.000€ dirixidos á redacción do proxecto básico de execución, a realizar estudos de seguridade, a levar a cabo diversos traballos previos, a proceder á demolición e ao acondicionamento do terreo. Mentres, para o 2027 a partida é de 271.000€ e destinaranse a continuar coa cimentación, levantar as estruturas e construír cubertas e fachadas, así como a desenvolver as distintas instalacións e a urbanizar o patio exterior.

XLI edición da FESTA Ó EMIGRANTE 24 DE AGOSTO 2026 DO CONCELLO DE POL

na Carballeira de Mosteiro

PROGRAMA DE ACTOS

13:00 Misa solemne na Carballeira de Mosteiro

13:30 Pregón

14:00 Descubrimento da placa do XL Aniversario da Festa ó Emigrante

14:15 Sesión vermú amenizada por

STEREO

15:00 Xantar na Carballeira de Mosteiro

16:30 Xogos infantís, tradicionais e creativos

23:00 Verbena amenizada por:

**STEREO
& TRIUNFO**

“Para ser un bo escritor, o que fai falta é vivir con intensidade”

Francisco Narla, piloto de avión e escritor, leva toda unha vida dedicada a contar historias, creando escenarios e facendo vivir ao lector unha gran viaxe

Jessica Fernández

Un escritor nace sendo lector?

Si, eu creo que é inevitable que, para ser escritor, haxa que ser lector. Eu sigo sendo un lector ecléctico e case compulsivo. Non necesito un diagnóstico psiquiátrico, pero case. Leo moito e, de feito, cando non leo, escoito audiolibros. A culpa da miña vocación téñena as lecturas. Eu, ademais de namorarme das historias como consumidor, souben moi pronto que quería contalas, porque as historias de Antoine de Saint-Exupéry, sobre todo O principito e Voo nocturno, impresionáronme moitísimo. Esas historias dese piloto francés enchéronme a cabeza de paxaros e quixen converterme en piloto e escritor. É unha vocación que levo comigo desde pequeno. Por iso, creo que un se fai escritor na infancia. A min, o que me gustaba facer no colexio eran as redaccións e contar historias a partir do que lía. Non sabería dicir unha idade concreta, pero desde pequeno sabía que me gustaba contar historias e facelo dunha maneira un pouco especial. Como todos os artistas, empezas copiando as cousas que che gustan. Eu creo que é unha maneira natural de que o artista, na disciplina que sexa, empece a imitar aquilo que lle gusta e tarde en dominar; grazas a imitar o que lle gusta, acabas converténdote nun artesán decente e, co tempo e un pouco de sorte, conseguirás a túa propia voz e converteraste nun artista con identidade propia. E, como case todos os escritores, tamén probas un pouco coa poesía porque, cando empezas e es un ignorante, pareceche que a poesía é máis fácil que escribir unha novela de 800 páxinas. Iso só significa que non tes nin idea do que estás facendo, porque a poesía é, probablemente, o máis difícil. Con todo, ten esa enganosa aparencia de facilidade e empezas escribindo algúns poemas. Pouco a pouco vas medrando e, ao principio, pareceche imposible abar-

car unha novela. Pero, a medida que pasan os anos e vas collendo algo de práctica, xa empeza a parecerche algo factible.

Como lembra o proceso de escribir a súa primeira novela?

A miña primeira obra foi Los lobos del centeno e escribina, basicamente, tirando da morriña. Foi unha época na que vivía no deserto de Mojave, onde estaba estudando na escola de pilotos de probas, e botaba moitísimo de menos o verde de Galicia. Vivir no medio do deserto estresaba un pouco a alguén criado nos montes galegos. A morriña, o botar de menos o verde e os contos da miña terra foron os que me impulsaron a escribir esa primeira novela. É unha novela de terror costumista na que recollo boa parte dos contos que lera de neno e os transformo nun argumento común a través das páxinas, para dar vida a boa parte do imaxinario galego. Esa é unha constante en todas as miñas historias, onde Galicia, a súa historia e os seus protagonistas sempre cobran vida. En canto a se é máis difícil ou menos escribir unha obra co paso do tempo, eu creo que, se un artista está comprometido, e eu creo que o estou, sempre é o mesmo proceso. Márcaste o máximo obxectivo e tratas de chegar ao cume. É como un corredor que empeza a correr. O primeiro mes, se cadra, só é capaz de facer dous quilómetros e logo cae esgotado. Pero, a medida que segue adestrando, outro día fai catro e, pouco a pouco, de súpeto decátaste de que pasou un ano e xa es capaz de facer dez quilómetros a bo ritmo e de boa maneira. Na arte ocorre o mesmo. Cada nova obra debe ser mellor ca as anteriores e, por iso, sempre te levas ao límite. Se es un artista responsable, buscas o límite da túa capacidade, entrégaste de todas as maneiras posibles e o proceso debe doer, debe ser complicado e debe ser duro. Iso significará que, con algo de sorte, o que estás entregando na páxina, no lenzo, na

partitura, no escenario ou no plano dun edificio pagará a pena. Se ti non dás algo de ti na obra que estás entregando, nunca serán obras que realmente paguen a pena ler.

O que vive inspíralle para crear as súas novelas?

Si, a miña segunda novela, Caja Negra, ten como protagonista un piloto, e é unha novela de misterio, cun piloto de longo radio que aproveita as súas viaxes para ser un asasino moi difícil de capturar, porque se hoxe asasinas en Bangkok, e mañá en Nova York, é moi difícil que ninguén che siga a pista. Creo que era unha premisa divertida, pero evidentemente é unha segunda novela onde aínda son moi novato. Nese aspecto, axudoume en moitas ocasións coñecer, viaxar, ver e descubrir persoas e caracteres que ao final é o que che

“Se ti non dás algo de ti na obra que estás entregando, nunca serán obras que realmente paguen a pena ler”

importa para escribir boas historias. Cando tes unha vida na que viches moito mundo e coñeces a moitas persoas distintas, róbaslle un pouco a cada unha e pódolo poñer na páxina e darlles cor. E esa vida como piloto dando tombos si me axudou tamén a documentarme.

É indispensable viaxar para poder escribir un bo libro?

Eu creo que non é necesario en absoluto. Escribirás outro tipo de historias. Para o meu tipo de historias é necesario, porque ás veces hai grandes viaxes e escenarios afastados, e quizais as miñas historias son así porque eu vivín iso. Pero Crime e castigo trata sobre un home que se



despedaza a si mesmo pola culpa. Non tes por que ter viaxado moito para poder escribir como escribiu Dostoevski. Quizais o que fai falta é, como dicía Hemingway, que Dostoevski empezou a escribir ben despois de pasar polo Gulag, despois de que o enviasen a Siberia. O que fai falta é vivir con intensidade. Dicía Hemingway tamén que hai que escribir sobre a puta e fodida verdade no sentido de que tes que escribir sobre aquilo que vives e coñeces. Tes que coller esas experiencias que ti viviches, vivílas intensamente e estar disposto a espiarte e poñelas na páxina. Se ti iso o acompañas de viaxes e escenarios, pois ben, pero hai grandes novelas que non teñen iso e son maravillosas igualmente e hai outras que o teñen e que son unha merda. Na arte, o auténtico é o máis duro de conseguir, porque normalmente dáche medo, sentes vergoña, non é doado falar dos teus medos de neno e adxudicárllelos aos personaxes.

Desde Friol chegou a ser un autor recoñecido. Tamén se dá a coñecer en presentacións de libros e feiras, como valora estes encontros?

Os encontros cos lectores son sempre maravillosos porque son a maneira que ten un escritor de volver vivir as súas historias a través dos ollos de quen as le. Eu estou encantado e sempre procurei ser moi activo nese tipo de actividades. Desde hai moitos anos acudo á Feira do Libro de Madrid, a Sant Jordi e ás grandes celebracións do libro. Tamén procuro estar presente nas feiras do libro de Galicia, porque ese encontro cos lectores resúltame moi agradable e é algo que espero con ilusión. Creo que forma parte do meu traballo como escritor, porque sempre hai alguén que quere facerche unha pregunta, coñecer mellor os teus libros ou saber un pouco máis de ti.

Con xa 13 novelas, ten en mente a

seguinte?

Si, eu espero seguir escribindo ata que non poida facelo, toda a miña vida. Gustaríame seguir escribindo ata o final dos meus días porque é algo que me apaixona. O proxecto máis inmediato no que estou inmerso é a promoción da segunda entrega da triloxía *Compostela*, formada por *Ultreia*, *Suseia* e *Santiago*, que verá a luz en setembro. A través destas tres novelas tentei facer un retrato dos máis de mil anos de historia do Camiño de Santiago e das súas múltiples dimensións: o poder, a política, a corrupción, a arte, a redención ou a espiritualidade. Cada unha delas sitúase nun momento concreto do Camiño cun grande interese histórico e cultural, reivindicando, como sempre, a nosa historia. Por exemplo, en *Suseia* aparecen as Cortes de León de 1188. Paréceme increíble que non presumas máis de que a democracia moderna nace no antigo reino de Galicia e León. Foi entón cando, por primeira vez, os cidadáns votaron e elixiron representantes nun sentido parlamentario moderno. Pero, por riba deses grandes acontecementos históricos, sempre ten que haber unha historia humana. No caso de *Suseia*, o protagonista é o mestre Mateo mentres conclúe a catedral. A novela mostra como un home pode chegar a desfacer a súa vida, romper o seu matrimonio e afastarse do seu fillo por perseguir a perfección, por querer converterse no mellor artista posible e erguer a obra máis extraordinaria. Esta triloxía sobre o Camiño de Santiago manténme completamente ocupado durante este ano. Ao mesmo tempo, xa estou preparando algunhas ideas para a novela que publicarei o ano que vén. Teño varios proxectos en mente, aínda que, por agora, prefiro non adiantar nada.



Inaugurado o Centro Internacional da Torneiría na antiga reitoral

Xermade conta cun novo espazo destinado a preservar e promover a tradición da torneiría da madeira, un oficio que marcou durante décadas a vida económica e social do municipio. A antiga casa reitoral, rehabilitada para este fin, converteuse no Centro Internacional da Torneiría (CIT), un equipamento pioneiro en Galicia que aspira a ser punto de encontro para artesáns, investigadores, visitantes e afeccionados a esta actividade tradicional.

A inauguración reuniu a representantes institucionais, profesionais da torneiría e veciñanza, nun acto no que participaron a presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López; o alcalde de Xermade, Roberto García Pernas; e o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco.

O novo centro nace coa finalidade de dar continuidade a un legado artesanal profundamente vinculado á historia local. Durante xeracións, numerosos torneiros elaboraron en Xermade pezas e utensilios de madeira que chegaron a comercializarse en distintos puntos de Galicia e doutras comunidades. Agora, o CIT pretende converterse nun espazo permanente para a divulgación deste patrimonio e para a transmisión dos coñecementos asociados ao oficio.

A rehabilitación do inmoble permitiu crear unha sala polivalente na planta baixa, pensada para acoller actividades culturais, cursos, conferencias e encontros veciñais, mentres que o andar superior alberga unha exposición estable dedicada á torneiría, con pezas representativas desta artesanía e espazo para mostras temporais.



Durante a inauguración, Carmela López destacou que o proxecto demostra que “o patrimonio pode seguir sendo útil” e puxo en valor unha iniciativa que nace “dun oficio que Xermade soubo coidar durante décadas e dunha tradición que nunca deixou de evolucionar”. A presidenta provincial subliñou tamén que “Lugo medra cando cada concello é capaz de potenciar aquilo que o fai único”.

Pola súa banda, Pedro Blanco incidiu na importancia de recuperar un edificio histórico para darlle un novo uso ligado á identidade do territorio. Segundo afirmou, a antiga reitoral “abre unha nova etapa para un oficio que forma parte da identidade de Xermade” e sitúa ao municipio como referente neste ámbito.

O alcalde, Roberto García, explicou que o centro está pensado tanto para conservar a memoria da torneiría como para dinamizar a actividade cultural e social do concello. Ademais, avanzou que as instalacións estarán abertas á utilización por parte

das asociacións e colectivos locais. O proxecto contou cun investimento superior aos 400.000 euros procedentes do Instituto para a Transición Xusta, aos que se sumou a colaboración económica da Deputación de Lugo. A actuación incorporou criterios de sustentabilidade e eficiencia enerxética, con sistemas de aeroterminia, enerxía fotovoltaica e melloras no illamento do edificio.

ENCANTO DE TORNEIROS. Coincidindo coa apertura do centro, presentouse tamén a XXVI edición do Encontro Internacional de Torneiros da Madeira, que se celebrará en Xermade entre os días 18 e 20 de setembro. O evento reunirá a destacados profesionais do sector procedentes de distintos países e incluírá demostracións en directo, actividades divulgativas e espazos de intercambio de coñecementos. Entre os participantes confirmados figuran nomes de referencia como Alain Mailland, Benoit Averly, Bernard Azema ou Carlyn Lindsay.

As festas de Xermade terán lugar do 7 ao 9

Xermade xa ten todo preparado para celebrar as festas na honra á Nosa Señora, que se desenvolverán os días 7, 8 e 9 cun programa no que se combinan os actos relixiosos, a música en directo, a gastronomía e as actividades tradicionais.

Os festexos comezarán o venres 7 de agosto cunha gran verbena amenizada polos dúos Venus e Boreal. A partir das 21.30 horas, os asistentes poderán gozar ademais de petiscos gratuítos ofrecidos polos distintos postos instalados no recinto festivo, con liscos, churrasco, xamón cocido e outros produtos ata fin de existencias.

A xornada do sábado 8 arrancará ás 12.45 horas cunha pasarrúas

a cargo da Asociación Cultural Axóuxere de Roupar. Ás 13.30 horas celebrárase a misa solemne e a procesión na honra á patroa, seguida da sesión vermú coa orquestra Alianza. Pola noite terá lugar unha nova verbena protagonizada polas orquestras Alianza e Fania Blanco Show.

O domingo 9 de agosto continuará a programación relixiosa coa misa solemne das 13.30 horas e a posterior procesión, acompañada nesta ocasión pola Banda Municipal de Guitiriz. A continuación celebrárase unha sesión vermú prolongada co grupo Fénix, que tamén será o encargado de pechar as festas coa actuación da noite.

Momán celebrará as súas festas o 21, 22 e 23

A parroquia de Momán celebrará as súas festas na honra a San Bartolomé e San Mamed os días 21, 22 e 23 de agosto cun programa que combinará actos relixiosos, música, gastronomía e actividades para todos.

A programación arrancará o venres 21 cunha degustación gratuíta de liscos e chourizos ata fin de existencias, seguida dunha verbena amenizada pola discoteca móbil Conxuro.

O sábado 22 celebrárase a tradicional pasarrúas a cargo do grupo To-leaches pola Penieira. Ás 13.30 horas terá lugar a misa solemne, cantada polo coro da UNED Sénior de Mo-

mán, seguida da procesión e dunha sesión vermú co Dúo Estrellas. Pola noite, a verbena contará coa actuación do propio Dúo Estrellas e da formación Punto Clave.

As festas rematarán o domingo coa misa, tamén ás 13.30 horas e acompañada polo coro da UNED Sénior. A continuación haberá procesión e sesión vermú co Grupo Alaska. Pola noite, a verbena correrá a cargo da mesma formación e incluírá a actuación en concerto de Zapato Veloz. Durante a xornada tamén haberá sesión de fogos de artifício e coches de choque.

MEIRA26!

#ASDOQU1NC5! 14 / 15 / 16 / 17 DE AGOSTO

FRAN TEL: 820 10 31 04
37207 A PRAIA DE LUGO
Seguime en @EspectaculoMeira

14 COMEZA A VERBENA!!!
19:30 - Concerto da **BANDA DE MÚSICA DE MEIRA** / 20:00 - **VI TROFEO FESTAS VILA DE MEIRA** contra o SD Pol / 20:30 - Charanga **MEKÁNICA ROLLING BAND** / 22:30 - **PREGÓN** con PILI DA LIBRARÍA / **VERBENA** con **FÓRMULA** e **HERMO DISCO TRUCK**

15 SEATES DE 1000 PUNTOS!!!
Dende a mañá escultura da man de **EUGENIO LINARES** / 13:00 - **MISA SOLEMNE e PROCESIÓN** coa **BANDA DE MÚSICA DE MEIRA** / **SESIÓN VERMÚ** con **GRUPO RUBÍ** / 18:00 - 3X3 no **PLANTÍO** / **VERBENA** con **GRAN PARADA** e **GRUPO RUBÍ**

16 12:30 - Saída da igrexa coa **PROCESIÓN Á CAPELA DE SAN ROQUE** acompañada pola **BANDA DE GAITAS DE MEIRA** / 13:00 - **MISA SOLEMNE** na **CAPELA DE SAN ROQUE** **SESIÓN VERMÚ** con **GRUPO D'KRISS** / **VERBENA** con **COMBO DOMINICANO** e **GRUPO D'KRISS**

17 **SESIÓN VERMÚ** con **DÚO D'CACHÉ** / **VERBENA** con **DÚO D'CACHÉ** e **PATAKIÑA** / **DISCO-MÓVIL** / **XIRA CAMPESTRE**

Labrada prepara as súas festas patronais para o 8

A parroquia de Labrada xa ten todo preparado para celebrar os días 8 e 9 as súas festas na honra de Nosa Señora e da Virxe das Dores, unha cita moi agardada pola veciñanza e polos numerosos visitantes que cada verán se achegan a esta localidade para compartir dúas intensas xornadas de celebración.

O programa combina os actos relixiosos coas sesións vermú e as verbenas, mantendo o espírito das festas patronais e apostando por un cartel musical pensado para animar as noites da fin de semana.

As celebracións darán comezo o sábado. Ás 13.30 horas celebrase a misa solemne, seguida da procesión e da sesión vermú, que estará amenizada pola orquestra Alabama. Xa pola noite, a verbena reunirá sobre o escenario á propia

Alabama e á cantante Verónica Cambón, nunha primeira gran cita musical que promete congrega a numerosos asistentes.

A programación continuará o domingo coa misa e a procesión, tamén ás 13.30 horas, antes da sesión vermú a cargo do Grupo Jaque. A formación volverá subir ao escenario para poñer o broche final cunha verbena.

REMEMBER. A Praza da Vila de converterase o 7 de agosto no escenario dunha festa *remember* a partir das 13.30 horas. O evento contará cos DJ Kiko Ron e Quimbine con vermú, tardeo, baile, petiscos e bebidas, ademais dunha selección de temas e éxitos musicais. Instalaranse colchonetas de auga gratuítas.

Guitiriz vivirá a eclipse solar do 12 de agosto cunha romaría

Guitiriz quere situarse entre os mellores lugares de Galicia para contemplar a eclipse solar do 12 de agosto. Con ese obxectivo, o Concello organiza a Romaría da Eclipse Solar, unha proposta que combina divulgación científica, música ao aire libre e patrimonio natural para convidar tanto á veciñanza como ás persoas visitantes a vivir unha experiencia única nun enclave privilexiado.

O evento, que conta coa colaboración da Deputación de Lugo e de AGADIC, celebrase na parroquia de Santa Mariña a partir das 19:00 horas, coincidindo co desenvolvemento deste fenómeno astronómico que atraerá milleiros de persoas a diferentes puntos de Galicia.

A programación arrancará coa actuación do grupo Soul&Roll no Campo da Festa. Ás 19:30 horas, a actividade trasladarase ata o Monólito Irmáns da Lexía, onde terá lugar a observación da eclipse. Durante o fenómeno, a divulgadora Susana Bayo ofrecerá unha explicación inicial e irá comentando os diferentes momentos da eclipse para axudar ao público a comprender o que está a acontecer.

O Concello repartirá gratuitamente lentes homologadas para a observación solar, facilitadas pola Deputación de Lugo, ata esgotar existencias. Unha vez superado o momento



central da eclipse, ás 20:45 horas, a música volverá ser protagonista coa continuación do concerto de Soul&Roll, incluído no programa Cultura no Camiño de AGADIC.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, destacou que “a eclipse representa unha oportunidade extraordinaria para mostrar todo o que Guitiriz pode ofrecer como destino turístico. Queremos que quen nos visite ese día descubra a beleza da nosa paisaxe, o patrimonio das nosas parroquias e a hospitalidade da nosa xente, aproveitando un acontecemento irrepetible”.

Morandeira subliñou tamén que “esta Romaría nace coa vontade de converter un fenómeno científico nunha experiencia compartida, aberta a todos os públicos e que

combina coñecemento, cultura e lecer. Agardamos recibir visitantes de toda Galicia e que a súa estancia en Guitiriz sexa o primeiro paso para volver en futuras ocasións”.

O Concello recomenda acudir con roupa cómoda, algunha peza de abrigo para as últimas horas da tarde, gorra ou viseira, protección solar, abundante auga e calzado axeitado. Así mesmo, lembra que non se debe mirar directamente ao Sol sen utilizar lentes homologadas para a observación solar, xa que pode provocar lesións irreversibles na vista.

A observación da eclipse estará condicionada polas condicións meteorolóxicas, polo que o seu desenvolvemento dependerá da visibilidade existente durante a tarde do 12 de agosto.

CERTAME DE CANTERÍA



Marcos Escudero Pérez, cunha peza dunha sirena, foi o gañador do XXVIII Certame de Cantería a XXXI Feira da Cantería, Callos e Artesanía de Parga. O segundo foi para Jesús Javier Varela Quintás, cunha obra baseada nun aguia, e o terceiro recaue en Emilio José González Martínez, cun libro.

Girlschool e Alcatraz encabezan o Parga Rock

A Carballeira de Parga volverá converterse os días 4 e 5 de setembro nun dos grandes puntos de encontro do rock en Galicia coa celebración da novena edición do Parga Rock. O festival, de entrada de balde e con zona de acampada durante as dúas noites, aposta nesta ocasión por un cartel marcado polo hard rock e o heavy metal clásico, sen renunciar ao punk e ás bandas galegas emerxentes. Non faltarán tampouco outras citas de acompañamento, como o Aberto de Billarda ou a sección infantil.

Entre os grandes reclamos desta edición atópanse as británicas Girlschool, auténtica lenda da New Wave of British Heavy Metal (NWOBHM). Outro dos pratos fortes será a actuación de Alcatraz, banda estadounidense creada en Los Ángeles en 1983 e considerada unha referencia do hard rock e do

heavy metal.

O cartel complétase coa presenza dos coruñeses Scarecrow, encargados de abrir unha edición que aposta decididamente polo hard rock máis clásico. Desde Cerceda chegarán Mr. Kamándula, formación que interpreta as súas cancións en galego mesturando rock clásico, hard rock e heavy metal, mentres que desde Vigo desembarcarán The TwinPims, unha das bandas con maior proxección do panorama galego, cun son influenciado polo rock dos anos setenta e oitenta pero actualizado con riffs contundentes e melodías actuais. O punk terá tamén un papel destacado nesta edición con The Eskarallas. Como peche do festival actuará Pensando en Ti, banda tributaria de Los Suaves.

A programación musical completase coas sesións de DJ Coutinho.

Os Vilares celebra a Romaría Labrega da Chaira os días 8 e 9

Os Vilares acollerá os 8 e 9 de agosto a XXXIV edición da Romaría Labrega da Chaira con mostra de artesanía e demostracións en vivo. Dará comezo o sábado 8 cunha ruta cabalar, á que seguirá a sesión vermú amenizada polo grupo Os da Nogueira.

Ao mediodía haberá un xantar e o pregón desta edición correrá a cargo de Jesús Veres Vázquez, fundador da Romaría Labrega da Chaira. A tarde continuará cunha xinkana e carreira de cabalos, ambas con premios. A partir das 20.30 horas terá lugar a entrega de premios e o sorteo dunha xovenca de raza Rubia Galega. A xornada rematará cunha degustación gratuítas de liscos e chourizos e coa actuación dos grupos As Pías e Ailá. O domingo contará cunha concentración de vehículos antigos, unha nova ruta, escultura con motoserra e actividades para todos. Pechase coas actuacións de Os Trapeiros dos Vilares e da Asociación Cultural Entre Lusco e Fusco.



“Necesitamos socios, voluntarios e colaboradores para medrar”

Obradoiro de Soños é un colectivo de recente creación en Parga, que se iniciou co Mercado de Nadal e agora prepara máis actividades para o resto do ano

Cando naceu a asociación?

A asociación naceu en 2026 coa ilusión de impulsar proxectos deportivos, culturais, sociais e educativos que contribúan a dinamizar Parga e a súa contorna.

Como xurdiu a idea?

A idea xurdiu porque un grupo de nais e pais queriamos seguir colaborando en proxectos como o Cros Vila de Parga ou a Feira de Nadal, mesmo despois de que os nosos fillos e fillas rematasen a súa etapa no Cole de Parga. Así nace Obradoiro de Soños: para dinamizar a nosa vila, seguir apoiando ao colexio e dar a oportunidade de continuar colaborando a todas esas familias que así o desexen.

Cantos socios/as a forman? Está en crecemento?

A asociación atópase agora mesmo iniciando a súa etapa de crecemento. Do 15 de setembro ao 30 de outubro abrírase o prazo para facerse socio, polo que esperamos que sexan moitas as persoas que se unan a este proxecto.

Como se fai un socio?

Do 15 de setembro ao 30 de outubro estará aberto o prazo para facerse socio. A cota será de 25 euros anuais para o socio ordinario e de 50 euros anuais para o socio de honra. Nesas datas anunciarémolo nas nosas redes sociais e mediante carteis informativos, nos que aparecerán os teléfonos de contacto e toda a información necesaria para que as persoas e familias interesadas poidan inscribirse.

Cales son as actividades habituais?

Traballamos na organización de actividades deportivas, culturais, solidarias e familiares. Entre elas destacan a Feira de Nadal de Parga e o I Cros Vila de Parga, ademais doutras iniciativas que iremos poñendo en marcha.

Cales queren poñer en marcha nun futuro?

Queremos consolidar os proxectos actuais e seguir creando novas actividades para todas as idades que fomenten a convivencia, o deporte, a cultura e a participación veciñal.

Hai outros proxectos que lles gustaría poñer en marcha?

Si. Temos moitas ideas relacionadas coa cultura, o deporte, a infancia, a inclusión e a dinamización da nosa



vila. Agora toca traballar para facelas realidade.

Que necesidades teñen?

Necesitamos socios, voluntariado, empresas colaboradoras e o apoio das administracións para seguir medrando e poder levar adiante novos proxectos.

Contan con axuda para manter a asociación activa?

Si. A asociación mantense grazas ao traballo voluntario da directiva e das persoas colaboradoras. Ademais, contamos co apoio de administracións públicas, empresas, entidades, clubs e outras asociacións que fan posible que moitos dos nosos proxectos saian adiante. Queremos agradecer especialmente ao Cole de Parga por abrírnos sempre as portas e acompañarnos en cada iniciativa; ao Club de Atletismo Guitiriz por compartir con nós a súa experiencia e implicarse desde o primeiro momento; á Asociación Galega de Artesáns do Calzado pola súa colaboración constante e por apoiar cada novo proxecto; e á Asociación Parga Rock, que sempre está disposta a sumar esforzos polo ben da nosa vila. Sen a colaboración de todos eles sería moito máis difícil converter as ideas en realidade.

Que aceptación están a ter?

A acollida está sendo moi boa. Estamos moi agradecidos pola resposta da veciñanza, das empresas colaboradoras e das entidades que están confiando neste proxecto desde os seus primeiros pasos.

Contan co apoio do Concello ou doutras administracións?

Si. Contamos coa colaboración do Concello de Guitiriz e tamén co apoio da Xunta de Galicia e da Deputación de Lugo, que colaboraron coa nosa Feira de Nadal do ano pasado. Agardamos poder seguir contando co seu apoio nas vindeiras edicións e nas novas actividades e proxectos que poñamos en marcha, xa que esa colaboración é fundamental para continuar dinamizando a nosa vila.

Que significa para vós o nome de Obradoiro de Soños?

Nace da unión de dous conceptos que son a nosa alma. “Obradoiro” porque queremos crear, construír e facer realidade novas ideas e proxectos para a nosa vila e a nosa comunidade. E “Soños” porque estamos vencellados ao Cole de Parga, o lugar onde para todos nós os soños se fan realidade.

Para rematar...

Queremos convidar a toda a veciñanza a participar no I Cros Vila de Parga, o vindeiro 26 de setembro. As inscricións xa están abertas e haberá categorías para todas as idades, carreira adaptada, relevos mixtos e Fila 0 para quen queira colaborar sen correr. Todos os inscritos, incluídos os da Fila 0, recibirán un dorsal, participarán nos sorteos e estarán convidados a unha gran paella popular ao remate da xornada. Agardámosvos para vivir unha gran festa do deporte e da convivencia en Parga.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13, 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES

SEOANE

Tractor and forestry equipment illustration.

Plácido Peña, Vilalba Local 500 m² Local de 500 m², con dieciséis metros de fachada. El local está acondicionado y a mayores el solar es edificable. Bajo, 5 plantas y ático.	320.000 €
Cabreiros, Xermade Casa 4 Dorm 1 Baño 200 m² En el lugar de San Martín, parroquia de Cabreiros, municipio de Xermade (Lugo), se vende vivienda rural a reformar, adosada a otra vivienda. Finca de 4600 m² con dos construcciones de índole agrícola y un pozo.	38.000 €
Ronda de la Muralla, Lugo Local 96 m² Próximo al edificio de la Xunta. Local en bruto, superficie útil en planta de 48 m² con altura de 5 metros, lo que permite hacer un local de planta baja y piso con una superficie total en torno a los 100 m². Tiene salida de humos y todas las preinstalaciones necesarias para montar cualquier negocio. Incluye una plaza de garaje ubicada en la calle Alta, a unos 200 metros del local.	160.000 €
Insua, Vilalba Casa 3 Dorm 170 m² En la parroquia de Insua, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar, independiente, de unos 170 m² repartidos en dos plantas. La casa tiene bien la fachada y el tejado, el resto tiene que ser reformado. Parcela de unos 9500 m².	60.000 €
C/ Foz, Vilalba Terreno Urbano 297 m² Solar en el que se puede edificar bajo, 3 plantas y ático.	20.000 €
Sixto Primero, Vilalba Casa 3 Dorm 1 Baño 130 m² En la salida de Vilalba (Lugo), vivienda unifamiliar a reformar. Cocina, un baño y varias habitaciones. Terreno de unos 200 m².	50.000 €
C/ Alcalde Fraga Bello, Vilalba Terreno Urbano 140 m² 8 metros de fachada. Se puede hacer sótano, bajo y 3 plantas más ático. El solar tiene salida para las calles Alcalde Fraga Bello y Nevada Bouza.	70.000 €
Santaballa, Vilalba Terreno Urbano 1034 m² Parcela edificable, en la que se puede hacer una vivienda unifamiliar de planta baja y piso. La finca se encuentra cerca de la Charca del Alligal y aproximadamente a 1 km de la autovía Ferrol-Vilalba.	16.000 €
Gatelle, Guitiriz Casa 5 Dorm 1 Baño 230 m² Vivienda rural reformada recientemente, salvo un dependencia de la planta baja. Dispone de cocina, cinco habitaciones, un baño y la zona sin acondicionar. Terreno de unos 1.100 m², un garaje de 39 m² y un almacén de 115 m².	150.000 €
C/ Bispo Rouco Varela, Vilalba Piso 4 Dorm 2 Baño 120 m² Cerca de la zona escolar, piso primero, sin ascensor, de cuatro dormitorios, sala, baño, aseo, cocina, terraza y un trastero en el desván. Se vende completamente amueblado. También se vende con el piso el bajo del edificio de 117 m², destinado a garajes, por 100.000 euros más.	100.000 €

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles Comunidades - Penal

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

COSPEITO: Armando Castosa Alvariño

“O meu obxectivo é acadar un concello moderno, dinámico e preparado para o futuro”

O alcalde leva á fronte da **Alcaldía de forma ininterrompida desde 1991, sempre con maioría absoluta e sostendo a porcentaxe de voto**

Explíquenos un pouco como se iniciou na política.

Sempre tiven unha forte vocación de servizo público. Sempre me gustou avanzar, construír, crear... Acheguei-me á política nun momento en que crín que podía ser útil para mellorar a vida dos veciños e veciñas. No meu partido atopei un equipo de persoas coas que comparto valores como o traballo, a responsabilidade e a proximidade á xente.

Como deu o salto o recibiu o impulso para ser alcalde?

Foi unha decisión meditada, moi meditada. Cando os que naquel momento tiñan ese cometido me propuxeron asumir esta responsabilidade, entendín que era o momento de dar un paso adiante para poñerme ao servizo dese gran proxecto que é o Concello de Cospeito. Despois, o verdadeiro impulso déronmo os veciños coa súa confianza.

A nivel persoal, que sacrificios e beneficios supón formar parte do Goberno do Concello?

Ser alcalde significa renunciar a moito tempo persoal e familiar porque a dedicación é practicamente as vinte e catro horas do día. Pero a maior recompensa é poder resolver problemas, impulsar proxectos e comprobar que o traballo feito mellora o día a día da xente. Iso compensa con creces o esforzo. **Como equilibra a vida pública e a privada?** Non é nada doado, pero intento reservar momentos para a familia e para desconectar, aínda que isto último é practicamente imposible. O apoio das persoas máis próximas é fundamental. Cando un ten claro por que fai as cousas e cun propósito definido, tamén aprende a organizar mellor o tempo.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?

Seguir traballando por un Cospeito con máis oportunidades, mellores servizos públicos e unha maior calidade de vida. O meu obxectivo é aca-

dar un concello moderno, dinámico e preparado para o futuro, sempre escoitando aos veciños.

E se renova na Alcaldía cales son as principais actuacións previstas?

Continuaremos mellorando as infraestruturas, reforzando os servizos municipais, apoiando e promovendo o sector primario, impulsando a ac-

tividade económica e promovendo o solo industrial que temos á disposición de empresas e autónomos. Seguiremos cunha forte aposta pola cultura, o deporte e a atención ás persoas maiores e á mocidade. Tamén seguiremos captando investimentos doutras administracións. O coidado e a promoción turística seguirán sendo un eixo de relevancia na acción de goberno, con especial atención aos nosos espazos e áreas naturais, coa Lagoa de Cospeito como eixo central. Por último, gustárame destacar dúas actuacións nas que estamos traballando con moita ilusión e que, ademais, se complementan entre si.

EN CLAVE PERSOAL

• Idade, estado civil e familiar

62 anos, casado e orgulloso da miña familia

• Profesión e formación

Funcionario de carreira da Administración local. Estudei Ciencias Empresariais

• E si non fora funcionario, que lle gustaría ser?

Tiven moitas inquedanzas, pero sempre me atraeu o ámbito da Administración e da xestión

• Que quería ser de maior

Un profesional que traballara para mellorar a vida dos demais

• Que fai para desconectar?

Imposible desconectar, pero axúdame saír á natureza, a facer deporte, camiñar, ler, coidar o xardín...

• Unha virtude e un defecto

Aínda que se digo que son “perfectamente imperfecto”, probablemente me achegaría moito aos dous conceptos. En todo caso, son “humano, demasiado humano”, que diría Nietzsche.

• Un consello para compartir

Non son de dar consellos. Quizais, escoitar máis e falar menos.

• Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante

Hai tantos e tan bos!! En xeral, todos os clásicos como *Cantares Gallegos*, *Galván en Saor* ou *Memorias de Adriano* (que estou relendo). No cine pasa o mesmo. Aí van tres por distintos motivos: *El Padrino*, *Cinema Paradiso* e *Forrest*

Gump. En música ABBA e Juan Pardo

• Unha afección

A lectura e o tenis, tanto para practicar como para ver

• Un lugar que visitar

Calquera recuncho de Galicia e, imprescindible, a Lagoa de Cospeito

• Unha comida e unha bebida

Cocido galego, auga de Fontoira e un bo viño da Ribeira Sacra (que lles recomendaría moito aos membros da Unesco). De sobremesa: filloas de Muimenta

• Unha persoa admirada

Os meus pais e os meus catro avós, que tiven a inmensa fortuna de coñecer e desfrutar

• Unha posesión prezada

O amor dos meus e a confianza dos veciños e veciñas

• Un desexo

Que Cospeito siga medrando sen perder a súa identidade e convivir en paz

• Algo para esquecer

Os momentos difíciles que viviron moitas familias na pandemia

• Que é o que máis valora nunha persoa?

A lealdade e a honestidade

• Un desafío pendente

Que cada vez máis xente nova poida desenvolver o seu proxecto de vida en Cospeito

• Onde se ve en cinco anos?

Desenvolvendo calquera proxecto con traballo e ilusión



Unha é a mellora da conciliación laboral e familiar, coa intensificación de medidas que permitan compatibilizar o traballo coa vida persoal e familiar. Outra é un gran complexo residencial para persoas maiores e dependentes no que estamos inmersos. A compra de terreos, así como as cuestións técnicas ou urbanísticas, están moi avanzadas e moi pronto faremos a presentación deste proxecto que significará un novo e gran servizo para Cospeito.

Cales son as principais liñas do seu programa?

Proximidade aos veciños, investimento responsable, mellora de servizos (estamos traballando para unha modernización no servizo de recollida de lixo e en programas de dixitalización e informatización con últimas tecnoloxías para a xestión de augas), creación de oportunidades para que a xente nova poida quedar en Cospeito e unha coordinación de todo isto cunha xestión transparente e eficiente dos recursos públicos. Son algunhas das liñas do noso programa, que non todas (sería imposible nomealas nesta entrevista).

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?

Manter e mellorar os servizos (infraestruturas viarias, principalmente) nun concello moi disperso, fixar poboación, crear oportunidades económicas e seguir modernizando infraestruturas. Son retos compartidos por moitos concellos rurais e nos que debemos poñer todo o noso empeño e seguir avanzando.

De que proxectos se sente máis orgulloso?

De todos aqueles que melloraron a vida das persoas. É difícil escoller un só, pero síntome especialmente satisfeito de ver como se foron materializando investimentos e servizos que hoxe xa forman parte do día a día dos veciños. Por nomear un, que estamos rematando e que trouxo moitos anos de esforzo e de investimentos millo-



DATOS

HABITANTES: 4.213.
PARROQUIAS: 20.
EXTENSIÓN: 145 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Vilalba.
CORPORACIÓN: 7 concelleiros do PP, 3 do PSOE e 1 non adscrito.
ALCALDE: Armando Castosa Alvariño, do Partido Popular.
VOCEIRO PSOE: Pablo Alvariño Vázquez.
CONCELLEIRO NO ADSCRITO: Daniel Irímia Yáñez.

narios, destacaría o abastecemento municipal de auga (que ademais, como vai baixo terra, non se ve), pero que, a pesar da brutal dispersión de poboación, conseguimos chegar aos distintos barrios de todas as parroquias do concello.

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?

Gustárame que me visen como unha boa persoa, próxima, accesible, honesta e traballadora, que intenta escoitar a todo o mundo e tomar decisións pensando sempre no interese xeral de Cospeito.

Como é a súa relación coa oposición? Desde o respecto institucional. Podemos ter diferenzas políticas, que son normais en democracia, pero creo que sempre ten que haber espazo para dialogar e colaborar cando o importante é o ben do concello.

cospeito

O PSOE ve deficiencias na escola infantil

O Grupo Municipal Socialista denuncia “graves deficiencias” na escola infantil municipal tras coñecer o contido das inspeccións realizadas pola Xunta, nas que se “recolleron incumprimentos relacionados co persoal, co estado das instalacións e coas condicións nas que se presta o servizo”. Segundo explicou o voceiro socialista, Pablo Alvaríño, a inspección realizada en abril de 2025 pola Consellería de Política Social e Igualdade constatou o incumprimento da ratio mínima de persoal. A acta di que a escola contaba con tres educadoras e unha persoa que desempeñaba funcións de apoio, malia dispoñer de tres unidades en funcionamento:

de 0 a 1 anos, de 1 a 2 anos e de 2 a 3 anos. Alvaríño lembra que a normativa establece que o número de profesionais cualificados debe ser equivalente ao número de unidades en funcionamento. Afirmar o socialista que a inspección identificou tamén graves deficiencias no estado das instalacións, entre elas gretas, humidades, elementos de protección deteriorados e outras incidencias. Ademais, varias familias trasladaron ao PSdeG que o chan de vinilo se atopa moi deteriorado en determinadas zonas, unha situación que consideran un risco importante para a seguridade das nenas e nenos.

Vilapene celebra as súas festas este mes

A parroquia de Vilapene, no concello de Cospeito, celebra este mes as festas na honra da Nosa Señora cun programa que se desenvolverá os días 15, 22 e 23. Tras o xantar popular do día 15, o sábado 22 haberá unha misa ás 13.30 horas, procesión e sesión vermú coa actuación da orquestra La Noria. Pola noite, a formación regresará ao escenario para protagonizar a verbena, na que tamén participará a cantante Ruth Cundins.

O programa concluirá o domingo cunha misa ás 13.30 horas, seguida da procesión e da sesión vermú amenizada polo Dúo Charada, que será o encargado de poñer o broche final ás celebracións organizadas pola Asociación Veciñal.

Obradoro de coiro en San Martiño de Pino

A Biblioteca Rural de San Martiño de Pino será o escenario o 7 de agosto dun obradoiro centrado no benestar persoal e na promoción de hábitos saudables. A actividade, titulada *Energía vital en 15 minutos*, desenvolverase a partir das 12.00 horas e ofrecerá ferramentas sinxelas para incorporar o autocuidado á vida cotiá.

A proposta pretende demostrar que pequenas accións diarias poden xerar grandes cambios para sentirse mellor tanto por dentro como por fóra. As persoas participantes coñecerán recursos prácticos e fáciles de aplicar no día a día para mellorar o seu benestar físico e emocional sen necesidade de dedicarlles moito tempo. O obradoiro enmárcase nas iniciativas de promoción da saúde e do envellecemento activo.

riotorto



Entregan dúas vivendas de promoción pública

A Xunta de adxudicou en réxime de alugamento senllas vivendas de promoción pública situadas nos municipios de Riotorto e Viveiro. Ambas contan con tres dormitorios e a primeira dispón ademais de garaxe e trasteiro.

O delegado territorial, Alfonso Villares, destacou durante o acto de entrega en Riotorto a aposta do Goberno galego por facilitar o acceso á vivenda, “ampliando o parque públi-

co coa construción de novas promocións, abrindo o abano de posibles adxudicatarios ou con axudas directas, entre outras accións”.

Neste sentido, lembrou que ata o 15 de outubro está aberto o prazo para solicitar apoios para a adquisición de vivendas protexidas ou situadas en cascos históricos. “En tres meses abonáronse os 2 millóns de euros iniciais da convocatoria, distribuídos entre 188 beneficiarios”, explicou.

O Festival Pozomouro cumpre a VI edición o 22

A Área Recreativa Ribas do Miño, en Muimenta, acollerá o vindeiro 22 de agosto a sexta edición do Festival Cultural Pozomouro, unha cita organizada por veciños e veciñas da localidade que volverá combinar música, arte, natureza e actividades para todos os públicos.

O cartel musical estará encabezado por Pan de Capazo, Pachamusta, Filophólicas, Dani Convulzionez, Bogong Studio, Feral Booty, Píntega Sistema de Son e Hadri H, que se repartirán ao longo da xornada nun escenario situado á beira do río Miño. Ademais da programación musical,

o festival ofrecerá unha ampla variedade de obradoiros e actividades culturais. Haberá narración oral con Atenea García, un pozo ilustrado con Pablo Rodríguez, un pozo miúdo coa Meiga Ociosa, un pozo circo con Duende Circo, un pozo de vimbio con Salix Albis e un pozo musical con Davizín.

A cita contará tamén cun mercadillo cultural con diferentes proxectos artesanais e creativos, así como cunha zona de acampada gratuíta para tendas e vehículos, co obxectivo de facilitar a asistencia ao festival e favorecer a convivencia entre o público.

Santa Comba da Órrea celebrará as súas patronais os días 7, 8 e 9

A parroquia de Santa Comba da Órrea celebrará as súas festas na honra de Santa Comba e San Antón os días 7, 8 e 9 de agosto comezando o venres cunha gran churrascada a partir das 21.30 horas, organizada por ReyMa. Ao remate, celebrarase unha verbena co dúo Ángel América. Os tickets para participar estarán á venda ata o día 5 de agosto na taberna de Montse a un prezo de 20 euros para adultos e de 15 para nenos de 6 a 15 anos. Os pequenos non pagan. O sábado 8, a xornada arrancará coa

misa solemne ás 13.00 horas, seguida da procesión, o pregón a cargo de Marité do Val e a sesión vermú co Trío Rosel. Pola tarde, ás 18.30 horas, disputarase un torneo de bolos. Xa pola noite, a verbena contará coa actuación do trío Rosel e do dúo Ángel América. As festas concluirán o domingo 9 cunha misa solemne ás 13.45 horas, seguida da procesión e dunha sesión vermú co Dúo Venus. Durante os tres días haberá sorteos, inchables para a cativada e o recinto festivo contará con campo cuberto.



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



MAQUINAS Y RECAMBIOS LEMKEN



CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS, FORESTALES, BIOMASA...

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com



Vinte persoas participan no obradoiro dual de emprego Terras do Sor

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración destina 506.000 euros ao obradoiro dual de emprego Terras do Sor VIII, unha iniciativa promovida polo Concello do Vicedo en colaboración cos municipios de Muras e Ourol.

O obradoiro conta con 20 prazas e inclúe tres especialidades formativas que se desenvolven desde xuño e ata febreiro. Dúas delas están vinculadas aos traballos de carpintería e moble, mentres que a terceira cén-

trase nas tarefas de conservación e mellora de montes.

No caso do Vicedo, os traballos céntranse no acondicionamento de diferentes rutas de sendeirismo e na fabricación de mobiliario de madeira destinadas a zonas verdes e un soportal para o centro social do Folgueiro, entre outras actuacións.

En Muras e Ourol, as tarefas previstas estarán relacionadas coa elaboración de mobiliario de madeira para dependencias municipais.

O PP denuncia ao alcalde por contratar irregularmente os servizos xurídicos

O Partido Popular de Muras presentou unha denuncia contra o alcalde do municipio, Manuel Requeijo, na que lle atribúe unha presunta actuación irregular na contratación de servizos xurídicos por parte do Concello ao longo da última década. A formación sostén que os importes abonados desde o ano 2015 a varios despachos profesionais superarían amplamente os límites establecidos para os contratos menores.

Segundo expón, o Concello tería destinado arredor de 387.000 euros a traballos de asesoramento e representación legal mediante encargos realizados a dúas sociedades vinculadas entre si. A denuncia, impulsada pola portavoz municipal do PP, Eugenia Requeijo, considera que esta fórmula puido permitir a contratación continuada de servizos sen recorrer aos procedementos ordinarios previstos pola lexislación en materia de contratación pública.

Os populares apuntan que unha das cuestións que centran as súas sospeitas é a relación existente entre ambas as sociedades, nas que figura

a mesma profesional con responsabilidades de administración nunha e participación societaria na outra. Ademais, vinculan unha das firmas ao letrado Óscar Insua Lema, actual alcalde de Corcubión e deputado do Parlamento de Galicia polo BNG. Na documentación presentada recóllese que as facturas corresponderían tanto a labores de defensa xurídica como a tarefas de asesoramento ao Concello durante varios exercicios. O PP considera que, de confirmarse a existencia de servizos de natureza semellante contratados de maneira reiterada, podería terse superado o límite económico permitido para os contratos menores.

A formación tamén fai referencia a informes emitidos pola intervención municipal nos que se advertiría sobre determinadas facturas presentadas polas empresas afectadas. Segundo a súa interpretación, estes reparos evidenciarían discrepancias respecto da tramitación dalgúns pagamentos realizados polo Concello. Pola súa banda, o alcalde de Muras optou por non realizar valoracións

sobre o asunto ao sinalar que non recibiu ningunha notificación oficial relacionada coa denuncia nin coa súa eventual admisión a trámite.

Dirixentes galegos do PP consideran que os feitos deben ser aclarados para determinar se existiu algún tipo de responsabilidade, mentres que desde outras formacións tamén se reclamou transparencia sobre as contratacións realizadas e as relacións profesionais entre as empresas implicadas.

A portavoz nacional do BNG, Ana Pontón, cualificou a actuación dos populares de "cacería política" e asegurou que responde unicamente a que o rexedor "lle planta cara ás eléctricas para defender os intereses dos veciños e das veciñas de Muras". Pola súa banda, Manuel Requeijo declinou facer valoracións sobre o asunto ao asegurar que non recibiu ningunha notificación oficial relativa á denuncia nin á súa eventual admisión a trámite. O caso queda agora pendente de que os órganos competentes decidan se inician actuacións para analizar os feitos expostos.

Renovarán 156 puntos de luz con tecnoloxía LED

O Concello de Abadín levará a cabo unha nova actuación para continuar coa modernización do alumeadado público mediante a substitución de 156 luminarias por equipos de tecnoloxía LED. A intervención permitirá mellorar a eficiencia enerxética, reducir o consumo eléctrico, aumentar a calidade da iluminación e diminuír os custos de mantemento das instalacións municipais.

O proxecto conta cun investimento de 94.412,16 euros e estará financiado ao cento por cento a través do Fondo de Compensación Ambiental.

As actuacións desenvolveranse en diferentes rúas e espazos públicos do casco urbano de Abadín e tamén no núcleo de Gontán.

Entre as zonas nas que se renovará o alumeadado figuran a Avenida de Galicia, Camiño Real, Calvo Sotelo, Rúa Real, Rúa da Fonte, a Praza do Campo da Feira, a Praza de Gontán, a Estrada de Fanoi, a vía que comunica Labrada con Gontán e o barrio das Pedreiras.

A intervención permitirá retirar as antigas luminarias de sodio, vapor de mercurio e halóxenos para instalar novos equipos LED de última xeración, unha actuación coa que o Concello busca avanzar cara a un modelo de iluminación máis eficiente, sostible e respectuoso co medio ambiente.

Abadín desenvolve melloras nos núcleos de Coido e Rega do Foxo

O Concello de Abadín está a levar a cabo unha actuación de mellora da drenaxe no vial de acceso ao núcleo de Coido, situado na parroquia da Graña, co obxectivo de optimizar a evacuación das augas pluviais e incrementar a seguridade e conservación da infraestrutura viaria.

Os traballos desenvólvense ao longo de 290 metros de estrada e inclúen a construción dunha cuneta remontable en forma de media cana destinada á recollida das augas de choiva e á súa condución cara aos sumidoiros existentes.

A intervención complétase coa instalación dunha condución formada por un tubo de 400 milímetros de diámetro, que permitirá canalizar adecuadamente as escorrentías e mellorar o sistema de drenaxe da vía, reducindo os problemas derivados da acumulación de auga durante os episodios de precipitación.

As obras están a ser executadas pola empresa Construcciones Cholo, S.L., con sede en Vilalba, e forman parte das actuacións impulsadas polo Concello para mellorar as infraestruturas



e os servizos nos distintos núcleos rurais do municipio.

CASTROMAIOR. O Concello continúa desenvolvendo tamén actuacións de mellora nos distintos núcleos de poboación do municipio co obxectivo de reforzar a seguridade, a comodidade e a mobilidade da veciñanza.

Están en marcha os traballos de pavimentación con aglomerado asfáltico na zona da Rega do Foxo, na parroquia de Castromaior. Esta intervención permitirá mellorar o estado da vía de acceso e contribuír ao acondicionamento da contorna, facilitando

os desprazamentos dos veciños e veciñas. As obras están a ser executadas pola empresa Construcciones Cholo, S.L., con sede en Vilalba, dentro das actuacións impulsadas polo goberno local para a conservación e modernización das infraestruturas municipais.

Desde o Concello destacan que estes traballos forman parte do compromiso de continuar investindo na mellora da rede viaria e na atención ás necesidades dos diferentes núcleos de poboación de Abadín, co propósito de ofrecer uns servizos e unhas comunicacións máis axeitadas para toda a cidadanía.



gato con botas

zapatería


C/ Plácida Peña, 8 - Bajo
27800 Vilalba (Lugo)
Tel: 982516550

Veciños de Caraxeita denuncian o abandono dunha pista municipal

Veciños do barrio de Caraxeita, na parroquia de Felmil, denuncian o deterioro dunha pista municipal e a falta de mantemento de parcelas de titularidade pública situadas nas proximidades de vivendas, unha situación que aseguran que se repite ano tras ano sen que se adopten solucións por parte do Concello de Begonte.

Segundo explican, a vía que comunica Caraxeita co cruzamento da estrada que une Rábade e Cospeito presenta un estado moi deficiente debido á presenza de numerosos socavóns ao longo do seu percorrido. A veciñanza considera que as condicións actuais dificultan a circulación e poden supoñer un risco tanto para os vehículos como para as persoas que transitan a pé por esta estrada municipal.

Os residentes afectados afirman que trasladaron as súas queixas e reclamacións ao Concello en varias ocasións, pero aseguran que, polo momento, non teñen constancia de que estea prevista ningunha actuación para mellorar a situación. Ante esta circunstancia, optaron por facer



pública a súa denuncia a través dos medios de comunicación coa intención de chamar a atención das administracións responsables.

Ademais do estado da pista, os veciños tamén alertan da falta de limpeza e desbroce en determinadas parcelas de propiedade municipal situadas preto de vivendas. Neste sentido, sinalan o caso dunha finca localizada tamén en Caraxeita que, segundo denuncian, permanece sen acondicionar malia atoparse xunto a edificacións habitadas.

A veciñanza considera que esta situación pode incrementar o risco en caso de incendio e lembra que a normativa autonómica en materia de prevención de incendios forestais establece obrigas de xestión da biomasa nas proximidades dos núcleos habitados. Por iso, reclaman ao Concello que acometa os traballos de mantemento necesarios tanto nas vías municipais como nos terreos da súa titularidade para garantir a seguridade e o benestar dos residentes da zona.

O Festival 27373 convoca a 14ª edición para o día 8

O Festival 27373 de música en galego volverá reunir o próximo 8 de agosto no Clube Fluvial de Begonte unha ampla representación da escena musical galega coa celebración da súa décimo cuarta edición. A xornada comezará ás 13.45 horas cunha sesión vermú amenizada polo grupo O Son do Puchero, dentro do programa Tradigalu da Vicepresidencia da Deputación. O público poderá degustar, ademais, un novo lote de cervexas artesanais. A programación continuará pola tarde cun aberto de billarda ás 17.00 horas e un campionato de cimbrón ás 18.00. Media hora despois será a quenda de Pitusa Semifusa, o proxecto musical e didáctico liderado pola ourensá Olga Brañas, que ofrecerá un espectáculo pensado para achegar a música e os instrumentos ao público infantil a través dun formato participativo e lúdico.

Os concertos nocturnos arrancarán con Sun Lou, a banda encabezada por Tamara Martínez, que presentará o seu novo traballo, Egos. O

grupo destaca por fusionar rock, punk, electrónica e tradición galega con letras de carácter reivindicativo e comprometido.

O cartel complétase coa actuación de Axeigo, formación de música tradicional galega que regresa ao festival máis dunha década despois da súa participación nas primeiras foliadas organizadas polo colectivo. A banda presentará o seu último traballo discográfico, *Recuncando*, nunha actuación marcada pola combinación de tradición e renovación musical.

O peche da décimo cuarta edición correrá a cargo de The Lelli Kelly's, grupo do Morrazo que levará ao escenario o seu estilo baseado no rock clásico, o *punk* e o *rhythm & blues*, cun directo caracterizado pola enerxía e a intensidade.

O Festival 27373 manterá tamén nesta edición a súa entrada de balde e ofrecerá zona de acampada libre, consolidándose como unha das citas culturais e musicais de referencia do verán na comarca lucense.

Inviste en Friol





**CONCELLO
DE FRIOL**

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

O PAI de Pol estará rematado no mes de novembro para atender a 25 nenos

O Concello de Pol contará o vindeiro mes de novembro cun novo Punto de Atención á Infancia (PAI), un servizo destinado a nenos e nenas de entre 0 e 3 anos que permitirá atender ata 25 menores e ampliar os recursos de conciliación para as familias do municipio. O proxecto executarase grazas ao financiamento da Deputación de Lugo, que aprobou un convenio co Concello dentro dun paquete de investimentos destinado a reforzar os servizos municipais.

O novo equipamento situarase na área deportiva da localidade, ao carón da pista de pádel, nun pequeno edificio deseñado especificamente para albergar este servizo educativo e asistencial. A previsión do goberno local é que as obras estean completamente rematadas durante o mes de novembro, co obxectivo de que o centro poida comezar a funcionar canto antes.

O alcalde, Lino Rodríguez Ónega, puxo en valor a importancia desta infraestrutura para un concello do rural que busca seguir ampliando os servizos públicos e ofrecer máis facilidades ás familias con fillos pequenos. “O importante é seguir dando servizos aos veciños e veciñas”,



destacou.

O rexedor explicou que o PAI nace coa intención de facilitar a conciliación da vida laboral e familiar, ofrecendo unha ampla franxa horaria que se estenderá, previsiblemente, desde as oito da mañá ata as cinco da tarde. “Queremos dar todas as opcións posibles e intentar conciliar a vida familiar e laboral, axudando aos pais con nenos pequenos mentres non van ao colexio”, sinalou.

Rodríguez Ónega incidiu tamén en que este tipo de recursos poden contribuír a facer máis atractiva a vida no rural nun contexto marcado polo descenso da natalidade. “Debido á escaseza da natalidade, isto pode servir de axuda”, asegurou, convencido de que a existencia de servizos para a primeira infancia é un factor que pode favorecer que as familias decidan permanecer ou establecerse no municipio.

O edificio contará cun deseño funcional pensado para garantir tanto a comodidade dos menores como a supervisión constante por parte do persoal. Disporá de dúas áreas claramente diferenciadas: unha sala destinada ao xogo e ás actividades educativas e outra zona reservada para o descanso e as comidas. Ambos espazos estarán separados por unha cristaleira que permitirá manter en todo momento o control visual dos

nenos e nenas.

A actuación forma parte dos convenios de cooperación aprobados pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, que destinará máis de 200.000 euros ao Concello de Pol para facer realidade este Punto de Atención á Infancia e reforzar tamén o mantemento da zona deportiva e das piscinas municipais.

Segundo explicou a voceira socialista do Goberno provincial, Pilar García Porto, este investimento enmárcase dentro dun paquete global de 2,7 millóns de euros destinado a fortalecer a cooperación cos concellos, apoiar o tecido produtivo e mellorar as infraestruturas e os servizos públicos da provincia.

A responsable provincial subliñou que o novo PAI permitirá ofrecer atención educativa aos nenos e nenas de 0 a 3 anos, favorecendo a conciliación das familias e contribuíndo á fixación de poboación no rural, un dos principais retos demográficos aos que se enfrontan concellos como Pol.

Co horizonte posto no mes de novembro para a finalización das obras, o Concello confía en incorporar un servizo moi demandado pola veciñanza e que suporá un importante reforzo da oferta asistencial e educativa para as familias con menores de curta idade, consolidando unha aposta por manter e ampliar os servizos públicos como ferramenta para mellorar a calidade de vida no municipio.

A Festa ó Emigrante celebrará a súa XLI edición o 24 de agosto

A Carballeira de Mosteiro acollerá o luns 24 de agosto a XLI edición da Festa ó Emigrante, unha das citas máis tradicionais do calendario festivo do municipio, que volverá reunir veciñanza, emigrantes e visitantes nunha xornada de convivencia.

O programa dará comezo ás 13.00 horas cunha misa solemne na Carballreira de Mosteiro. Media hora máis

tarde celebrárase o pregón, que nesta edición correrá a cargo de Manuel Abreira Fernández, un polense emigrado da México.

Ás 14.00 horas terá lugar o descubrimento da placa conmemorativa do XL aniversario da Festa ó Emigrante, un acto que servirá para lembrar as catro décadas desta celebración. A continuación, ás 14.15 horas, desenvolverase a sesión vermú, ameniza-

da polo grupo Stereo.

A programación continuará ás 15.00 horas co tradicional xantar popular na Carballeira de Mosteiro. Xa pola tarde, a partir das 16.30 horas, os máis pequenos poderán desfrutar de xogos infantís.

A xornada festiva rematará coa gran verbena, prevista para as 23.00 horas, que contará coa actuación das orquestras Stereo e Triunfo.

A Carballeira acollerá o 9 de agosto unha nova festa de Leña Verde

Mosteiro, concretamente a Carballreira, será o escenario o domingo 9 de agosto dunha nova edición da festa de Leña Verde de Pol, unha xornada festiva que volverá reunir música, gastronomía e tradición nun dos encontros culturais do verán na comarca.

A programación comezará ás 14.00 horas cun vermú e aperitivos amenizados pola actuación do grupo de pandeireteiras As Charamuzas, que abrirán unha tarde dedicada á música de raíz galega.

Ás 15.00 horas celebrarase o tradicional xantar popular, no que cada asistente poderá levar a súa propia comida. A organización ofrecerá tamén a posibilidade de adquirir no propio recinto polbo, churrasco e filloas para completar a oferta gastronómica da xornada.

A partir das 17.00 horas terá lugar o apartado musical principal do evento, coa actuación dos grupos



Os Agustinos e Trasadomba, que poñerán o ritmo, acompañando ao propio anfitrión, Leña Verde, a unha tarde na que se agarda unha ampla participación de veciños e visitantes.

A iniciativa está organizada pola asociación cultural Leña Verde e conta coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, a través da área de Cultura, así como do Concello de Pol e da asociación Filloas á Muimenta, que levará unha mostra a esta festa.



ABERNA

T: 982 510 061

facebook/ataberna.vilalba

info@atabernavilalba.com

www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO
Y SABOREA

RECORTA CERVEZA
DE BARCEL

ALCO

REVUELTOS

PICAR

HAMBURGUESAS
FRESCAS DE VERDAD
ENSALADAS

PASTAS
CON SALSA NARANJA

RAXO CON PATATAS

ALCO PARA

COMPARTIR TAPAS

NUESTRA CARTA

SABOREAR TORTILLAS

NUESTROS DELICIOSOS



DO
Denominación de Origen
Protegida
RIBERA
DO

O PSOE celebra unha nova fase das obras da rúa Álvaro Cunqueiro

O PSdeG puxo en valor o avance da segunda fase das obras de pavimentación da rúa Álvaro Cunqueiro, financiadas pola Deputación de Lugo cun investimento de 18.783,31 euros. Esta nova actuación permitirá completar a mellora da vía tras a primeira fase xa executada e eleva a 32.000 euros o investimento total realizado pola institución provincial nesta rúa.

O voceiro socialista, Alejandro Martínez, destacou que os traballos permitirán renovar o firme e mellorar a mobilidade e a seguridade da veciñanza. “Esta actuación responde a unha das necesidades que o PSdeG de Rábade trasladou ao Goberno da Deputación de Lugo, que volve demostrar a súa capacidade para escoitar, atender as demandas do municipio e convertelas en investimentos concretos”, afirmou.

Esta intervención súmase aos máis de 700.000 euros mobilizados pola Deputación de Lugo nos últimos



tres anos para a mellora de vías e instalacións municipais. En concreto, a institución provincial investiu 224.000 euros na Avenida dos Remedios; máis de 132.000 euros nas rúas Miguel de Cervantes e Doutor Fleming; 32.000 euros na rúa Álvaro Cunqueiro; 68.000 euros na rúa Bautista Núñez; e 258.000 euros na renovación do campo de fútbol municipal e na construción dos novos vestiarios.

“As cifras falan por si soas: a Depu-

tación leva investidos 714.000 euros en actuacións útiles para Rábade, mentres a Xunta de Rueda continúa sen impulsar ningunha obra de relevancia no municipio”, asegurou Martínez. “Cando remate a lexislatura o balance dos gobernos do Partido Popular será moi claro: nin unha soa actuación de calado para Rábade”, engadiu.

O voceiro socialista advertiu de que “tres anos de goberno do PP son tres anos sen un proxecto para Rábade”.

A vila contará cunha intensa semana de actividade polas festas

Rábade vivirá do 10 ao 16 de agosto unha nova edición das súas festas de verán. As celebracións comezarán o luns 10 de agosto coa posta en marcha das actividades deportivas no Campo da Feira, que servirán como antesala dunha semana cargada de propostas.

O mércores 12 estará marcado polo eclipse solar. O Centro Sociocultural acollerá ao mediodía unha charla titulada *O eclipse total desde Rábade*, impartida pola meteoróloga da AEMET Estella Gutiérrez Marco. Xa pola tarde, ás 19.00 horas, está prevista unha concentración no campo de fútbol para seguir o fenómeno astronómico, onde se repartirán gafas especiais.

O xoves chegará o pregón oficial das festas, que correrá a cargo do atleta Javier Ángel Vázquez Orejas, recentemente recoñecido por completar o circuíto das World Marathon Majors. A xornada incluírá tamén o estoupido de bombas de palenque e a celebración do XXV Rabafolk no Campo da Feira, coa participación dos grupos Mestura de Nete, Breo, Airiños da Freba e Eris Mackenzie. Ademais, celebrase a décimo novena edición do Tour da Cervexa.

O venres 14 será festivo local cunha sesión vermú coa orquestra Nueva Fuerza e a actuación da Banda Sons e Soños. O programa inclúe tamén os xantares campestres nas beiras do río, a XXIV Esbatuxada, consistente no descenso do río en embarcacións de fabricación caseira, e a actuación da Banda Xuvenil da

Escola Municipal de Música. Pola noite será a quenda do concerto da banda de pop-rock IV e dunha gran verbena con Nueva Fuerza e a orquestra Royal Espectáculo.

A programación continuará o sábado coa música da Charanga Ramboleo polas rúas da vila e a misa solemne na honra da patroa. A sesión vermú estará amenizada pola orquestra La Noria e durante a tarde celebrase unha quedada para o intercambio de cromos do Mundial 2026 na Praza de España, ademais da trixésima edición do Día da Bicicleta. Os participantes poderán gozar posteriormente dunha chocolatada con churros. A noite estará marcada pola XX Descarga Pirotécnica da Peña O Foguete, a verbena coa orquestra La Noria, os fogos artificiais e a actuación internacional de Monterrojo.

O domingo 16 de agosto porá o broche final ás festas. Desde primeira hora da mañá o grupo Axelgo percorrerá distintos puntos da localidade, antes da misa solemne na honra de Nosa Señora. A sesión vermú prolongarase ata a tarde coa música de Fortunato e DJ Casanova e cun pequeno petisco organizado pola comisión.

Durante a tarde haberá un sorteo con agasallos para os máis novos e unha gran festa infantil. A música continuará con DJ Francis e, xa pola noite, a Praza de España converterase no escenario da representación teatral Niquí Ñaque, protagonizada por Dani Lago e Ángel Blanco.

Concentración Motoclub Rábade Biker's

Rábade converterase os días 22 e 23 de agosto no punto de encontro dos afeccionados ao motociclismo coa celebración da segunda edición da Concentración Motoclub Rábade Biker's, un evento aberto a todos os públicos que reunirá rutas, exhibicións, música, gastronomía e actividades para todas as idades.

A programación dará comezo o sábado 22 de agosto coa apertura e recollida de inscricións a partir das 9.30 horas. Ás 10.30 horas iniciárase

unha excursión con parada no concello de Cospeito, onde os asistentes poderán gozar dun petisco. A sesión vermú celebrase ás 13.00 horas e media hora despois ofrecerase unha pinchada para os inscritos.

Durante a tarde haberá colchonetas gratuítas para os máis pequenos e xogos populares, antes dunha exhibición de stunt a cargo de Balles & Pichu. Xa pola noite desenvolverase unha ruta en homenaxe aos motoristas falecidos, seguida da cea para

os inscritos e dunha festa amenizada polo DJ Koki.

A actividade continuará o domingo 23 de agosto coa apertura das inscricións e unha nova saída en ruta, nesta ocasión con parada no Castro de Friol, onde tamén se ofrecerá un petisco aos participantes. A sesión vermú dará paso á comida de confraternidade para os inscritos, tras a que se celebrará o sorteo de agasallos e a entrega de trofeos, poñendo o punto final á concentración.

CASTRO RIBEIRAS DE LEA

FESTAS NA HONRA A SAN ROQUE E DULCE NOME DE MARÍA

OS DÍAS 7/8/9/10 DE AGOSTO DE 2026

VIÑEIRAS
07
22:00 h.: IV CHURRASCADA VECIÑAL
Podrá asistir todo aquel que queira presentado a tiquetes. Tiquetes en tiquetes vendéndose nas casas a recollida das cartas, as que non teñan tiquetes poderen recollerlos chamando a 981.79.00.00 ou 981.79.00.04. UNO DO TIOUS 1,50.
Para poder asistir a churrascada imprescindible presentar o tiquete.
23:30 h. VERBENA COA ORQUESTRA

PUNTO CLAVE
FUXSIÓN LATINA

SÁBADO
08
22:00 h. - Presentación e actuación da Agrupación
23:00 h. - Misa Solemne e Procesión
24:00 h. - Sesión Vermú a cargo das Orquestras
25:00 h. - Comemoración da Verbena coas Orquestras
OS VALUROS
COMPOSTELA e SUPER TOP

DOMINGO
09
22:00 h. - Presentación por todo a vila
23:00 h. - Misa Solemne e Procesión
24:00 h. - Sesión Vermú a cargo das Orquestras
25:00 h. - Festa da Espuma, Modulación, Tiro, merendea etc...
26:00 h. - Comemoración da Verbena a cargo das Orquestras
LOS ESPAÑOLES
PARIS DE NOIA

LUZES
10
22:00 h. - Misa Solemne
23:00 h. - Misa Solemne coa Banda de Música
Antes do remate da sesión vermú, degustación gratuíta de produtos de locais autóctonos en perigo de extinción, dentro do programa "UN GUSTO DE RURAL UN RURAL DE GUSTO" promovido pola "VICEPRESIDENCIA DA DEPUTACIÓN DE LUGO" en colaboración con "BOAGA"
25:00 h. - Verbena a cargo das orquestras
ESCAPARATE + DISCOMÓVIL E DJ
PANORAMA CITY

A COMISIÓN DE FESTAS AGRADECE ENORMEMENTE A VECIÑ@S E EMPRESAS A SÚA COLABORACIÓN

CONCELLO DE CASTRO DE REI

DEPUTACIÓN DE LUGO

XUNTA DE GALICIA

a pastoriza

O BOE recolle o cambio do nome da vila no Nomenclátor

O Boletín Oficial do Estado (BOE) publicou o decreto que oficializa a actualización do Nomenclátor de Galicia, unha revisión que supón a modificación de máis de 4.000 topónimos en toda a comunidade. Os cambios xa entraran en vigor o pasado 11 de abril tras a súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG). A revisión foi elaborada pola Real Academia Galega (RAG) e afecta a unha ducia de concellos: A Caniza, A Ribeira de Piquín, Alfoz do Castrodouro, Cangas de Morrazo, Cerdedo, Cotobade, Mondariz Balneario, O Campo Lameiro, O Castro de Caldeas, O Porto do Son, O Riós, Oza Ceuras e Pastoriza.

A actualización forma parte do acordo aprobado polo Consello da Xunta a proposta da RAG e inclúe a modificación de 2.531 topónimos, entre eles 2.335 lugares, 182 parroquias e doce municipios. Ademais, incorpóranse ao rexistro oficial 1.655 novos nomes de lugares. Como resultado, o Nomenclátor de Galicia pasa a contar con 42.909 entradas.

A Consellería de Cultura explica que esta revisión responde ao obxectivo de recuperar as formas tradicionais e históricas da toponimia galega, moitas delas alteradas ao longo dos séculos por procesos de castelánización, especialmente nos usos administrativos e oficiais.

Bretoña celebrará as festas os días 21, 22 e 23 de agosto

A parroquia de Bretoña celebrará os días 21, 22 e 23 de agosto as festas na honra de Santa María cun completo programa. A programación dará comezo o venres 21 cunha liscada gratuíta a partir das 21.30 horas. A continuación celebrarase a verbena, amenizada polos grupos Los Key e Beatriz.

O sábado desenvolverase a xornada principal. A partir das 13.00 horas terá lugar a pasarrúas a cargo do Grupo de Música e Baile Tradicional da Pastoriza. Ás 14.00 horas celebrarase a misa solemne, seguida da procesión e da sesión vermú coa orquestra Los Españoles. Pola noite, desde as 23.00 horas, a verbena contará coa actuación das orquestras Los Españoles e New York.

As celebracións rematarán o domingo 23 cunha misa ás 13.00 horas, seguida da procesión e da sesión vermú, que estará amenizada polo grupo JB Son, encargado tamén de poñer o broche final a unha nova edición das festas patronais de Bretoña.



O delegado da Xunta e o alcalde abordan as actuacións en curso

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, e o alcalde de Pastoriza, Darío Cabaneiro, abordaron diferentes actuacións para mellorar infraestruturas e servizos no municipio.

Villares afirmou que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes xa ten resoltas tres das principais liñas de axudas a concellos que convoca anualmente. A través delas colabora este ano co concello de Pastoriza na renovación da rede de abastecemento de auga no Abeal e O Couso e da rede municipal; así como no acondicionamento dos vestiarios do pavillón de Bretoña.

A primeira iniciativa recibe preto de 61.400 euros da liña non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, e a segunda 33.900 euros da convocatoria para mellorar infraestruturas públicas.

Así mesmo, no tocante ás conexións viarias locais, Villares subliñou que este ano a Consellería do Medio Rural e o Concello asinaron tres convenios por un importe total que ronda os 145.100 euros para acondicionar camiños nas parro-

quias de Pastoriza, A Regueira, Lagoa, Vián, Úbeda e Pousada.

Igualmente salientou o fomento do emprego a nivel local, con accións como o obradoiro de emprego O Castro XI, que está en marcha nos municipios de Pastoriza, A Ribeira de Piquín, Riotorto, Castroverde e Pol.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración financia con case 455.000 euros este novo taller, que brinda a vinte persoas desempregadas unha oportunidade laboral no sector forestal.

Por último, Villares tamén fixo referencia á colaboración para o impulso turístico de Pastoriza. Salientou a creación da ruta de ruta de sendeirismo Mar Verde o ano pasado cunha achega de 29.500 euros da Axencia de Turismo de Galicia.

Ademais, ese mesmo organismo asinou neste exercicio un convenio co Concello para apoiar con 17.000 euros a contratación de dúas persoas durante nove meses como persoal de apoio nos Centros de Interpretación de Bretoña e do Alto Miño.

EXPOSICIÓN FAUNA ESENCIAL



A exposición de fotografías *Fauna esencial* pode visitarse xa no Centro de Interpretación do Alto Miño (Fonmiñá) ata o 26 de agosto, de luns a sábado de 10.30 a 13.30 horas. É unha enriquecedora viaxe a través da diversidade da vida silvestre. Está conformada por 28 fotografías de gran formato realizadas polo naturalista Ezequiel Martínez, fotógrafo especializado en retrato de natureza que colabora con numerosas publicacións especializadas.

outeiro de rei



Dezasete mozos e mozas participan no programa Deseñando o teu futuro

O Concello de Outeiro de Rei desenvolveu entre os días 20 e 27 de xullo unha nova edición do programa Deseñando o teu futuro XII, unha iniciativa dirixida a achegar o alumnado ao mundo laboral a través de estadias formativas en empresas do municipio. Nesta edición participaron un total de 17 mozos e mozas, que tiveron a oportunidade de coñecer de primeira man o funcionamento de distintos sectores profesionais.

Durante cinco días, os participantes realizaron prácticas de catro horas diarias en empresas colaboradoras como Área 507, Avifauna, D10 Centro Deportivo, Garatuxa, Pan e Panadería de Ousá, a gandería de Paulino Carral Méndez, Spar-Express Peteira e Transformacións Agrícolas e Forestais M. Ángel. Ademais, outras firmas como Ben Alonso SL, Idea Almacén de Papelería, Laserlucus, Pan do Manuel e Xardinería Santa Isabel tamén se ofreceron para colaborar nesta iniciativa.

Desde o Concello destacan que esta experiencia permitiu aos participantes coñecer o traballo diario nas empresas elixidas e colaborar en diferentes tarefas, ofrecéndolles un primeiro contacto co mercado laboral. Como resultado desta edición, unha das participantes conseguiu un emprego para este verán na empresa na que realizou as prácticas.

O programa completouse cunha visita ao Polo de Emprendemento de Friol, onde os mozos e mozas coñeceron as instalacións e o labor que desenvolve o persoal técnico para impulsar e consolidar proxectos emprendedores. Tamén tiveron ocasión de escoitar as experiencias de dous emprendedores.

A clausura da iniciativa tivo lugar no Concello de Outeiro de Rei, onde o alcalde, José Pardo Lombao, mantivo un encontro cos participantes para intercambiar impresións sobre a experiencia e fixo entrega dos diplomas acreditativos.

Lostregos Lucus organiza un curso de seguridade viaria para motoristas

O Moto Club Lostregos Lucus celebrará o 15 de agosto un curso de técnicas de seguridade viaria en motocicleta dirixido a persoas afeccionadas ás dúas rodas que desexen perfeccionar a súa condución e adquirir maiores coñecementos para circular con seguridade.

A iniciativa conta un ano máis coa colaboración do Concello, que cederá as instalacións do circuito municipal para o desenvolvemento das sesións prácticas e teóricas previstas durante a xornada.

Segundo explican desde a organización, a actividade está deseñada para un máximo de 12 participan-

tes co fin de ofrecer unha formación máis personalizada. O curso está aberto a motoristas de calquera nivel de experiencia, desde persoas que se iniciaron recentemente ata condutores habituais que queiran mellorar as súas habilidades.

O principal obxectivo da formación é reforzar a técnica de condución e dotar aos participantes de ferramentas para afrontar con maiores garantías diferentes situacións de risco que poden producirse na estrada.

As persoas interesadas poden formalizar a súa inscrición chamando ao teléfono 619 98 78 09.

As festas do Quince en Meira darán comezo o venres 14

Meira prepárase para vivir os seus días grandes coa celebración das Festas do Quince, que se desenvolverán desde o venres e ata o luns na honra á Nosa Señora e San Roque.

As actividades arrancarán o venres cun concerto da Banda de Música de Meira ás 19.30 horas, seguido do VI Trofeo Festas Vila de Meira que enfrontará ao equipo local contra o SD Pol. A animación continuará ás 20.30 horas coa charanga Mekanika Rolling Band e, tras o pregón programado para as 22.30 horas a cargo de Pili da Librería, dará comezo unha gran verbena que contará coas actuacións da orquestra Fórmula e a discoteca móbil Hermo Disco Truck.

O sábado, a xornada comezará desde a mañá coa creación dunha escultura en directo de Eugenio Linares, ademais do sorteo de 2000 puntos. Ás 13.00 horas celebrárase a misa solemne e a procesión coa Banda de Música de Meira, dando paso á sesión vermú co grupo Rubí. Pola tarde disputarase un torneo 3x3 no Plantío ás 18.00 horas, mentres que a verbena estará amenizada pola orquestra Gran Parada e o propio Grupo Rubí. Para o domingo, os actos comezarán ás 12.30 horas coa saída da igrexa da procesión cara á Capela de San Roque, acompañada pola Banda de Gaitas de Meira, seguida da misa solemne ás 13.00 horas. O grupo D'Kriss encargárase de poñerlle ritmo á sesión vermú e repetirá pola noite na verbena compartindo cartel co Combo Dominicano.

O luns pecharase a programación festiva cunha xira campestre que contará co dúo D'Cache tanto na sesión vermú coma na verbena, esta última acompañada tamén pola disco-móbil Patakiña.



Amancio Prada ofrecerá o xoves 6 un concerto

O músico berciano Amancio Prada ofrecerá en Meira o concerto *Místicos y románticos*, un recital único que o recoñecido cantautor ofrecerá o xoves 6 de agosto, na igrexa Monasterial de Santa María.

A sesión está organizada conxuntamente pola Deputación de Lugo, Concello de Meira e Cofradía Nosa Señora do Pedregal.

Místicos y románticos propón unha viaxe musical íntima na que Amancio Prada, acompañado unicamente pola súa voz e guitarra, interpreta textos da obra de catro figuras universais da literatura: os místicos Santa Teresa de Jesús e San Juan de la Cruz, e os grandes referentes do romanticismo, Rosalía de Castro e Gustavo Adolfo Bécquer.

O concerto terá lugar nun único paseo ás 21:00 h. O concerto preséntase

como unha das citas culturais máis destacadas do verán na provincia, unindo patrimonio, espiritualidade e excelencia musical. As entradas están dispoñibles en Ataquilla e na oficina de turismo de Meira. Pódense adquirir a través desta ligazón.

Amancio Prada (Dehesas, León, 1949) é un dos referentes da canción de autor en España, cunha carreira que supera as cinco décadas. Ao longo da súa traxectoria recibiu recoñecementos como a Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes (2010), a Medalla Castelao (1995) e o Premio da Cultura Galega (2019).

A súa obra combina composicións propias e adaptacións de textos clásicos e contemporáneos, desde cantigas medievais ata poetas como Lorca, Cunqueiro, Juan Ramón Jiménez e Rosalía de Castro

A Meda e a Malla serán o 22 e 23 de agosto

Meira volverá render homenaxe ás súas tradicións agrícolas coa celebración dunha nova edición da Festa da Malla, que terá lugar o vindeiro 23 de agosto. A cita reunirá, un ano máis, a veciñanza e visitantes arredor dunha das recreacións etnográficas máis representativas da comarca, convertida xa nun dos eventos destacados do verán no municipio.

A programación comezará o 22 de agosto coa tradicional Meda, unha das actividades previas máis simbólicas da celebración, na que tamén terá lugar a lectura do pregón que dará oficialmente o pistoletazo de saída á festa.

A organización ultima os detalles dun programa do que aínda non se coñecen todas as actividades previstas. Non obstante, xa está confirmada a celebración dunha exposición de artesanía e dunha

mostra de maquinaria antiga, dous espazos que permitirán achegarse aos oficios tradicionais e aos apeiros que durante décadas formaron parte do traballo no campo.

A xornada principal, o domingo 23 de agosto, contará tamén cun xantar popular, pensado como un momento de encontro e convivencia entre os asistentes, mantendo o espírito participativo que caracteriza esta celebración.

A Festa da Malla ten como principal obxectivo conservar e divulgar as tarefas tradicionais ligadas á colleita do cereal, recuperando os traballos comunitarios que durante xeracións marcaron a vida no rural galego. Cada edición converte Meira nun escaparate do patrimonio etnográfico, reivindicando a importancia de manter vivas as costumes e os coñecementos transmitidos de xeración en xeración.

COMERCIO LOCAL



O Paseo Central da Praza Maior de Meira acolleu a Entrega dos Premios correspondentes á campaña Merca no teu comercio, que se desenvolveu entre o 15 e o 30 de xuño nos municipios de Meira e Pastoriza. Sorteouse un total de 1.000 euros, repartidos en 20 tarxetas prepago de 50 euros.

SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA NEUMÁTICA HIDRÁULICA TRANSMISIÓN HERRAMIENTAS ACEITES 	TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO CUCHILLAS MUELLES CORREAS RODAMIENTOS 	TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS JOHN DEERE eni CEPSA BCS PETRONAS TIMKEN BZ bezares S.A.	TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS  Milwaukee Nothing but HEAVY DUTY.	RVS SESACAR RECAMBIOS Y SUMINISTROS Rúa do Freixo, P-53 Pol. Ind. Sete Pontes 27800 Vilalba - Lugo Tel.: 982 831 105 / 609 392 656 recambios@sesacar.com
---	--	---	---	--

CASTRO DE REI: Francisco Balado

“Os alcades somos servidores públicos, temos que defender as necesidades dos veciños”

Lidera un goberno municipal cunha clara maioría absoluta na que se mantivo desde o ano 2011, cando recuperou a Alcaldía para o PP

Explíquenos un pouco como se iniciou na política.

Os vínculos co partido xurdiron nas eleccións municipais do ano 1999, cando colaborei como interventor do PP na mesa electoral de Castro Ribeiras de Lea. Posteriormente continuei colaborando en todos os procesos electorais, tanto nas autonómicas como nas xerais e europeas. Os comezos en política chegaron no ano 2007, cando o alcalde Arturo Pereiro me propuxo formar parte da candidatura do PP de Castro de Rei, na que me incluíu como 3º da lista. Unha vez celebrados os comicios, o PP que gobernara durante case 19 anos,

perdeu a maioría absoluta e pasou á oposición, a partir dese momento pasei a ocupar o posto de voceiro do Partido Popular e continuei así ata as seguintes eleccións.

Como deu o salto ou recibiu o impulso para ser alcalde?

O paso definitivo para ser alcalde, chegou no 2011. Naquel momento nomeáronme candidato á Alcaldía e tratei de compoñer a candidatura no contexto no que se atopaba o partido, xa que había certa división dende a perda da maioría absoluta. Ese ano gañamos por maioría absoluta.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno?



O principal sacrificio é o de dedicarlle moito máis tempo que calquera outra actividade que un poida desenvolver, o que nalgúns casos pode prexudicar á familia e ó ámbito persoal, xa que nos Concellos rurais a figura do alcalde adoita ser moi próxima, e a veciñanza agradece poder contactar co alcalde ou alcaldesa en momentos que a veces non coinciden co horario laboral habitual.

E beneficios?

O principal beneficio é a satisfacción que produce poder facer algo polo concello no que un vive e sobre todo poder levar a cabo o proxecto político que pensas que é o máis interesante, tendo en conta por suposto as necesidades reais e os sectores produtivos.

Como equilibra a vida pública e a privada?

Procurando repartir o tempo e dedicar ao ámbito privado momentos que son necesarios.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?

O principal obxectivo sempre dentro do ámbito municipal sería poder desenvolver o Concello naqueles eidos que vexo que poden mellorarse e que permitan modernizar o territorio e garantir o futuro da xente.

E se renova na Alcaldía cales son as principais actuacións previstas?

Consolidar a ampliación do Parque empresarial para garantir o asentamento de industrias na zona. Tamén continuar mellorando a traxectoria municipal de auga para achegala ás parroquias. Busco consolidar os proxectos de desenvolvemento urbanístico que actualmente se atopan en fase inicial e que permitirán a creación de zonas residenciais e continuar promovendo concentracións parcelarias.

Cales son as principais liñas do seu programa?

Principalmente as destinadas á diversificación económica, tendo clara a



DATOS

HABITANTES: 5.041.
PARROQUIAS: 25.
EXTENSIÓN: 176,9 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Lugo.
CORPORACIÓN: 9 concelleiros do PP, 3 do PSOE e 1 do BNG.
ALCALDE: Francisco Balado Teijeiro (desde 2011).
VOCEIRA PSOE: Alba Sinde Paz.
VOCEIRO BNG: Olga García Portela.

EN CLAVE PERSOAL

- **Idade, estado civil e familiar**
52, casado e con dous nenos de 11 e 8 anos
- **Profesión e formación**
Licenciado en Dereito, Máster en Práctica Xurídica
- **E si non fora avogado, que lle gustaría ser?**
Catedrático de Historia Antiga
- **Que quería ser de maior**
Cando era neno sempre decía que notario, pero logo de acabar os estudos, vinme con poucas ganas para preparar a oposición
- **Que fai para desconectar?**
Non acostumo desconectar. O que fago é repartir o tempo, entre o traballo, descanso, familia e algo de tempo libre. Cando es alcalde dun concello do rural debes estar dispoñible todo o día. Eu nunca apago o teléfono
- **Unha virtude e un defecto**
Intentar aprender cada día un pouco. Defectos teño moitos máis, sempre estou pensando en varias cousas á vez e iso a veces prodúcese inconstancia e agobio
- **Un consello para compartir**
Que a xente aproveite cada día que

- empeza, tratando de facer cousas útiles, e procurando ser felices
- **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**
O Código Davinci de libros e O nome da Rosa de película. Logo gústame moito a música natural
- **Unha afección**
Investigar e afondar na historia de Castro de Rei
- **Un lugar que visitar**
O Castro de Viladonga
- **Unha comida e unha bebida**
Bola de liscos e viño
- **Unha persoa admirada**
A nai
- **Unha posesión prezada**
A colección de zocas que teño dende hai anos
- **Un desexo**
Ter saúde e unha longa vida
- **Algo para esquecer**
Un accidente no 2004
- **Que é o que máis valora nunha persoa?**
A confianza
- **Un desafío pendente**
Tirarme en paracaídas
- **Onde se ve en cinco anos?**
Continuando na avogacía

do campo de fútbol de adestramento de Castro Ribeiras de Lea ou a construción da EDAR urbana na mesma vila, que superou o millón de euros. Foi un proxecto moi importante porque a vila non estaba preparada para medrar, só tiñamos capacidade de vertedura para 1000 habitantes e nalgúns casos a CHMS non autorizaba a construción de vivendas, e coa súa reforma temos capacidade de vertedura para 4000 habitantes o que permite contemplar o crecemento da zona para os próximos anos. Tamén podo citar as áreas de autocaravanas, a renovación integral das beirarrúas, as reformas dos centros educativos ou a recuperación da Ruta da Via Rexia.

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?
Unha persoa accesible, coa que poder falar cando sexa necesario, aínda que me consta que a maioría da veciñanza xa ten ese concepto de min, pero tamén estou convencido de que cada vez máis, os alcaldes temos que ter claro que somos servidores públicos, estar disposto a actuar en defensa das necesidades dos veciños.

Como é a súa relación coa oposición?
É boa, sempre foi boa, dende os inicios, os plenos son moi cordiais e sempre respectuosos, nunca hai saídas de ton, nin por parte deles nin por parte do equipo de goberno.

Comezan as obras de mellora do conxunto histórico de Castro de Rei

O Concello de Castro de Rei puxo en marcha as obras de acondicionamento do seu conxunto histórico, unha actuación destinada a mellorar a accesibilidade e a mobilidade peonil no centro da vila e que contará cun investimento total de 150.000 euros.

Os traballos actuarán en distintos puntos do casco histórico, incluíndo a renovación e rehabilitación das beirarrúas da Praza Maior, a subida á igrexa, a propia praza e a rúa Amigos da Feira, co obxectivo de crear un espazo máis accesible, seguro e integrado.

Este proxecto permitirá completar a transformación do centro histórico, dando continuidade ás actuacións desenvolvidas nos últimos anos para revitalizar esta zona da capital municipal. Do orzamento total, 100.000 euros proceden dunha achega da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader),



dependente da Xunta de Galicia, mentres que os 50.000 euros restantes son financiados polo propio Concello.

As obras foron adxudicadas á empresa Sanle S.L. e está previsto que rematen o vindeiro 18 de setembro. Esta intervención reforza o proceso de recuperación do centro histórico

de Castro de Rei, recoñecido desde 2021 como Área de Rehabilitación Integral (ARI), e súmase a outras actuacións recentes impulsadas na contorna, como a renovación de espazos públicos ou a creación dunha área de autocaravanas nas proximidades da área recreativa do Azúmar.

A Casa da Galería presenta a súa programación

A Fundación Margarita Ledo Andión presentou a programación cultural de verán da Casa da Galería. A programación arrancou coa inauguración da exposición *Cabezas Cortadas*, do deseñador Pepe Barro, que permanecerá aberta ao público ata o 17 de setembro. A mostra reúne máis dun cento de pezas elaboradas a partir de envases, cartóns e outros materiais de uso cotián.

O 8 de agosto, ás 19.00 horas celebrárase a presentación de *Evocare*, unha proposta de Pepe Coira xunto á Orquestra Clásica de Vigo centrada arredor de Canto de emigración, unha película desaparecida de Antonio Román con música de Teódulo R. Páramos.

A programación continuará o 21 de agosto coa conferencia *Fientosa, poeta de noso na fosa* (1936. Claves do asasinato), impartida por Ricardo Polín. A intervención abordará a figura do poeta e profesor Francisco de Fientosa e as circunstancias da súa morte no contexto da represión de 1936.

Xa en setembro, o día 4, María Xosé Porteiro ofrecerá unha conferencia sobre Begoña Caamaño e tamén se proxectará o documental da RAG *Begoña Caamaño: navegar no pracer do azul*. O programa pecharase os días 15 e 16 de setembro coa celebración de *Olladas de auga*, un obraio de fotografía documental.

Quentan motores para a Festa da Malla do día 30

Castro de Rei acollerá ao longo do mes de agosto unha nova edición da Festa da Malla, unha celebración que alcanza a súa vixésimo terceira edición e que volverá poñer en valor o patrimonio etnográfico e as tradicións ligadas ao traballo no campo. A programación desenvolverase en tres xornadas diferenciadas, dedicadas á sega, á meda e á malla, co obxectivo de recrear todo o proceso tradicional da recollida do cereal.

A primeira cita tivo lugar o sábado 1 de agosto coa celebración da sega. A segunda celebrárase o domingo 23 de agosto no Campo da Feira de Castro de Rei. A meda iniciárase ás 11.00 horas e estará acompañada dun mercado e obradoiros de artesanía a partir das 12.00 horas. A programación completárase ás 13.00 horas coa actuación musical do grupo Toxo Queimado.

A festa culminará o domingo 30 de agosto coa tradicional malla, que dará comezo ás 10.00 horas tamén no Campo da Feira. A partir das 14.00 horas celebrárase un xantar popular amenizado polo Dúo D' Caché.

O menú estará composto por empanada, cachola, chourizo, sardiñas, marmelo, queixo, pan, bebida e café. O prezo da tarxeta será de 20 euros para as persoas adultas e

de 10 euros para nenos e nenas de ata 12 anos.

A organización lembra que o número de prazas para o xantar é limitado e recomenda adquirir as tarxetas coa maior antelación posible. Estas poderán mercarse entre o 3 e o 27 de agosto no Supermercado Claudio Grueira, en Germán Naval Lage e na Librería Maduca.

RAMIL. Ramil xa ten todo preparado para celebrar as festas na honra de Santa Mariña, que se desenvolverán os días 7, 8 e 9 de agosto.

As celebracións arrancarán o venres 7 de agosto cunha churrascada popular de balde para todas as persoas asistentes, que dará comezo a partir das 22.00 horas. A continuación celebrárase a primeira gran verbena das festas, que estará amenizada por X-Plosión.

O sábado 8, ás 13.30 horas, oficiárase a misa na honra de Santa Mariña, seguida da procesión. A continuación terá lugar a sesión vermú e, xa pola noite, a verbena correrá a cargo do grupo Fénix.

As festas concluirán o domingo cunha misa ás 13.30 horas e a correspondente procesión. A sesión vermú estará amenizada polo Dúo Belinda, que porá o broche musical á programación deste ano. Tamén haberá colchonetas gratuítas.

Castro Ribeiras de Lea prepárase para vivir catro días de festa grande

Castro Ribeiras de Lea volverá converterse nun dos grandes focos festivos da comarca coa celebración das festas na honra de San Roque e do Doce Nome de María, que terán lugar esta fin de semana. A cita, unha das máis concorridas do verán na Terra Chá, reunirá un cartel musical de primeiro nivel, actos relixiosos, tradición, gastronomía e actividades para todas as idades, consolidándose un ano máis como un dos eventos máis importantes do calendario festivo lucense.

A comisión organizadora apostou por un programa pensado para atraer tanto á veciñanza como aos milleiros de visitantes que cada ano se achegan á vila, con algunhas das orquestras máis demandadas de Galicia e unha intensa actividade desde o primeiro ata o último día das celebracións.

O programa abrírase o venres co pregón, que pronunciará o xornalista Arsenio Coto Fernández. A continuación celebrárase a IV Churrascada Veciñal, unha cita que se ten convertido nun dos momentos de convivencia máis agardados das festas, antes de dar paso á primeira gran verbena, protagonizada por Punto Clave e Fusión Latina.

O sábado estará marcado polos actos relixiosos en honra aos patróns, co tradicional pasacalles, a misa solemne e a procesión. A música volverá ser a protagonista tanto na sesión vermú como na verbena, coa presenza das recoñecidas orquestras Compostela e Super Top, que garantirán unha intensa xornada festiva.

O domingo será, un ano máis, unha das xornadas de maior afluencia. Ademais dos actos litúrxicos e da sesión vermú con Los Españoles, a programación incluírá unha festa da escuma e inchables para o público infantil. Pola noite chegará un dos pratos fortes das festas coa actuación de París de Noia xunto a Los Españoles, unha combinación que promete congrega a centos de persoas nunha verbena que se prolongará tras a tradicional sesión de fogos artificiais.

As celebracións despediránse o luns cunha última xornada na que a música volverá ser protagonista. A sesión vermú correrá a cargo de Escapate e Discomóvil e incluírá unha degustación gratuít de produtos de razas autóctonas en perigo de extinción dentro do programa Un gusto de rural, un rural de gusto, promovido pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo en colaboración con Boaga. O broche de ouro chegará pola noite coa actuación de Escapate e Panorama, dúas formacións de referencia no panorama das verbenas galegas, acompañadas por unha discoteca móbil con DJ.

Con este programa, Castro Ribeiras de Lea volverá reafirmarse como un dos grandes referentes das festas populares do verán en Galicia, combinando tradición relixiosa, convivencia veciñal e un cartel musical de primeiro nivel que cada ano converte a localidade nun punto de encontro para miles de persoas chegadas de distintos puntos da provincia e da comunidade.

RAÍCES DO VENTO



A asociación Raíces do Vento organizou un roteiro polo Camiño Rexio no tramo comprendido entre Duanco e Viladonga, unha actividade que reuniu numerosos participantes co obxectivo de divulgar o valor histórico e patrimonial deste antigo itinerario da Terra Chá e chamar a atención sobre a necesidade da súa conservación.

DEPUTACIÓN

A Deputación realizará 21 accións formativas para mil empregados

A Deputación está a impulsar unha Administración máis moderna e preparada a través dunha nova edición do Plan Agrupado de Formación Continua. Este programa que a institución provincial desenvolve desde 1995 está consolidada como unha ferramenta estratéxica para mellorar a capacitación do persoal das entidades locais e contribuír á mellora dos servizos públicos que recibe a veciñanza.

A presidenta da Deputación, Carmela López, valorou esta iniciativa “que nos permite apoiar aos concellos, especialmente aos de menor tamaño, poñendo á súa disposición recursos e oportunidades de formación que dificilmente poderían asumir con medios propios”. “Investir na capacitación do persoal é investir nuns servizos públicos de maior calidade. Unha Administración moderna non depende só da tecnoloxía; depende, sobre todo, das persoas que a fan posible cada día”, engadiu.

O Plan Agrupado de Formación Continua está dirixido aos 5.114 empregados públicos das administracións locais da provincia e oferta este ano un total de 664 horas lectivas e 975 prazas en 21 accións formativas que se desenvolven entre xuño e novembro.

Este programa, con máis de tres décadas de traxectoria, reflicte, en palabras da Presidenta, “a aposta sostida da Deputación por acompañar aos concellos na mellora da

súa capacidade de xestión, ofrecendo formación especializada que resulta especialmente valiosa para os municipios pequenos, que dificilmente poderían dispoñer dunha oferta destas características con recursos propios”.

A edición de 2026 reforza a aposta da Deputación de Lugo pola modernización da Administración Local incorporando materias de plena actualidade como a intelixencia artificial aplicada á xestión local, a ciberseguridade, as competencias dixitais avanzadas, a protección de datos, a contratación pública, a xestión orzamentaria, a atención á cidadanía ou a protección do medio ambiente, sen deixar de lado ámbitos esenciais para o funcionamento diario das entidades locais.

O Plan está deseñado para dar resposta ás necesidades de todas as escalas da Administración Local, tanto da Administración Xeral como da Especial, dando cobertura ao persoal técnico, de xestión, administrativo, auxiliar e subalterno, así como a colectivos específicos, entre eles as policía locais.

Outro dos piares desta iniciativa é facilitar o acceso á formación con independencia do concello no que desenvolva o seu traballo cada empregado. Por iso, a maior parte das accións impártense en modalidade en liña, complementadas con telepresenza e videoconferencia, reducindo desprazamentos e favorecendo a conciliación.

López combaterá a despoboación para a prevención dos lumes

A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, destacou que combater a despoboación é unha ferramenta chave na prevención dos lumes. Unhas declaracións que realizou durante a presentación do Análise da relación entre despoboamento rural e cambio nos réximes de incendios do Sureste Europeo no Pazo de San Marcos. O informe, impulsado polo Eixo Atlántico e elaborado polo enxeñeiro Juan Picos, sinala a revitalización do territorio como unha das principais ferramentas para reducir o risco dos grandes lumes.

Carmela López destacou que “na provincia de Lugo sabemos ben do que falamos cando falamos de incendios forestais. Vímolos xa este verán e sufrímolos nos últimos anos, con lumes que deixaron unha fonda pegada, especialmente na Ribeira Sacra”.

“Este é o cambio de modelo que Galicia necesita. Non podemos conformarnos cun sistema que concentra os esforzos na extinción. A prevención debe ocupar o lugar central, con planificación, con recursos suficientes e cunha xestión activa do territorio durante os doce meses do ano”, argumentou.

Puxo sobre a mesa a presidenta que “a ciencia confirma o que o rural leva moito tempo advertindo: o abandono do territorio, a perda da actividade agraria e forestal e o despoboamento aumentan o risco e fan que os incendios sexan cada



vez máis difíciles de controlar. Esa realidade non admite improvisación, require políticas sostidas no tempo”. Sinalou que desde a Deputación “seguiremos asumindo as nosas responsabilidades: colaborando cos concellos, investindo no rural e contribuíndo a manter vivo o territorio”, pero que “Galicia merece unha política forestal á altura do reto que ten por diante”.

O estudo, que presentaron o secretario xeral do Eixo Atlántico, Xoán Vázquez Mao, e o propio autor, analiza a evolución demográfica e os incendios rexistrados entre 2016 e 2026 en máis de 4.400 unidades administrativas de España, Francia e Portugal. Os datos obtidos confirman a estreita relación que existe entre o abandono do medio rural, o envellecemento da poboación e

a proliferación dos grandes lumes forestais.

Segundo explicou Picos, o abandono da actividade agrícola, gandeira e forestal favorece a expansión das matogueiras, a acumulación de combustible vexetal e a perda da paisaxe en mosaico, un elemento clave para frear a propagación do lume. Factores aos que se suma o envellecemento, a perda de servizos básicos a diminución da capacidade de xestión do territorio ou o cambio climático, elevando o risco de incendios extremos.

As medidas propostas no texto para frear esta tendencia pasan pola recuperación da actividade no sector primario, a conservación das paisaxes diversificadas, o impulso do relevo xeracional ou unha xestión que limite a acumulación de biomasa.

Incendios e Educación pública centraron o debate do pleno

O Pleno da Deputación aprobou a proposta do Goberno provincial a instar á Xunta de Galicia a impulsar un novo modelo de prevención e defensa contra os incendios forestais, adaptado á realidade actual e centrado na prevención como principal ferramenta para protexer o territorio, o rural e a poboación.

A presidenta da Deputación, Carmela López, indicou antes do inicio da sesión que se está afrontando un escenario marcado por lumes cada vez máis intensos e complexos, que obrigan a revisar as políticas públicas nesta materia. A iniciativa saíu adiante co apoio do BNG e o Deputado non adscrito, e cos únicos votos en contra do PP.

A Deputación de Lugo tamén mandará á Xunta de Galicia un en-

sino público de calidade, incluso, en galego e con recursos suficientes. A iniciativa socialista foi defendida polo deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, quen advertiu de que a educación pública constitúe un servizo esencial para garantir a igualdade de oportunidades e a cohesión social, especialmente nunha provincia como Lugo, marcada pola dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación e o despoboamento do rural.

A moción, aprobada co apoio do BNG e o deputado non adscrito, inclúe o apoio institucional da Deputación ao profesorado, ao persoal educativo, ao alumnado e ás familias, e insta á Xunta a garantir un ensino público suficientemente financiado, incrementar os cadros de persoal

docente e educativo, cubrir con axilidade as substitucións, reducir as ratios e evitar o peche de escolas no rural. Os votos de PSOE e BNG rexeitaron a proposta popular de que se tiveran en conta as demandas dos médicos para modificar o Estatuto Marco e rematar coas folgas que se reanudarán en setembro.

A portavoz do BNG, Iria Castro, denunciou a “involución” do PP respecto ao galego e reclamou recuperar o consenso político e social arredor da lingua acadado co Plan Xeral de Normalización Lingüística de 2004. A moción nacionalista, que foi aprobada, critica a proposta de actualización presentada pola Xunta.

Tamén reclamou á Xunta medidas urxentes para apoiar o sector apícola.

ASESORÍA XURÍDICA



O deputado de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, Miguel Fernández Méndez, visitou a sede do Colexio da Avogacía de Lugo para coñecer o funcionamento do Servizo de Orientación e Asistencia Xurídica Penal (SOAJP), un programa dirixido a atender as necesidades xurídicas das persoas internas nos centros penais de Bonxe e Monterroso.

TERRA CHÁ

Destinados un millón de euros a melloras en estradas na Terra Chá

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo deu un novo impulso á mobilidade da provincia coa activación de preto dun millón de euros destinados á renovación de seis estradas provinciais da comarca da Terra Chá e da Mariña.

Así, licítouse un novo proxecto por un importe de 249.465,92€ para arranxar dous treitos de dúas estradas do Concello de Abadín. Un primeiro tramo de case quilómetro e medio da LU-P-0101, que vai desde o núcleo de Gontán ata Ferreira do Valadouro. O segundo tramo que se vai acondicionar con este proxecto é de algo máis dun quilómetro e medio da LU-P-3106, a vía que une Os Remedios con Romariz pasando por Estelo. O treito que se vai mellorar vai desde o final da estrada -no cruce coa LU-P-0101- ata o punto quilométrico 14,850.

A Xunta de Goberno adjudicou ademais catro proxectos de me-

llora da rede provincial cun investimento total de 734.853,70 euros e catro meses de execución.

Concretamente, no concello de Vilalba, executarase por 162.489,69€ a rehabilitación da LU-P-6511, que conecta Belesar por Distriz. Con este proxecto acondicionaranse case cinco quilómetros desde o inicio da vía. En Guitiriz adjudicouse por 206.789 euros unha actuación para renovar un tramo de máis de catro quilómetros da LU-P-2207, do quilómetro 7,118 ao 11,472, que comunica as parroquias de Coea e Buriz.

En Castro de Rei, acometerase a rehabilitación dun tramo da LU-P-1112, a vía que vertebra Muimenta e Pacios, por 228.840,46 euros. O proxecto inclúe a limpeza de cunetas para mellorar a evacuación das augas, o acondicionamento do firme con aglomerado en quente e o pintado da sinalización horizontal.



Fefriga clausura a Escola de Futuros Gandeiros

Fefriga puxo o peche á oitava edición da Escola de Iniciación de Futur@s Gandeir@s, unha iniciativa organizada polo Club de Xóvenes Gandeiros co obxectivo de fomentar a formación e o relevo xeracional no sector gandeiro. A actividade, que contou por terceiro ano consecutivo coa colaboración da cooperativa láctea Clun, reuniu durante toda a semana a preto de trinta participantes de entre 9 e 25 anos na Finca Mouriscade, en Lalín.

Coincindo coa clausura fixo entrega das Distincións Honoríficas, uns galardóns cos que reconece o traballo, a profesionalidade e a mellora continua das explotacións e dos exemplares máis destacados.

Na categoría de Mellores Explotacións por Producción, o primeiro posto foi, por sétimo ano consecutivo, para Gandería Rodasinde S.C., do Saviñao, seguida de Casa do Rego, de Láncaa, e Gandeiría Fondón, de Ribadeo, confirmando o protagonis-

mo das explotacións lucenses nesta clasificación.

No apartado de Cualificación Morfolóxica, os recoñecementos foron para Mantoño Holstein, de Barreiros; Baixo Holstein, de Sarria; e Finca La Asunción, de Touro.

Pola súa banda, na clasificación do Índice ICO, o primeiro posto correspondeu a SAT Agosto Darriba, da Pastoriza, seguida de G.B Gandería, de Lalín, e Landeira Sociedade Cooperativa Galega, de Negreira.

As distincións ás Producións Vitalicias recaeron nas vacas SAT Varela Trigger 780, da explotación Varela Labrada, en Lugo; Perlita, de Gandería Vieites García, na Coruña; e Grille Amsterdam 277, de Grille Sociedade Cooperativa Galega.

Na categoría de Mellores Vacas Productoras foron premiadas Bermui Montross 277, de Finca Bermui; Rodasinde Brass 639 7364, de Gandería Rodasinde; e Lodos Apprentice Tesla, de SAT Lodos e Pérez.

A CHMS actuará en 18 quilómetros de leitos fluviais

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, inicia traballos de conservación e mellora de 18 km de leitos fluviais nos municipios de Castroverde, A Pastoriza, Outeiro de Rei, Cospeito, Chantada e Rábade.

“Nun total aproximado de 18 km dos ríos Mirandela, Ladra, Guisande, Asma e Miño, co obxectivo de aminorar os riscos de inundacións en momentos de intenso caudal”, explicou Quiroga, presidente da CHMS.

“Realizaranse actuacións de restauración hidrolóxico-forestal para o control da erosión e a protección de marxes en zonas concretas, a través de solucións baseadas en técnicas non invasivas e ambientalmente sostibiles”, lembrou o presidente.

Traballos programados co obxectivo de conservar e restaurar a hidromorfloxía natural dos leitos fluviais para mellorar a súa resiliencia e adaptación ao cambio climático; consistentes na retirada de árbores, troncos e pólas tombadas sobre o dominio público hidráulico e a zona de servidume que provocaban numerosos taponamentos; así mesmo procederase á talla, torado, amoreado e retirada de múltiples árbores secas caídas ou en pé presentes nos treitos de actuación.

Abren o prazo de matrícula as Escolas Mancomunadas

As Escolas Mancomunadas de Música de Rábade, Begonte, Outeiro de Rei e Friol abriron o prazo de inscrición para o curso 2026/2027, ofrecendo ao alumnado a oportunidade de iniciarse ou continuar a súa formación musical en diferentes especialidades instrumentais.

A convocatoria está dirixida especialmente a novo alumnado, que poderá escoller os horarios por orde de inscrición ata completar as prazas dispoñibles. Desde a organización animan ás persoas interesadas a formalizar a matrícula canto antes para garantir a súa participación nas actividades programadas para o vindeiro curso académico.

Entre as novidades destaca tamén a posta en marcha dun coro xuvenil, unha proposta destinada á mocidade que se desenvolverá os venres de 18.00 a 19.00 horas no Centro Autorizado de Ensinanzas Artísticas e Musicais de Baamonde.



‘Saberes do Monte’ bota a andar para impulsar áreas como o Xistral

A sede da Deputación Provincial de Lugo acolleu a presentación oficial de Saberes do Monte, un proxecto que durante os vindeiros dous anos e medio promoverá a conservación da biodiversidade e o desenvolvemento sostible en cinco áreas piloto de Galicia. O acto reuniu a preto de 70 representantes das entidades socias, institucións colaboradoras, comunidades de montes, empresas e persoas vinculadas aos territorios nos que se desenvolverá a iniciativa.

A iniciativa conta co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto

Demográfico, a través do cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), así como coa colaboración da área de Medio Rural, do Mar e Mocidade da Deputación de Lugo, Caixa Rural Galega e a Fundación Naiterra.

O proxecto aposta por combinar a conservación dos hábitats de alto valor ecolóxico co fortalecemento das actividades tradicionais que contribúen a manter vivo o territorio. Entre elas figuran a gandería extensiva, o manexo tradicional de cabalos en liberdade, a apicultura e o ecoturismo, que se impulsarán baixo a marca colectiva Saberes do Monte.

O GDR Terra Chá recibiu 48 solicitudes ás axudas

O GDR Terra Chá pechou o prazo da súa nova convocatoria de axudas Leader cun total de 48 proxectos presentados, que competirán por un orzamento de 1.355.000 euros destinado a impulsar iniciativas empresariais, sociais e de dinamización do territorio.

Por municipios, Vilalba lidera o número de solicitudes con 14 proxectos, seguida de Cospeito, con once. Castro de Rei suma sete iniciativas, mentres que Xermade rexistrou cinco. Pola súa banda, Pastoriza conta con catro propostas, Begonte e Abadín con tres cada un e Guitiriz cun proxecto.

Do conxunto das solicitudes recibidas, 37 corresponden a proxectos produtivos, que absorben a maior

parte dos fondos previstos, cunha reserva económica de 1.055.000 euros. As restantes iniciativas encádranse na liña de proxectos non produtivos, promovidos principalmente por administracións locais e entidades sen ánimo de lucro.

Neste apartado, os concellos dispoñen dunha dotación global de 262.000 euros para desenvolver actuacións de interese público, mentres que as asociacións e entidades privadas sen ánimo de lucro poderán optar a unha partida de 37.000 euros.

Os expedientes iniciarán agora o proceso de avaliación técnica para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos e determinar a puntuación de cada proposta.

Galicia fronte á calor e aos incendios

Xuño bateu récords históricos en Europa occidental, xullo mantivo a sucesión de ondas de calor e os incendios volveron evidenciar que o cambio climático xa condiciona un territorio tradicionalmente asociado a un clima suave

Durante décadas, Galicia viviu coa percepción de ser un refuxio climático dentro da Península Ibérica. Mentres o sur de España soportaba temperaturas superiores aos 40 graos e longos períodos de seca, o noroeste conservaba unha imaxe ligada á humidade, ás precipitacións frecuentes e aos veráns moderados. Porén, esa realidade leva anos cambiando e o verán de 2026 converteuse nun dos exemplos máis claros de que o clima galego tamén está a transformarse.

As ondas de calor deixaron de ser episodios excepcionais para converterse nun fenómeno recorrente, con temperaturas que chegan antes, duran máis días e afectan a territorios onde historicamente apenas se rexistraban valores extremos. Os datos recompilados por organismos como o Servizo de Cambio Climático Copernicus (C3S), a Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET), MeteoGalicia ou a Organización Meteorolóxica Mundial (OMM) apuntan na mesma dirección: Europa quéntase a un ritmo moi superior á media mundial e a Península Ibérica figura entre as rexións máis vulnerables a este proceso.

graos por riba da media do período 1991-2020. O dato supera incluso os rexistros de xuño de 2025 e do histórico verán de 2003, dous anos que ata agora representaban algúns dos episodios de calor máis intensos vividos no continente europeo.

No conxunto de **Europa**, xuño foi o segundo máis cálido desde que existen rexistros da serie ERA5, mentres que a nivel mundial ocupou tamén os primeiros postos históricos. Para a comunidade científica, estes datos non representan unha simple anomalía meteorolóxica, senón unha mostra máis dunha tendencia de quecemento sostido que se vén acelerando durante as últimas décadas.

En **España**, a situación foi igualmente excepcional. A AEMET cualificou xuño como o segundo máis cálido desde o inicio da serie histórica en 1961, cunha temperatura media peninsular de 23,3 graos, é dicir, 3,2 graos por enriba da media climática. Ademais, foi o terceiro xuño máis seco da serie, cunhas precipitacións que apenas alcanzaron o 39 % do habitual.

A propia AEMET chama a atención sobre un dato especialmente significativo: dos 15 meses de



tenso que obrigaron á activación de avisos por altas temperaturas. A Xunta de Galicia, a través de MeteoGalicia, Protección Civil e a Consellería de Sanidade, mantivo activo o Plan de actuación fronte aos posibles efectos das altas temperaturas sobre a saúde, coordinando avisos preventivos especialmente dirixidos á poboación máis vulnerable: persoas maiores, nenos pequenos, embarazadas e pacientes con enfermidades crónicas.

En paralelo, MeteoGalicia foi emitindo sucesivos avisos amarelos e laranxas en diferentes comarcas, especialmente nas provincias de Ourense e Lugo, onde as masas de aire cálido procedentes do norte de África provocaron valores pouco habituais para estas datas.

As catro capitais galegas rexistraron durante este verán temperaturas moi superiores ás habituais. Ourense volveu situarse como a cidade máis calorosa de Galicia, superando amplamente os 40 graos durante varios episodios, mentres Lugo, Santiago e A Coruña tamén alcanzaron máximas que, hai apenas dúas décadas, resultaban extraordinarias para estas cidades, pero hoxe estes rexistros comezan a repetirse con maior frecuencia.

Se xuño marcou un punto de inflexión, xullo confirmou que as altas temperaturas deixaran de ser un episodio puntual. O interior galego volveu concentrar os rexistros máis elevados da comunidade, con Ourense alcanzando os 42,5 graos, un dos valores

máis altos do ano e moi próximo aos récords históricos da cidade. A persistencia do calor foi outro dos aspectos máis destacados: entre finais de maio e os primeiros días de xullo, a estación de Ourense superou os 30 graos en 33 dos 45 días analizados por MeteoGalicia, unha frecuencia inédita para un período que incluía aínda parte da primavera.

O calor tamén se deixou sentir con intensidade noutras zonas do interior. Lugo chegou a rexistrar máximas próximas aos 39 graos, mentres que en Monforte de Lemos, na Ribeira Sacra, os termómetros superaron amplamente os 40 graos durante os episodios máis intensos. No sur da provincia de Ourense, comarcas como Valdeorras, Verín ou O Ribeiro volveron situarse entre os puntos máis calorosos de Galicia, con valores superiores aos 40 graos en varias xornadas.

Mesmo as cidades costeiras, tradicionalmente protexidas pola influencia do Atlántico, experimentaron temperaturas pouco habituais. Vigo rexistrou 39,1 graos, a temperatura máis alta medida no século na cidade e, segundo os datos de MeteoGalicia, un dos maiores rexistros desde que existen observacións instrumentais. Santiago de Compostela, Pontevedra e A Coruña tamén superaron con claridade os 30 graos durante as diferentes ondas de calor, confirmando que o fenómeno afectou practicamente a toda a comunidade, aínda que con distinta intensidade segundo a proximidade ao mar.

OS INCENDIOS

O incremento das temperaturas, unido á escaseza de precipitacións e á baixa humidade ambiental, converte o monte nun combustible extremadamente vulnerable.

Durante o mes de xullo, España viviu unha das crises de incendios máis graves dos últimos anos, con miles de hectáreas queimadas e numerosos desaloños. A situación levou ao Goberno central a declarar a emerxencia de interese nacional polos grandes incendios de Madrid e Ávila, unha medida excepcional que permitiu coordinar recursos estatais ante a magnitude da emerxencia.

Galicia tampouco permaneceu allea. Ao longo do verán rexistráronse numerosos incendios forestais en distintos puntos da comunidade, varios deles na provincia de Lugo, onde as elevadas temperaturas, o vento e a seca favoreceron unha rápida propagación do lume. A Ribeira Sacra, escenario de grandes incendios nos últimos anos, continúa sendo un dos territorios que máis preocupa aos especialistas pola combinación dunha orografía complexa, o abandono do territorio e a elevada carga de combustible vexetal.

Os científicos levan décadas advertindo de que o quecemento global non significa simplemente que “faga máis calor”. O verdadeiro cambio prodúcese na frecuencia, intensidade e duración dos fenómenos meteorolóxicos extremos.



XUÑO 2026: MES HISTÓRICO

O primeiro gran aviso chegou antes mesmo de iniciarse oficialmente o verán. Segundo o Servizo de Cambio Climático de Copernicus, implementado polo Centro Europeo de Previsións Meteorolóxicas a Medio Prazo (ECMWF), **xuño de 2026 foi o mes de xuño máis cálido xamais observado en Europa occidental.**

A temperatura media alcanzou os 20,74 graos, situándose 3,06

xuño máis cálidos rexistrados en España, 13 pertencen ao século XXI. Un indicador que evidencia que o incremento das temperaturas xa non responde a episodios illados, senón a unha tendencia consolidada.

A comunidade galega tampouco escapou desta situación. Aínda que as temperaturas extremas adoitan asociarse ás zonas interiores da Península, durante xuño e xullo boa parte de **Galicia** encadeou varios episodios de calor in-



E iso é precisamente o que comeza a observarse en Galicia.

As temperaturas medias aumentan de forma progresiva, as ondas de calor son máis frecuentes, as precipitacións concéntranse en episodios cada vez máis intensos e os períodos secos prolónganse durante máis tempo. Ao mesmo tempo, o mar tamén experimenta un incremento da súa temperatura superficial, un factor que modifica a dinámica atmosférica e afecta aos ecosistemas mariños. Segundo o Sexto Informe de Avaliación do Panel Intergobernamental sobre Cambio Climático (IPCC), Europa é o continente que máis rapidamente está aumentando a súa temperatura media, duplicando practicamente o ritmo global desde a década de 1980. A rexión mediterránea, na que se inclúe a Península Ibérica, aparece identificada como un dos puntos máis vulnerables do planeta debido á combinación de temperaturas extremas, diminución dos recursos hídricos e incremento do risco de incendios forestais.

No caso galego, organismos como Meteogalicia e a AEMET constatan que as temperaturas máximas e mínimas presentan unha tendencia ascendente, especialmente durante as últimas décadas. Tamén aumentan as denominadas noites tropicais —aquelas nas que o termómetro non baixa dos 20 graos—, un fenómeno que antes era excepcional en boa parte da comunidade e que agora comeza a ser habitual, especialmente nas zonas costeiras e durante os episodios de calor máis intenso.

CAMBIO CLIMÁTICO

Unha das cuestións máis debatidas arredor do cambio climático é ata que punto a actividade humana é responsable do aumento das temperaturas. Neste aspecto, a comunidade cien-

CONSELLOS PARA PROTEXERSE DAS ALTAS TEMPERATURAS

As autoridades sanitarias insisten en que unha parte importante dos problemas de saúde asociados ás ondas de calor pódense previr adoptando medidas sinxelas no día a día. Entre as principais recomendacións do Ministerio de Sanidade, a Xunta de Galicia e a Organización Mundial da Saúde destacan:

- Beber auga con frecuencia, aínda que non se teña sensación de sede, para evitar a deshidratación.
- Evitar a exposición directa ao sol entre as 12.00 e as 18.00 horas, cando a radiación e as temperaturas adoitan ser máis elevadas.
- Permanecer en lugares frescos, á sombra ou climatizados sempre que sexa posible e ventilar a vivenda durante a noite ou nas primeiras horas da mañá.

- Utilizar roupa lixeira, ampla e de cores claras, así como gorra, sombreiro e lentes de sol cando se permaneza no exterior.
- Aplicar protector solar cun factor de protección adecuado e renovalo periodicamente, especialmente tras o baño ou a sudoración.
- Reducir a actividade física intensa nas horas centrais do día e programar o exercicio para primeira hora da mañá ou ao solpor.
- Evitar comidas copiosas e optar por alimentos frescos e ricos en auga, como froitas, verduras e ensaladas.
- Limitar o consumo de alcohol e bebidas con exceso de cafeína ou azucre, xa que poden favorecer a perda de líquidos.
- Prestar especial atención ás persoas máis vulnerables, como maiores, bebés, nenos, embarazadas e persoas con

enfermidades crónicas ou que viven soas.

- Nunca deixar menores, persoas dependentes nin animais no interior dun vehículo estacionado, nin sequera durante uns minutos, xa que a temperatura no habitáculo pode aumentar rapidamente ata niveis letais.
- Coñecer os síntomas dun golpe de calor, como mareos, dor de cabeza intensa, confusión, pel moi quente e seca, náuseas ou perda de coñecemento. Ante estes sinais débese chamar ao 112 e trasladar a persoa a un lugar fresco mentres chega a asistencia sanitaria.
- Consultar os avisos meteorolóxicos de AEMET e Meteogalicia e seguir as recomendacións emitidas por Protección Civil e as autoridades sanitarias cando se activen alertas por altas temperaturas.

O ECOLOXISMO GALEGO

As organizacións ecoloxistas levan anos advertindo de que Galicia afronta unha transformación profunda do seu territorio se non se reducen as emisións e non se adapta a xestión do medio natural. ADEGA insiste na necesidade de apostar por unha política forestal baseada na diversidade de especies, na recuperación do mosaico agroforestal e na revitalización do rural como ferramentas fundamentais para reducir o risco de grandes incendios. A entidade leva tempo reclamando unha planificación que priorice a prevención fronte á extinción e que limite a expansión de masas forestais continuas dominadas por especies pirófitas.

Noutra liña, Ecoloxistas en Acción Galicia considera que os episodios de calor extremo e os incendios forestais deixaron de ser situacións excepcionais para converterse nunha nova realidade climática. A organización reclama acelerar a transición enerxética, reducir a dependencia dos combustibles fósiles, protexer os ecosistemas e reforzar as políticas públicas de adaptación. Ambas as entidades coinciden en que a loita contra o cambio climático non depende unicamente das decisións individuais, senón tamén de medidas estruturais relacionadas coa mobilidade, a produción de enerxía, o urbanismo, a ordenación do territorio e a conservación da biodiversidade.

UN RETO PARA A SAÚDE

Segundo o Ministerio de Sanidade e a Organización Mundial da Saúde, as ondas de calor incrementan a mortalidade e as hospitalizacións, especialmente entre persoas maiores, pacientes con enfermidades cardiovasculares ou respiratorias, nenos pequenos e colectivos vulnerables.

Os especialistas lembran tamén que a calor extrema pode afectar á saúde mental, reducir a capacidade de concentración e incrementar o risco de accidentes laborais, polo que insisten na necesidade de adaptar horarios e condicións de traballo durante os episodios máis intensos.

Os datos do sistema de Monitorización da Mortalidade Diaria (MoMo) do Instituto de Saúde Carlos III, indican que en Galicia 88 persoas faleceron durante o mes de xuño por causas relacionadas coas altas temperaturas, mentres que nos catro primeiros días de xullo contabilizáronse outras seis mortes atribuíbles ao calor. En España, 937 falecementos atribuíbles ás altas temperaturas.

tífica mantén un consenso practicamente unánime.

O IPCC conclúe que é inequívoco que a influencia humana quentou a atmosfera, os océanos e a superficie terrestre desde mediados do século XIX. Esa afirmación baséase en miles de estudos científicos revisados por expertos de todo o mundo e constitúe a maior avaliación internacional realizada ata o momento sobre o estado do clima. As conclusións coinciden coas publicadas pola NASA, a Administración Nacional Oceánica e Atmosférica dos Estados Unidos (NOAA), a Organización Meteorolóxica Mundial (OMM), Copernicus e a propia AEMET.

O principal responsable deste proceso é o incremento da con-

centración de gases de efecto invernadoiro, especialmente dióxido de carbono (CO₂), metano (CH₄) e óxido nítrico (N₂O), emitidos maioritariamente pola queima de combustibles fósiles, a industria, o transporte, determinadas actividades agrícolas e a deforestación. O efecto invernadoiro é un proceso natural imprescindible para manter unha temperatura compatible coa vida. O problema xorde cando a concentración destes gases aumenta ata niveis sen precedentes en centos de miles de anos, atrapando unha maior cantidade de calor na atmosfera. Os rexistros paleoclimáticos e as medicións actuais amosan que a concentración de CO₂ supera xa as 420 partes por millón, un valor descoñecido na historia recente da humanidade.

COLABORACIÓNS

“A carreira do século” en Sestao

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Nada mais chegar emigrado a Sestao, en outubro de 1969, tivo lugar nese concello “A carreira do século” entre un cego e un coxo, celebrada o 14 de decembro de 1969 e o día de Reis de 1970. A disputa organizouse no bar “El Parque”, propiedade de Ramiro Gómez, de 42 anos, nacido en O Busto (hoxe unha aldea etno-gráfica) da parroquia de Saá, da Póboa do Brollón (Lugo), que se quedou sen unha perna por un accidente laboral e o seu amigo Miguel Dorado, vendedor de cupóns de cegos, de 38 anos, nacido en Asturias, viúvo e pai de dous fillos, que pasou moito tempo na Arxentina, onde perdeu a vista por unha meninxites. Tomaban todos os días o café xuntos no bar de Ramiro; incluso chanceaban coas súas incapacidades e alí foi onde se desafiaron e acordaron levar a cabo esa carreira, á que o pobo bautizou con ese nome. Acordaron saír do bar de Ramiro e tiñan que dar a volta á praza do Parque, uns 350 metros, pero había tres metas “bebientes” nas que tiñan que refrixerarse bebendo un “txikito” de viño nos bares Pechada, El Charro e o de Baldo, finalizando outra vez no mesmo

bar. A praza, chamada tamén O Casco, estaba abarrotada de xente. Mais de cinco mil persoas querían ver aquel bonito espectáculo e case non lles deixaban un estreito camiño a aqueles esforzados atletas. Déronlle unha vantaxe de 50 metros a Ramiro e empezou a carreira. Todo ía ben, pero con tanta xente e sen vallas para que os espectadores non puideran interromper a carreira, o desorde era impresionante. Miguel ía procurando non bater con ninguén, pero tropezou con unha señora que cruzaba por diante del e caeron os dous, rematando nun empate técnico por un “armisticio de irmandade”. Miguel tamén era moi coñecido como poeta e compositor musical, autor de cancións tan famosas como “Vuelvo a la Rioja”, a súa querida Rioja arxentina, musicada e interpretada polos irmáns Maza (Los Gauchos); por El Chango Nieto, xunto con Las Voces de Orán, no disco “Sembrando coplas”, e incluída tamén no álbum do Grupo Los Amigos, titulado “Del Tiempo l’ Mama” en 1998, polo que quixo facer un poema sobre esa carreira, do que se descoñece o texto enteiro, pero que remata así: “...Resultaba singular/ el ver un ciego en carrera/ y al gallego, que corriendo,/ parecía bailar muiñeiras”. Pero non quedaron conformes co empate e acordaron levar a cabo o desempate uns días mais tarde,



o día de Reis de 1970. Pero esta vez había mais de seis mil persoas e contaron coa actuación dos nenos txistularis de Sestao e da banda de instrumentos de cartón, El Despiste (moi coñecida nos festivais internacionais de Wiesbaden, Pittsburgh e Romo). O concello tamén tomou cartas no asunto e colocou vallas por todo o recorrido, deixando un espazo para os atletas; sen obstáculos humanos de por medio que non puideran entorpecer os corredores e non pasara o da outra vez. Agora non lle deron vantaxe a Ramiro e antes de saír tomou uns

vermús, “para afrontar os nervios da saída”, mentres Miguel decidiu non probar alcohol, porque “ante todo era un atleta”, aínda que despois tamén bebeu os correspondentes txikitos de tinto nos postos de avituallamento, nos que Ramiro tamén bebeu os seus de viño branco. Ramiro alancaba coa súa muleta dun modo non moi veloz, pero moi constante, mentres Miguel aproveitaba para acelerar cando sabía que había unha recta e baixaba a velocidade nas curvas para non derrapar e non chocar contra as vallas colocadas polo concello. Din que os

vermús que tomou Ramiro antes da saída foron os que lle deron forza e foi o primeiro en chegar a meta no seu propio bar, pois tardou 3:28 minutos e Miguel 3:33. Os dous foron moi lembrados nos medios de comunicación e aínda son tratados con moito cariño nas crónicas históricas do municipio. Incluso chegou á prensa e á televisión de Madrid, onde un grupo de periodistas concedulle a Miguel o premio “Mala Pata” por ter “mala sorte inofensiva” e alí foron os dous recoller o premio, un chaveiro de ouro con unha pata de coello, que lle entregaron en presenza do seu amigo Ramiro, co que chanceaba antes de ir, dicíndolle: Ao mellor imos á carreira! No Nadal de 1970 volveron aparecer na prensa. Primeiro Ramiro, por tocarlle o Gordo de Navidad e díxolle aos periodistas: Poden escribir que hoxe merqueille vinte pesos do cupón a Miguel e vouno convidar como se merece. Días despois, en xaneiro de 1971, os diarios daban conta da voda de Miguel con Marisa, unha compañeira que tamén vendía o cupón, e díxolle aos periodistas: Gañáronme o coxo mais ela (por Marisa), pero eu prefiro esa lote-ría á que lle tocou Ramiro. Ramiro deixouunos en Sestao no 2013, e Miguel en marzo de 2024, en Chilecito, da Rioja Arxentina. Foron un exemplo de deportividade, de amizade e bo humor.

Berros do silencio

OUTRA XEIRA



Pablo Veiga

Recoñecerán de sobra a expresión vale máis polo que cala que polo que conta, un dito que nos ven como anel ó dedo para falarmos do tema escollido. Efectivamente, a veces, ou moitas, resulta máis vantaxoso escoitar e calar que falar e opinar. É de prudentes e incluso de sabios, iso din, a mencionada actitude. Pode ser. Vimos de asistir á presentación da última obra literaria de José Torres Piñeiro, titulada igual ca

este artigo, Berros do silencio. O autor, quen naceu na parroquia begontina de Saavedra, deixou o berce ben novo, vivindo en diversas latitudes, desde as terras secas de Almería ata o Bierzo, pasando polo País Vasco, Cantabria ou Teruel. Aparte da labor profesional, desenvolveu unha dilatada actividade musical, acadando importantes premios ó longo da súa traxectoria. Mais faltáballe dar o paso á literatura, apostando pola poesía á hora de publicar; aínda que tardou en decidirse, a espera mereceu a pena e podemos desfrutar das súas creacións. Non é doado ler poesía, cómpre darlle máis dunha volta, pero moito máis complicado é es-

cribila. De aí todo o mérito para quen se decanta por este xénero literario. José, aínda lonxe, sempre tivo dentro de si o lugar que o viu nacer. A Casa da Cruz Nova de Saavedra é o principio e a fin de toda viaxe que se prece. O poeta, o músico, o cantautor, en definitiva, o artista, ten presente de onde ven e onde quere regresar. Berros do silencio está escrito coa alma, sen filtros, onde non hai cancelas que podan termar da carga emotiva e sentimental que transmite cada poema, cada estrofa. Como o mesmo autor afirma, nesta obra non caben os adornos nin os disfraces, porque a poesía é confesión e

dignidade. A voz dun home que xa non cala, que transforma a dor en palabra e a memoria en resistencia. Toda unha declaración para os lectores aparece aquí anunciada. Na obra hai espazo para loubar o entorno, lugares míticos tan nosos como as Penas de Rodas, e outros que para Torres teñen significado especial, como o reloxo da igrexa de Saavedra. Como bo poeta que se prece, a Natureza, con maiúsculas, non podía quedar sen protagonismo. O paso do tempo ó longo dos doce meses do ano, percorrendo cada un deles e amosando o sentir que provoca cada estación no ser humano, ten tamén a súa dedicatoria.

Como se pode deducir do indicado polo propio escritor na nota inicial, a dor, producida neste caso pola decepción, a incompreensión e o abandono, é un sentimento que se transmite de forma directa e crúa, sen disimulos. Feridas que, aínda producidas no pasado, seguen permanecendo aí dentro, mais existe a necesidade de contalas e de expresalas, pero tamén de pasar páxina e seguir vivindo, sen perder a esperanza de que esas pontes que hoxe están derrubadas, podan de novo ser cruzadas, porque os brazos están abertos e o rancor apartado. A Chaira contra cun poeta entre os seus, de Saavedra, da Casa da Cruz Nova.

DEPORTES

Catro campións do mundo estarán o 16 no Rallyshow das Pontes

O Rallyshow Deputación da Coruña volve con máis forza ás Pontes. O circuíto pontés acollerá o domingo 16 de agosto a segunda edición dunha cita que reunirá a catro campións do mundo de rallyes: os pilotos Stig Blomqvist, Miki Biasion e Petter Solberg, e o copiloto coruñés Luis Moya. A proba celebrárase no marco da Festa do Motor, unha xornada pensada para gozar durante todo o día e para todos os públicos, con competición, espectáculo, exhibicións, actividades familiares, simuladores, zona infantil, circuíto para os máis pequenos e espazos de comida e bebida con foodtrucks.

O Rallyshow Deputación da Coruña dará un salto de nivel cun cartel internacional de auténtico luxo, que inclúe a lendas do motor como Stig Blomqvist, campión do mundo en 1984 co mítico Audi Quattro e unha das grandes lendas da época dourada dos rallyes cando a tracción total cambiou para sempre a historia deste deporte.

Tamén estará nas Pontes Massimo "Miki" Biasion, bicampión do mundo en 1988 e 1989. O piloto italiano foi unha das grandes figuras do dominio de Lancia no Mundial e está ligado



para sempre ao lendario Delta Integrale, un dos coches máis icónicos da historia dos rallyes.

O noruegués Petter Solberg, campión do mundo en 2003 con Subaru, achegará ao Rallyshow o seu estilo espectacular e o seu carisma, que o converteron nun dos pilotos máis queridos polos afeccionados. Coñecido internacionalmente como "Mr. Hollywood", tamén foi campión do mundo de rallycross.

Xunto a eles estará Luis Moya, unha das grandes figuras galegas e españolas da historia do automobilismo. Na parte competitiva, xa están

confirmados pilotos como Alberto Meira, Jorge Pérez, Antón Pérez ou Daniel Berdomás, que loitarán pola vitoria nunha proba que combinará emoción, velocidade e espectáculo sobre o circuíto das Pontes.

A Festa do Motor incluírá exhibicións de drift e carcass en pista, exposición de vehículos, simuladores, zona infantil e un circuíto para que os máis pequenos tamén poidan vivir de preto a paixón polo automobilismo.

A organización habilitará gradas e pantallas xigantes para seguir o espectáculo en directo con toda comodidade.

O PM Friol FS crea un novo proxecto para xogadores veteranos

O PM Friol FS anunciou unha importante modificación na súa estrutura deportiva coa desaparición do equipo filial e a posta en marcha dun novo proxecto destinado principalmente a xogadores veteranos, co obxectivo de manter o vínculo co club de antigos futbolistas e ofrecerlles a posibilidade de seguir competindo.

Segundo explica o club, a decisión responde a diversos factores, sendo o principal a crecente dificultade para completar os cadros de xogadores e incorporar futbolistas novos que permitisen manter a función formativa que tradicionalmente desempeñaba o filial.

Como alternativa, o PM Friol FS impulsará un novo conxunto integrado maioritariamente por veteranos, pensado para que exxogadores, futbolistas históricos da entidade e afeccionados ao fútbol sala poidan continuar vinculados ao club e á práctica deportiva.

A falta dunha competición específica para veteranos, este novo equipo competirá na mesma categoría

na que participaba ata agora o filial. Aínda así, desde a entidade subliñan que non será un equipo exclusivamente veterano, xa que tamén poderá incorporar xogadores sub-23 ou mozos con proxección que busquen seguir medrando deportivamente.

O club considera que esta fórmula permitirá combinar a experiencia dos veteranos coa formación de novos talentos, creando unha ponte cara ao primeiro equipo. Neste sentido, lembran casos de futbolistas que seguiron este camiño e acabaron formando parte do cadro principal da entidade.

Por outra banda, o club anunciou a incorporación de Gustavo Marqués como adestrador do primeiro equipo de cara á tempada 2026/27.

Marques desembarca en Friol procedente do Ribeira FS, club no que desempeñou funcións como adestrador do equipo filial e formou parte do corpo técnico do primeiro equipo que acadou o ascenso a Segunda División B na pasada campaña.

Abertas as inscricións para a carreira de Meira e a nocturna de Vilalba

O Concello de Meira convoca a sétima edición da Carreira Popular Vila de Meira, que terá lugar o sábado 8 de agosto na vila a partir das 18.00 horas e con chegada á praza do Concello.

Esta cita deportiva contará cunha carreira absoluta, para maiores de 18 anos, que percorreren 5,2 quilómetros, establecéndose tamén carreiras para as distintas categorías para os menores, que van dende os pitufos, para os nados entre 2022 e 2024, ata a de cadete, para os de 2011 e 2012.

A carreira dará comezo desde as 18.00 horas para os máis pequenos con saídas cada 5 ou 10 minutos e percorridos que van dende os 50 metros para os máis pequenos ata os 3 quilómetros dos cadetes.

A competición de adultos ten a súa saída ás 19.15 horas. Tamén se celebrará unha andaina, que fará o mesmo percorrido que as carreiras e saíran quince minutos antes.

A organización establece un prezo

de inscrición só para os da carreira e a andaina absolutas que é de 5 euros para os que se apunten antes do 1 de agosto, despois será de 7 euros. O prazo remata o 3 de agosto. Os dorsais e os chips de cronometraxe entregaranse o día da proba na praza do Concello de 12:00 a 18:00 horas.

Os premios consistirán en trofeo para os tres primeiros homes e as tres primeiras mulleres da xeral e trofeo ou medalla para os tres primeiros de cada categoría.

Ademais a organización porá duchas a disposición dos atletas nas instalacións do pavillón municipal.

NOCTURNA. A Praza da Constitución de Vilalba acollerá o vindeiro 22 de agosto, a partir das 20.00 horas, a VIII Nocturna San Ramón, unha nova cita do circuíto de carreiras populares Terra Chá Challenge. A proba está organizada no marco das actividades deportivas das festas de San Ramón e contará con

percorridos adaptados ás diferentes categorías de idade.

A competición incluírá probas para as categorías de menores, desde pitufos ata sub-16, así como carreiras para as categorías xuvenil, sénior e veteranos A, B e C. Ademais, celebrárase a proba dos tres primeiros vilalbeses, na que se recoñecerá aos mellores corredores locais.

A organización entregará trofeos e premios nas distintas categorías. No caso da categoría absoluta, os tres primeiros clasificados recibirán un trofeo e produtos locais. Tamén haberá premios especiais para os equipos mixtos, con trofeos e recompensas económicas para os tres primeiros clasificados.

As inscricións permanecerán abertas ata o 20 de agosto e deberán formalizarse a través da plataforma Terra Challenge. A carreira está promovida pola Xunta de Galicia, a Unión Europea, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e o GDR Terra Chá, que impulsan esta



iniciativa deportiva integrada no calendario de carreiras populares da comarca.

CROSS POPULAR. A Carballeira de Parga acollerá o 26 de setembro, a partir das 16.30 horas, a primeira edición do Cross Popular Vila de Parga, unha cita deportiva organizada no marco da Feira de Nadal do novo colectivo Obradoiro de Soño. A proba contará con carreiras para as categorías Mini e Adaptada, Sub-10, Sub-12, Sub-14, Sub-16, Sub-18 e Absoluta, ademais dun relevo mixto e dunha Fila 0 para aquelas persoas que desexen colaborar coa celebración do evento sen participar



na carreira. As distancias oscilarán entre os 550 metros das categorías inferiores e os cinco quilómetros da proba absoluta.

Ao remate das probas comerase unha paella no Bar CIT de Parga, elaborada por David Vázquez Varela, para todas as persoas con dorsal, incluída a Fila 0. Ademais, as 200 primeiras persoas en recoller o dorsal recibirán un agasallo sorpresa e durante a xornada realizaranse sorteos de diferentes premios, entre eles bonos para o Balneario de Guitiriz, sesións de fisioterapia, vales de compra e descontos en establecementos colaboradores.

Un ano de deporte en feminino

A Vicepresidencia da Deputación elaborou a súa axenda cunha homenaxe as mulleres máis representativas das disciplinas deportivas

Hai medallas, títulos, récords e ascensos. Pero detrás de cada logro tamén hai horas de adestramento, renuncias, esforzo e unha loita constante por abrirse paso nun ámbito no que a igualdade aínda está lonxe de ser unha realidade. Esa é a esencia de Deporte lugués en feminino, a nova publicación impulsada pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo, unha axenda que pon rostro e voz a dezaioito deportistas da provincia que destacan nas súas respectivas disciplinas e que pretende converter as súas traxectorias en referentes para as nenas e mozas que soñan cun futuro no deporte. A presentación tivo lugar no Pazo de San Marcos, onde o vicepresidente da Deputación, Efrén Castro, reivindicou a necesidade de seguir facendo visible o deporte femini-



no. Dirixíndose ás protagonistas da publicación, lembroulles que o seu papel vai moito máis alá dos resultados deportivos. “Sodes referentes para as que veñen detrás”, afirmou, incidindo na importancia de ofrecer modelos próximos que animen ás novas xeracións a practicar deporte e a perseguir os seus obxectivos. A publicación, ilustrada coas fotografías de Reyes Fernández Guizán e cos textos da xornalista de TERRACHÁXA Belén Rodríguez Arias, reúne perfís de deportistas que representan a diversidade do deporte lucense. Desde disciplinas individuais ata deportes de equipo, todas elas comparten unha traxectoria marcada polo compromiso e a superación. Máis aló da presentación, o acto converteuse nun espazo de diálogo sobre a realidade do deporte feminino.

Dezaioito historias para inspirar ás novas xeracións

Adiaratou Iglesias converteuse nunha das grandes referencias do atletismo adaptado tras unha traxectoria marcada pola superación. Nacida en Mali e chegada a España sendo nena, descubriu o atletismo case por casualidade e consolidou a súa carreira en Lugo da man da súa nai de acollida e do seu adestrador. A pesar de comezar a competir aos 14 anos, acadou grandes éxitos como un ouro e unha prata nos Xogos Paralímpicos de Tokio. Na actualidade compaxina o deporte cos estudos de Educación Infantil e o traballo con nenos, mantendo a ilusión por seguir medrando.

Noa López consolidouse como unha das promesas do baloncesto galego tras unha traxectoria iniciada no CB Sarria e continuada en clubs como Estudiantes de Lugo e Costa Ártabra antes de incorporarse ao Ensino en categoría infantil. Internacional coa selección galega e convocada tamén coa española en torneos como os de Íscar e Abu Dhabi, debutou con só 16 anos co primeiro equipo na Liga Endesa. Estudará Ciencias do Deporte nos Estados Unidos cunha bolsa deportiva.

Laura Álvarez e Uxía Folgueira representan o presente e o futuro dos deportes de combate en Lugo grazas ás súas destacadas traxectorias no taekwondo e no karate. Laura, que comezou a practicar taekwondo aos sete anos, acumula varias medallas europeas e un destacado resultado no Mundial de 2022, ao tempo que compaxina a alta competición cos estudos de Medicina. Pola súa banda, Uxía iniciouse no karate con catro anos e converteuse na primeira ka-

rateca galega en lograr tres medallas internacionais en kata individual, ademais de proclamarse subcampea de Europa por equipos.

Carmen Carballada, natural de Monforte, consolídase como unha das promesas do fútbol feminino galego nas filas do Deportivo. Tras iniciarse no fútbol sendo unha nena e formarse entre o Monforte e o Calasancio, con apenas 16 anos trasladouse á Coruña para incorporarse ao filial deportivista e entrar na dinámica do primeiro equipo. Internacional nas categorías inferiores da selección española e debutante en Primeira División, compaxina a súa carreira deportiva cos estudos de Psicoloxía e non descarta formarse como adestradora. A futbolista destaca o fútbol como unha escola de vida que lle inculcou disciplina e constancia, aínda que tamén recoñece as renuncias persoais e as lesións.

Sandra Pumares, Silvia Rubal, Verónica García e Area Loureiro representan distintas xeracións e etapas do fútbol sala feminino galego, desde os primeiros pasos na base ata a elite. Todas elas compaxinan a competición cos estudos ou a formación, destacan a importancia do apoio familiar e lembran fitos como defender a selección galega, conquistar títulos, lograr ascensos ou competir en Primeira División.

Con só 23 anos, **Elena López**, veciña de Samos, converteuse nunha das grandes referencias do motociclismo feminino galego tras proclamarse campioa da Liga Galega de Enduro e XC, conquistar por tres anos con-

secutivos o Campionato Galego de Cross Country e ser subcampea de España. A súa carreira comezou en 2022 case por casualidade, cando participou nunha proba coa moto do seu pai. Desde entón, superou incluso unha importante lesión para seguir progresando nun deporte que compaxina coa súa formación en mecánica e no que xa prepara novos retos.

As irmás **Sofía e Inés Mourenza** converteron a súa afección pola natación nunha brillante traxectoria deportiva. Integrantes do Club Natación PortaMiñá, ambas destacan no panorama estatal tras anos de esforzo e disciplina, con Inés sobresaíndo nas augas abertas e Sofía en probas de piscina. Compaxinan adestramentos de alta exigencia cos seus estudos universitarios e atopan no apoio mutuo unha das claves do seu éxito. A súa historia exemplifica como a constancia e o traballo en equipo poden levar á elite da natación galega.



A lucense **Tania Fernández** consolidouse como unha das principais figuras do piragüismo de maratón tras unha carreira iniciada no Club Fluvial de Lugo e marcada por destacados éxitos internacionais. No seu palmarés figuran dous ouro, tres pratas e un bronce en campionatos do mundo, ademais dunha prata e un bronce europeos. Compaxina os adestramentos coa súa profesión como fisioterapeuta e coa formación para ser docente, demostrando que a constancia e a paixón polo deporte poden ir da man dunha intensa vida profesional.

Olivia Mon, nada en Lugo, semella unha das grandes promesas do squash galego tras proclamarse campioa galega en varias ocasións, campioa de España sub-17 e internacional coa selección española. Despois de superar unha grave lesión que a mantivo un ano afastada das pistas, regresou á competición con novos éxitos e prepara o salto á categoría absoluta. Compaxina os estudos de

Educación Social cos adestramentos e continúa traballando para abrirse camiño na elite con disciplina e constancia.

Outra lucense que promete moitas máis éxitos é a triatleta **Elsa Pena**, grazas aos seus éxitos en triatlón cross e acuatlón, con títulos nacionais, unha prata europea e un bronce mundial. Integrante do Cidade de Lugo Fluvial, compaxina o deporte de alto nivel cos estudos universitarios para ser profesora e continúa medrando coa vista posta na elite internacional, apoiada pola súa familia e o seu equipo técnico.

As xogadoras do Emevé **Clara Carreira e Olalla González** representan o éxito da canteira lucense no voleibol de elite. Formadas no club, ambas deron o salto á Superliga tras destacar nas categorías de base e compaxinan a máxima competición cos seus estudos universitarios. Cunha traxectoria marcada polo esforzo, o compromiso e os éxitos co Emevé e coas seleccións galega e española, son dúas das grandes referencias do voleibol feminino na provincia.

A monfortina **Alisa Urdaneta** está considerada unha das promesas da ximnasia artística galega grazas á súa constancia e progresión nas categorías de base. Campioa galega en Promoción e Prebase, logrou clasificarse para o Campionato Nacional, onde continúa medrando nun deporte que compaxina cos estudos. Con só 16 anos, afronta o seu segundo Nacional coa ilusión de seguir mellorando e co obxectivo de manterse vinculada ao deporte no futuro.

A Copa de fútbol Concello de Xermade reunirá aos catro equipos locais

O fútbol afeccionado volverá ser protagonista no concello de Xermade durante o mes de agosto coa celebración da Copa Concello de Xermade – XIV Trofeo Manuel González Fernández, un torneo que reunirá aos catro clubs do municipio nunha nova edición desta competición estival.

O campionato arrancará o sábado 8 de agosto ás 18.30 horas no campo de Roupar, onde a Sociedade Deportiva Roupar exercerá de anfitrión no encontro fronte á SD Cazás. A segunda semifinal disputarase ao día seguinte, o domingo 9 de agosto, tamén ás 18.30 horas, no campo de Cabreiros, e enfrontará á SD Cabreiros coa SD Xermade.

Os equipos que non consigan acceder á final xogarán o partido polo

terceiro e cuarto posto o sábado 15 de agosto, ás 18.30 horas, no campo de Cazás. Pola súa banda, a gran final celebrarase o domingo 16 de agosto, tamén ás 18.30 horas, no campo de Xermade, onde se coñecerá o campión desta décimo cuarta edición.

A competición está organizada polo Concello de Xermade coa colaboración da Deputación de Lugo e a participación dos catro clubs de fútbol do municipio: SD Cazás, SD Roupar, SD Xermade e SD Cabreiros.

O torneo volve presentarse como unha cita destacada do verán deportivo no municipio, favorecendo a convivencia entre clubs, xogadores e afeccionados, ademais de servir como preparación para o inicio da nova tempada futbolística.

Sergio Portela e Ernesto Xosé Paz liderarán o novo proxecto do CD As Pontes

O CD As Pontes xa ten definida boa parte da súa planificación para a tempada 2026/27 en Segunda Futgal. Á fronte do novo proxecto estará Sergio Portela, técnico ferrolán de 49 anos que asumirá o cargo de primeiro adestrador tras o seu paso por entidades como o C.D. Narón e o Eume Deportivo. A súa man dereita será Ernesto Xosé Paz, tamén natural de Ferrol e de 47 anos, con experiencia en clubs como Imperator OAR, Oza Juvenil S.D. e Spórting Cambre. A directiva confía nesta nova dupla para liderar unha etapa na que o equipo buscará consolidarse e seguir medrando na categoría.

No capítulo de incorporacións, o club reforzou varias liñas do equipo con futbolistas contrastados e con xogadores procedentes da canteira. Entre as novidades destaca a chegada de Diego Rey, mediapunta de 25 anos con experiencia en equipos como o C.C.R.D. Perlío e o Galicia de Caranza. Tamén regresa á entidade Alex Riobó, un defensa chamado a achegar experiencia, liderado e orde táctica. Outro dos retornos destaca-

dos é o de Chema Franco, centrocampista formado na canteira azul que volve á súa casa.

A aposta pola base tamén queda patente coa promoción de varios xogadores do equipo xuvenil. Alex Leal dará o salto ao primeiro equipo para achegar contundencia e fortaleza no xogo aéreo, mentres que Diego Lozano reforzará o centro do campo coa súa potencia física e capacidade de creación. Pola súa parte, Xalo Rodríguez converterase nunha das opcións para a portería tras completar a súa formación nas categorías inferiores.

Xunto ás novas incorporacións, a entidade asegurou a continuidade de Samuel Seco, Luis Molina, Xandre Fernández, Khalilou Kebe, Carlos Villasuso, Anxo Blanco, David Cendán, Bruno Picos, Alejandro López "Jandro" e Xael Purriños, xogadores que achegarán experiencia, estabilidade e coñecemento do proxecto.

Pola contra, as baixas son as de Mario Regueiro, Israel Varela, David Otero, Hugo Guizán, Elías Otero, Sergio Cabarcos, Alain Paz e Hugo Blanco.

EN BREVE



BEGONTE FS. O equipo A de Christian proclamouse campión do torneo de fútbol sala de Begonte. O conxunto Santa Isabel Pool Bar acadou o subcampeonato, mentres que Estoupapozas rematou na terceira posición e La Banda del Maestro ocupou o cuarto posto da clasificación final.

BALONCESTO 3X3. A vila de Meira converterase o 15 de agosto no punto de encontro para os afeccionados ao baloncesto coa celebración dunha nova edición do Torneo NaturLeite 3x3 Vila de Meira, unha cita que reunirá equipos de diferentes idades e categorías a partir das 18.00 horas. A competición contará con categorías Premini, Mini, Infantil e Cadete, todas elas en formato mixto, ademais de Sénior masculino/mixto e Sénior feminino.



OUTEIRO DE REI. O Fonte dos Ranchos alzouse co título de campión do torneo de Fútbol Sala de Outeiro de Rei. O subcampeonato foi para Festas Teixeira, mentres que Horta Outeiro acadou a terceira posición. O conxunto Santa Isabel Pool Bar completou os postos de honra coa cuarta praza.

PÁDEL. O Concello de Begonte continúa coa programación deportiva e cultural de verán coa celebración do VI Torneo de Pádel que terá lugar os días 28, 29 e 30 de agosto. Establécese a categoría libre (masculina, feminina ou mixta) e a organización ten un welcome pack de agasallos, seguro de accidentes, bolas a cargo da organización e reparto de augas.



FÚTBOL GAÉLICO. A Asociación Galega de Fútbol Gaélico (AGFG) regresa orgullosa do conseguido polos catro equipos que representaron a Galicia nos World Games 2026: dos catro conxuntos participantes, tres acadaron trofeo. A competición tivo lugar na localidade irlandesa de Waterford e Galicia foi con catro seleccións (dúas femininas, e dúas masculinas, cunha representación de Friol) a esta cita, na que participaron equipos dos cinco continentes.

Convocadas as bolsas para deportistas individuais

A Xunta de Goberno aprobou este venres a resolución provisional da convocatoria de axudas a deportistas individuais da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, que conta cun orzamento total de 150.000 euros. Máis de 330 deportistas da provincia recibirán as bolsas, que oscilan entre os 300 e os 2.500 euros, e que pretenden recoñecer e apoiar a súa participación en competicións federadas sobre todo nas categorías de base.

O vicepresidente da Deputación Efrén Castro explicou que "a convocatoria trata de responder sobre todo ás necesidades de deportistas en etapas de formación, contribuíndo a colaborar nuns gastos que atenden fundamentalmente as familias, desde licenzas ou inscricións en competicións ata transporte ou material deportivo" e destacou que "a resolución é un reflexo do gran nivel competitivo de deportistas lucenses, con excelentes resultados nas súas participacións en probas tanto de nivel galego como internacional".

As contías asígnanse en función dos resultados deportivos acadados en probas e campionatos en cada nivel de competición, desde campionatos provinciais ata europeos e mundiais, ao longo de 2025.

O CB As Pontes abre as inscricións para a XVII edición do seu Campus de Verán

O Club Baloncesto As Pontes xa ten abertas as inscricións para a XVII edición do seu Campus de Verán, unha actividade dirixida a nenos, nenas e mocidade que combina a práctica do baloncesto con actividades ao aire libre, piscina, xogos e outras propostas de lecer durante as vacacións estivais.

O campus desenvolverase entre o 31 de agosto e o 4 de setembro, en horario de 10.00 a 18.00 horas, e está destinado a participantes de entre 8 e 18 anos.

Como principal novidade desta edición, a organización incorpora un grupo específico para os máis pequenos, destinado a nenos e nenas de entre 5 e 7 anos. Neste caso, as actividades celebraranse en horario de 10.30 a 13.30 horas.

DE RUTA EN RUTA

Xove: ruta dos muíños e das fadas

Sendeiro polo carón do río Regueira, no que se poden ver diversos elementos hidráulicos e casiñas de gnomos

A ruta dos muíños atópase na parroquia da Rigueira, e é un paseo fluvial de ida e volta que percorre a beira do río homónimo ao longo de aproximadamente 7 quilómetros. O tempo empregado para realizala é de case dúas horas e cun grao de dificultade é escaso dado o suave desnivel do seu percorrido.

Esta ruta pode comezar no lugar de Regosangüento ata a igrexa parroquial de San Miguel da Rigueira, no lugar da Ponte do Carro. O sendeiro mide aproximadamente metro e medio de ancho e está composto de terra. No transcurso desta ruta, os paseantes atoparán nove pontes de pedra e oito de madeira, ademais dunha gran cantidade de muíños.

Así, hai un total de nove muíños hidráulicos de rodicio horizontal (roda motriz horizontal) que, de norte a sur se denominan: Muíño de Abad, do Concheiro, de Gervasio, de Penacurva, de Canaledo, de Villarquide, de Fabás, de Meixide e Muíño Municipal.

Os muíños presentaban diferen-

tes modalidades como son os de parceiros, os cales pertencían a varios veciños que adquirían o seu dereito ao uso participando economicamente na súa construción e mantemento; e habíaos particulares, onde o propietario podía moer para outros a cambio dunha porcentaxe (maquía) da moenda. O muíño é importante na cultura de Xove porque foi un centro privilexiado para as relacións sociais do pobo, e transformouse nunha fonte inesgotable de cantigas, refráns e contos.

Ao carón desta ruta fluvial atópase tamén a ruta das Fadas, na que se agochan nos troncos dalgúns árbores, unha serie de portas de acceso ás casiñas das fadas e dos trasnos.

Esta é unha ruta que se atopa no percorrido da Ruta dos Muíños, na parroquia da Rigueira, ao longo dun quilómetro de distancia entre os muíños de Abad e do Concheiro.

A brillante idea, que xurdiu dunha iniciativa privada, que fomenta a imaxinación dos máis pequenos, ademais de ofrecerlles a posibilidade de aprender que na natureza

viven outros seres á parte dos humanos, polo que debemos facer o posible en conservala. É unha forma estupenda de facer depor-

te paseando pola contorna do río Rigueira e de aprender e educar ás futuras xeracións en valores medioambientais.

É unha fermosa ruta sobre todo na tempada de primavera pois a contorna fai que os visitantes se mergullen na natureza.



DATOS



2 horas



8 quilómetros



Dificultade fácil



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

Cursos y Certificados

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



GRUPO FORMAT
formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05